

# **ESTRATEGIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA**

**2014-2020**

**XUNTA DE GALICIA**

**Xunta de Galicia**

Consellería de Política Social

Dirección Xeral de Inclusión Social

*Santiago de Compostela, xuño de 2016*

A primeira edición do documento da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 data de decembro de 2014. Esta nova versión incorpora unha nova medida, relativa á acollida das persoas refuxiadas, e introduce actualizacións nas denominacións das consellerías e dos órganos directivos da Xunta de Galicia. Así mesmo, incorpora melloras na redacción e axustes na relación de axentes implicados no desenvolvemento dos obxectivos.

## ÍNDICE

<b>1.</b>	<b>INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>7</b>
<b>2.</b>	<b>MARCO ESTRATÉXICO: REFERENTES NO CONTEXTO EUROPEO E ESTATAL. POLÍTICAS DE INCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA .....</b>	<b>11</b>
<b>3.</b>	<b>A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA.....</b>	<b>16</b>
	O INDICADOR AROPE.....	16
	INGRESOS .....	23
	DESIGUALDADE .....	25
	TAXA DE RISCO DE POBREZA .....	27
	POBREZA INFANTIL EN GALICIA.....	31
	A CUESTIÓN DEMOGRÁFICA.....	33
<b>4.</b>	<b>AVALIACIÓN DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL 2007-2013.....</b>	<b>37</b>
4.1.	RESULTADOS DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL.....	38
4.2.	ANÁLISE DAFO DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL .....	42
4.3.	CONCLUSIÓN.....	44
<b>5.</b>	<b>PERSOAS E GRUPOS DESTINATARIOS.....</b>	<b>45</b>
<b>6.</b>	<b>DESENVOLVEMENTO TEMPORAL E VIXENCIA .....</b>	<b>46</b>
<b>7.</b>	<b>PRIORIDADES E OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020 .....</b>	<b>47</b>
7.1.	PRIORIDADES TRANSVERSAIS NA INCLUSIÓN SOCIAL.....	48
7.1.1.	PREVIR A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL.....	49
7.1.2.	LOITAR CONTRA A POBREZA INFANTIL .....	51
7.1.3.	CONSOLIDAR E MELLORAR PROCESOS DE COORDINACIÓN E PARTICIPACIÓN .....	53
7.1.4.	PROMOVER E FACILITAR A PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL ..	57
7.1.5.	ABORDAR E REDUCIR AS CONSECUENCIAS DA EXCLUSIÓN TERRITORIAL .....	58
7.1.6.	PROMOVER A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.....	60
7.1.7.	XERAR O COÑECEMENTO SOBRE A INCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA E DIFUNDIR A ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA.....	63
7.1.8.	PROMOVER A INCLUSIÓN DIXITAL DAS PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL E O USO DAS TICS NA INTERVENCIÓN A PROL DA INCLUSIÓN SOCIAL.....	65

<b>7.2. PRIORIDADES SECTORIAIS .....</b>	<b>67</b>
7.2.1. FOMENTAR UNHA INTERVENCIÓN DE CALIDADE DOS SERVIZOS SOCIAIS NA PREVENCIÓN E ABORDAXE INTEGRAL DAS SITUACIÓN PERSOAIS E FAMILIARES DE POBREZA, VULNERABILIDADE E EXCLUSIÓN SOCIAL .....	68
7.2.2. ATENDER DE XEITO ESPECÍFICO E COMPLEMENTARIO OS FACTORES DE EXCLUSIÓN SOCIAL QUE PRESENTAN DETERMINADAS PERSOAS OU GRUPOS VULNERABLES PARA ACADAR A SÚA PLENA INCLUSIÓN SOCIAL .....	73
7.2.3. GARANTIR UNS INGRESOS MÍNIMOS VINCULADOS Á ACTIVACIÓN SOCIOLABORAL ..	81
7.2.4. FAVERECER A INSERCIÓN LABORAL NUN MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO .....	83
7.2.5. PROMOVER O ACCESO Á EDUCACIÓN E Á FORMACIÓN PREVINDO O FRACASO ESCOLAR E AUMENTANDO OS NIVEIS DE COMPETENCIAS .....	89
7.2.6. PROMOVER A INCLUSIÓN SOCIAL E A EMPREGABILIDADE MEDIANTE ESTRATEGIAS DE CUALIFICACIÓN A TRAVÉS DE RECURSOS EDUCATIVOS E DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E DA APRENDIZAXE PERMANENTE .....	92
7.2.7. FAVERECER A INCLUSIÓN SOCIAL A TRAVÉS DA ATENCIÓN E DO COIDADO DA SAÚDE.	95
7.2.8. MELLORAR O ACCESO Á VIVENDA COMO ASPECTO CLAVE NA INCLUSIÓN SOCIAL....	99
<b>8. METODOLOXÍA DE TRABALLO: ACCIÓNS POSITIVAS EN FAVOR DE PERSOAS, GRUPOS E TERRITORIOS VULNERABLES .....</b>	<b>102</b>
<b>8.1. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN ESPECÍFICA ORIENTADOS A ABORDAR DETERMINADOS FACTORES DE VULNERABILIDADE .....</b>	<b>102</b>
PERSOAS DA COMUNIDADE XITANA .....	102
PERSOAS SEN FOGAR E SITUACIÓN DE EMERXENCIA E POBREZA SEVERA .....	104
PERSOAS EN RISCO DE DESAFIUZAMENTO .....	105
PERSOAS RECLUSAS.....	106
PERSOAS CON DISCAPACIDADE.....	107
PERSOAS CON TRASTORNOS ADITIVOS.....	108
<b>8.2. PROGRAMAS INTEGRAIS DE INCLUSIÓN CON ENFOQUE TERRITORIAL .....</b>	<b>108</b>
<b>8.3. PROGRAMAS DE FOMENTO DA COLABORACIÓN DA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIVADA NOS OBXECTIVOS DE INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS DESTINATARIAS DA EIS.....</b>	<b>109</b>
<b>8.4. DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS EXPERIMENTAIS E PROXECTOS DE CARÁCTER PILOTO PARA A INCLUSIÓN SOCIAL.....</b>	<b>110</b>
<b>9. ESTRUTURA OPERATIVA E ORGANIZACIÓN DA ESTRATEGIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020.....</b>	<b>111</b>

9.1.	IMPLANTACIÓN .....	111
9.2.	ESTRUCTURA BÁSICA E ORGANIZACIÓN .....	112
	DIRECCIÓN E COORDINACIÓN TÉCNICA .....	112
	EQUIPOS E UNIDADES TÉCNICAS DE INTERVENCIÓN SOCIOLABORAL .....	112
	AXENTES IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO .....	115
10.	AVALIACIÓN DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020 .....	116
11.	ANEXOS .....	118
11.1.	ESTRATEXIA SECTORIAL DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA EN GALICIA 2014-2020 .....	118
1.	INTRODUCCIÓN .....	122
1.1.	FUNDAMENTOS DA ESTRATEXIA .....	122
1.2.	REFERENTES EUROPEOS E ESTATAIS DA INTERVENCIÓN CON POBOACIÓN XITANA ....	123
1.3.	A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA EN GALICIA .....	127
2.	A COMUNIDADE XITANA EN GALICIA.....	129
3.	OBXECTIVOS PRIORITARIOS.....	131
	OBXECTIVO XERAL .....	131
	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS .....	131
4.	ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN E MEDIDAS.....	132
4.1.	EDUCACIÓN .....	132
4.2.	VIVENDA .....	138
4.3.	SAÚDE .....	143
4.4.	EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA.....	147
4.5.	SERVIZOS SOCIAIS .....	152
4.6.	PARTICIPACIÓN E IMAXE SOCIAIS.....	156
5.	ASPECTOS TRANSVERSAIS .....	160
6.	METODOLOXÍA .....	162
7.	SEGUIMENTO E AVALIACIÓN .....	164
8.	BIBLIOGRAFÍA.....	167
11.2.	INDICADORES MACRO DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020.	169

11.3. CADRO FINANCEIRO .....	176
12. BIBLIOGRAFÍA .....	177

## 1. INTRODUCCIÓN

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 constitúe un novo e reforzado marco integrado de intervencións orientadas a responder de xeito efectivo e coordinado ás situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social, e procurar os apoios precisos para que as súas persoas destinatarias acaden a súa inclusión social e laboral.

Este documento é a resposta á necesidade de planificación a medio prazo das políticas de inclusión social da Xunta de Galicia, e o fai definindo as súas prioridades, obxectivos e medidas para o período 2014-2020. Esta planificación susténtase nas reflexións e análises dunha base informativa constituída, entre outros, pola información recabada no proceso de avaliación do II Plan Galego de Inclusión Social, da participación en grupos de traballo de cooperación nos diferentes niveis de Administración e do corpo documental das institucións da Unión Europea en relación coas Directivas, Recomendacións e Comunicacións da materia relacionada coa Estratexia 2020 e, más en concreto, co contido da súa iniciativa emblemática Plataforma de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social

Por outra banda, o documento da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 cumple coa necesidade de operativizar o establecido na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e va máis alá integrando medidas todas orientadas a responder de xeito efectivo na loita contra a pobreza e a exclusión social. Ademais, a súa formulación favorece o seu encaixe no Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, no seu Obxectivo Temático 9 "*Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación*".

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 foi deseñada pola Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión da extinta Consellería de Traballo e Benestar. Actualmente as competencias en materia de servizos sociais corresponden á Consellería de Política Social<sup>1</sup>, cuxa estrutura orgánica está establecida polo Decreto 176/2015, de 3 de decembro, de acordo coa cal faise referencia nesta edición da EIS. Neste proceso integráronse todos os departamentos do Goberno autonómico e contouse, ademais, coa participación das entidades locais, os colexios profesionais e os/as axentes e entidades de iniciativa social.

---

<sup>1</sup> Nesta edición da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 as referencias feitas ás consellerías e os seus órganos de dirección axústanse ao Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia aprobada polo Decreto 227/2012, do 2 de decembro, e ao Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías

Para abordar o seu obxectivo xeral, a EIS Galicia 2014-2020 adopta o enfoque da inclusión activa promovido desde as institucións comunitarias<sup>2</sup>, o cal se sustenta en tres eixes: nas políticas activas favorecedoras dun mercado laboral máis inclusivo cara as persoas con maiores dificultades de acceso; na garantía duns ingresos mínimos; e no acceso a uns servizos de calidade, para a abordaxe multidimensional do fenómeno da pobreza e a exclusión social (servizos sociais, educación, sanidade, vivenda, etc.). Este enfoque compleméntase dun xeito importante dando un énfase especial aos procesos vinculados á inclusión social das persoas destinatarias, como obxectivo de traballo previo ou simultáneo á súa inserción laboral.

Para o fomento da Inclusión social activa nos diferentes ámbitos, a EIS Galicia 2014-2020 está vertebrada por 16 prioridades: oito transversais e oito sectoriais. Así como as primeiras adquieren unha relevancia común a todos os seus obxectivos, as segundas fan referencia a ámbitos clave da intervención na loita contra a pobreza e a exclusión social. Así mesmo, conta cun total de 56 obxectivos específicos e 318<sup>3</sup> medidas.

Tras este apartado introdutorio, se presenta, no apartado segundo, unha breve descripción dos referentes que, nos distintos niveis -comunitario, estatal ou autonómico-, constitúen o marco de desenvolvemento da Estratexia ou que serven de orientación aos contidos e metodoloxía que a integran.

A continuación, o terceiro apartado do documento ofrece unha aproximación á situación da pobreza e a exclusión social en Galicia abordando os tres factores cuxa medición se integra no indicador complexo AROPE (*At Risk of Poverty and/or Exclusion*), deseñado no marco da Estratexia 2020 para posibilitar o seguimento no progreso respecto do seus obxectivos e, en concreto, do relacionado coa redución da pobreza. Estas tres cuestións son: pobreza monetaria, privación material e baixa intensidade laboral. Así mesmo, nesta sección inclúense datos relativos á pobreza infantil en Galicia e outros relacionados coa cuestión demográfica.

A avaliación do II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013 é obxecto de abordaxe no apartado cuarto do documento da Estratexia. O proceso de avaliación final concretouse na presentación dunha análise das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades cuxos resultados se presentan aquí. As conclusións e recomendacións derivadas deste proceso, foron consideradas como liñas de traballo na formulación da Estratexia de Inclusión Social de Galicia.

O apartado quinto está referido ás persoas destinatarias da EIS Galicia 2014-2020. Nel se relacionan os factores de vulnerabilidade sobre os que a Estratexia traballará a través dos seus

---

<sup>2</sup> Recomendación da Comisión Europea, de 3 de outubro de 2008, sobre a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral

<sup>3</sup> Este novo total inclúe a medida incorporada nesta nova versión do documento, relativa á acollida de persoas refuxiadas en Galicia (páxina 74), a cal forma parte do Plan Operativo de Inclusión Social 2015-2016

obxectivos e medidas comprendidas no apartado séptimo durante o seu período de vixencia, definido no capítulo sexto.

O capítulo séptimo, o máis extenso, recolle as prioridades transversais e sectoriais cos seus correspondentes obxectivos e medidas cuxo desenvolvemento está previsto para o período 2014-2020.

#### *Prioridades transversais*

Tendo en conta o impacto social que a actual conxuntura económica está a ter nas persoas e familias, a Estratexia dá un maior peso á función preventiva. Tamén inclúe como prioridade a loita contra a pobreza infantil, aplicando novos enfoques e metodoloxías na intervención con persoas e familias, co obxecto de evitar a transmisión da pobreza entre xeracións. Co fin de promover a calidade de vida das persoas e oportunidades nos territorios más afectados polos efectos da crise demográfica e os desequilibrios territoriais, tamén aborda as consecuencias da exclusión territorial.

Ademais das cuestións prioritarias anteriores, a Estratexia outorga esa importancia á de xerar o coñecemento sobre a inclusión social e a de promover a inclusión dixital das persoas en situación de risco ou exclusión e o uso das TIC na intervención a prol da inclusión social. Por outra banda, mantense como prioridades transversais algunas das que xa tiñan ese carácter no II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013, como as de promover a participación das entidades de iniciativa social, consolidar e mellorar os procesos de coordinación, e promover a igualdade entre homes e mulleres.

#### *Prioridades sectoriais*

Debido a que son de múltiples dimensións os factores determinantes destas situacíons xa non se cuestiona que cómpre desenvolver políticas integradas entre os ámbitos de emprego, educación, sanidade, vivenda, etc. A articulación dos servizos públicos enmarcados dentro deles constitúe un elemento clave na mellora do seu acceso para as persoas que máis apoio precisan. Nesta clave se traballou na formulación da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 que orienta cara ela as súas prioridades sectoriais, cun marcado enfoque baseado na inclusión social activa. Deste xeito, establecense como prioritarias as accións dirixidas a: garantir uns ingresos mínimos vinculados á activación sociolaboral, favorecer a inserción laboral nun mercado de traballo inclusivo, e promover a inclusión social a través do acceso aos recursos e servizos das áreas clave na inclusión social, tales como servizos sociais, educación, saúde e vivenda.

A metodoloxía de intervención coas persoas destinatarias, adopta na Estratexia as posibilidades de ampliar o enfoque individual a unha perspectiva familiar cando as situacíons de privación material moderada e severa o requiran, especialmente nos casos de familias con menores e nas que se rexistre unha baixa intensidade laboral.

Desde a Estratexia promoverase a adaptación das políticas activas de emprego ás necesidades específicas das persoas en situación de risco ou exclusión social, en aras a favorecer o seu acceso ao mercado laboral. De xeito paralelo, traballaranse no acompañamento social e na oferta de apoios que faciliten a participación nos proxectos de inserción sociolaboral das persoas destinatarias, especialmente daquelas con responsabilidades familiares e con redes de apoio social precarias.

Por outra banda, as intervencións no ámbito educativo centraranse no reforzo da escolarización e atención temprá, o acceso a medidas de reforzo escolar ás persoas menores que o precisen e o desenvolvemento de fórmulas de cualificación que combinen formación ao longo da vida co acceso ás certificacións profesionais. No ámbito da vivenda, desenvolveranse obxectivos e medidas orientadas especialmente ás persoas e familias en situación de carencia, insecuridade ou inadecuación na vivenda, promovendo o seu acceso (aumentando recursos de aloxamento transitorio) e vinculándoo con proxectos de índole persoal e/ou familiar que inclúan accións integrais dirixidas a promover a súa autonomía e inclusión sociolaboral, nos casos que así se precise. No ámbito da saúde promoverase o acceso á prevención e atención sanitaria, reforzando a coordinación e interacción entre os servizos sanitarios e os servizos sociais, ademais da integración dos colectivos con especiais necesidades.

A Estratexia prevé medidas de atención específica e accións positiva para a intervención sobre os factores de vulnerabilidade que sitúan as súas persoas destinatarias en desvantaxe que, se ben están incluídas nos obxectivos e medidas do apartado séptimo, é no seguinte apartado onde se amplía a información sobre a súa abordaxe. Entre as medidas específicas que se relacionan, destaca as destinadas a favorecer a inclusión social da poboación xitana en Galicia, comprendidas na Estratexia sectorial que, para a intervención na situación deste grupo de poboación, se deseña e pon en marcha no marco da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020. O documento da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana en Galicia recóllese no anexo I do documento.

A estrutura operativa e a forma de organización da Estratexia é obxecto do apartado noneno do documento. A implantación da EIS Galicia 2014-2020 realizarase a través de tres Plans Operativos de Inclusión Social. Sobre eles, os seus eixos vertebradores e os axentes implicados, ofrece información esta sección.

O décimo e último apartado centra a información no seguimento e avaliación da Estratexia, cuxos indicadores básicos están comprendidos no Anexo II do documento.

## 2. MARCO ESTRATÉXICO: REFERENTES NO CONTEXTO EUROPEO E ESTATAL. POLÍTICAS DE INCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA

### Referencias ao marco Comunitario

Se ben a loita contra a pobreza e a inclusión social constituíu de sempre un obxectivo importante nas políticas da Unión Europea, a súa progresiva relevancia fixose especialmente notable nos últimos 15 anos. Neste período a inclusión social vén sendo obxecto de preocupación e de abordaxe a este nivel a través das sucesivas recomendacións, comunicacións e orientacións das súas institucións cara os Estados membros e as súas Rexións, á par que se ten producido un aumento e especialización dos instrumentos financeiros que desde instancias europeas se habilitan para loitar contra a pobreza e a exclusión social. De xeito concreto, a inclusión social e nomeadamente a inclusión activa consolídase como prioridade durante o período de desenvolvemento do II Plan Galego de Inclusión Social (2007-2013), no cal a Unión Europea puxo en marcha numerosas estratexias orientadas a reducir o número de persoas en situación de vulnerabilidade en Europa.

Mediante a Comunicación *Un compromiso renovado en favor da Europa social: reforzar o método abierto de coordinación no ámbito da protección social e a inclusión social*<sup>4</sup>, no 2008 a Comisión reforzou o método para apoiar a aplicación e coordinación das políticas sociais dos Estados membros. Ademais, como recomenda a Comisión Europea<sup>5</sup>, deben aplicar unha estratexia global integrada para a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral na que se combinan un apoio á renda adecuado, uns mercados de traballo inclusivos e o acceso a uns servizos de calidade.

Neste mesmo ano, a Comisión Europea publica a Recomendación 2008/867/CE, sobre a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral. As medidas comprendidas no marco da inclusión activa debían enmarcarse nos obxectivos de cohesión social da Estratexia de Lisboa, aprobada polo Consello Europeo nesa cidade no ano 2000. Formuláronse co obxectivo de mellorar a eficacia das políticas de inclusión social nos Estados membros, aos que a Comisión insta, a través deste documento, a combinar de forma adecuada un apoio á renda axeitado, uns mercados laborais inclusivos e o acceso a uns servizos de calidade, e aplicarlos de maneira integrada; e a coordinar as políticas en materia de inclusión entre as autoridades locais, rexionais, estatais e europeas. Segundo indica a Comisión no dito texto, “*as accións*

---

<sup>4</sup> [COM(2008) 418 final - non publicada no Diario Oficial. Un compromiso renovado a prol da Europa social: reforzar o método abierto de coordinación no ámbito da protección social e a inclusión social]

<sup>5</sup> Recomendación da Comisión sobre a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral [notificada co nº C(2008) 5737] (2008/867/CE), e COM(2008) 639 final relativa a unha Recomendación da Comisión sobre a inclusión activa das persoas excluídas do mercado laboral

*deberían respaldar o emprego das persoas capaces de traballar, proporcionándolle os recursos precisos para vivir con dignidade, e promover a participación social das persoas que non poden facelo*". Ademais, refire que as políticas de inclusión deberían, entre outros, ter en conta os contextos locais e rexionais e as necesidades específicas dos grupos menos favorecidos e contribuír, así mesmo, a previr a transmisión interxeracional da pobreza.

Tamén no ano 2008, os primeiros impactos sociais do contexto de crise económica e financeira dificultan a consecución dos obxectivos previstos de acadar en 2010 por unha xa renovada Estratexia de Lisboa. Formúllase, entón, a Estratexia Europa 2020<sup>6</sup> para fazer fronte á crise e recuperar a senda do crecemento, esta vez cun marcado carácter intelixente, sustentable e inclusivo. Conforme a Estratexia Europa 2020 foi perfilándose, os Estados membros (EEMM) e as rexións da Unión Europea foron incorporando, a través dos diversos instrumentos (Plans Nacionais de Reforma, Acordos de Asociación, etc.) as súas políticas, recomendacións e orientacións comunitarias dirixidas á consecución dos seus obxectivos.

Tres dos seus cinco obxectivos están relacionados co ámbito da inclusión social:

- ➔ Acadar unha taxa de emprego do 75% das persoas de 20 a 64 anos
- ➔ Rexistrar unhas taxas de abandono escolar prematuro por debaixo do 10%
- ➔ Reducir en 20 millóns o número de persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión social

Para facilitar a medición dos logros acadados en relación a estes obxectivos, a Unión Europea os concretou en obxectivos nacionais, para cada un dos Estados membros. Para España, o obxectivo de redución da pobreza é de 1,4-1,5 millóns de persoas. No ano 2013 no conxunto do Estado había preto de 13 millóns de persoas en situación de vulnerabilidade.

No 2010, Ano Europeo de Loita contra a pobreza e a exclusión social, a Comisión Europea comunicou, en relación á Estratexia Europa 2020, a súa iniciativa emblemática *Plataforma de loita contra a pobreza e a exclusión social: un marco europeo para a cohesión social e territorial*. A plataforma naceu como motor para acadar o seu obxectivo de redución da pobreza e axudar aos países da UE a conseguilo, promover medidas multisectoriais (renda mínima, emprego, sanidade, educación...) e propor innovacións sociais en colaboración coa sociedade civil.

O instrumento financeiro para fazer fronte aos retos da Estratexia Europa 2020 son os Fondos Estruturais y de Investimento Europeos<sup>7</sup>. Cada un destes instrumentos dá prioridade aos temas contemplados nas recomendacións específicas do Consello Europeo e no *Position Paper* da

<sup>6</sup> Comunicación (2010) 2020 Europa 2020. *Unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e inclusivo*

<sup>7</sup> Para o período 2014-2020, España dispón do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE), o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento (FEADER) e o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)

Comisión que ambas autoridades formulaan para cada Estado membro. No seu regulamento común “Promover a inclusión social e loitas contra a pobreza” (art. 9) é un dos seus obxectivos temáticos. Para acceder a eles Estados membros deberon subscribir os correspondentes Acordos de asociación coa Unión Europea e materializaron os seus compromisos nos plans de estabilidade e converxencia (plans plurianuais de reformas sobre débeda e déficit, estratexias fiscais...) e nos plans nacionais de reforma (detallan as medidas e informan sobre os avances dos plans plurianuais). No caso de España, estes documentos constitúen marcos de referencia directa de medidas como o Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social 2013-2016.

Na Comunicación *Cara ao investimento social para o crecemento e a cohesión, incluída a execución do Fondo Social Europeo 2014-2020*<sup>8</sup>, no 2013 a Comisión instou aos Estados membros a axustar mellor as políticas sociais para asegurar que, quen máis o precisen, reciban o apoio adecuado na atención ao coidado da infancia, a educación e a formación, as políticas activas do mercado de traballo, o apoio á vivenda, a rehabilitación e os servizos sanitarios.

Así mesmo, no ano 2013, a Comisión Europea impulsa a abordaxe da pobreza infantil e a transmisión interxeracional da pobreza a través da Plataforma Europea de loita contra a pobreza, no marco da Estratexia Europa 2020. Publica a Recomendación (2013/112/UE) Investir na infancia: romper o ciclo das desvantaxes, na que facilita información aos Estados membros sobre estratexias integradas en tres piáres para combater a pobreza infantil e promover o benestar da infancia. Estes tres piáres clave son o acceso aos recursos adecuados, o acceso a servizos asequibles e de calidade e o dereito dos/as nenos/as a participar na toma das decisións que lles afecten ás súas vidas.

### **Referentes no marco estatal**

De acordo coas orientacións comunitarias e o Acordo de asociación, o *Programa de Estabilidad y Convergencia del Reino de España 2013-2016* establece medidas para corrixir os desequilibrios orzamentarios e favorecer o crecemento, ao tempo que se mantén a cobertura social. Unha das recomendacións da Unión Europea a España está relacionada de xeito específico coa inclusión social e a loita contra a pobreza. Por outra banda, o *Position Paper* sobre España insiste en que se destinen fondos estruturais e de investimento á inclusión social.

O Programa Nacional de Reforma (PNR) 2013 mantivo os obxectivos de redución da pobreza en España en 1,4-1,5 millóns de persoas. Cara este e outros obxectivos da Estratexia Europa 2020 oriéntanse moitas das actuacións comprendidas no Plan de Nacional para a Inclusión Social (PNAIN) 2013-2016. Este marco de planificación a nivel estatal asume as

---

<sup>8</sup> COM(2013) 83 final Hacia la inversión social para el crecimiento y la cohesión, incluida la ejecución del Fondo Social Europeo 2014-2020

Recomendacións Específicas do Consello da Unión Europea para España<sup>99</sup> que, tal e como refire no seu documento, concretamente é a de “*Adoptar e aplicar as medidas precisas para reducir o número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social, reforzando as políticas activas dirixidas ao mercado de traballo co fin de aumentar a empregabilidade das persoas con menor acceso ao mercado de traballo e, mellorando o obxectivo, a adecuación, a eficiencia e a eficacia das medidas de apoio, incluídos os servizos de axuda de calidade ás familias*”.

Xunto ao reforzo da inserción laboral, a través do *Plan Nacional de Acción para la Inclusión Social 2013-2016* estanse a desenvolver medidas para garantir o acceso a outros servizos básicos. O plan integra as políticas de loita contra a pobreza e a exclusión social no ámbito estatal e vertebrase en tres eixes: acadar un mercado de traballo más inclusivo, garantir unhas rendas mínimas que aseguren a cobertura das necesidades básicas, e facilitar o acceso a uns servizos públicos de calidade. De acordo coa estratexia europea, a inclusión activa é o seu piar central e a loita contra a pobreza infantil é unha das súas prioridades. O desenvolvemento das accións comprendidas no documento do PNAIN 2013-2016 poderá apoiarse nos fondos estruturais e de investimento aos instrumentos financeiros para o desenvolvemento.

Por outra banda, constitúe un dos principais referentes para a Estratexia de Inclusión Social de Galicia e, de xeito concreto para a Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana en Galicia 2014-2020, a Estratexia Nacional para a inclusión social da poboación xitana (2012-2020) promovida polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade. A EIS Galicia 2014-2020 incorporará, así mesmo, como referentes novas estratexias de carácter sectorial, como a de persoas sen fogar, que a este nivel se formulen e desenvolvan no marco do Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social.

### **Referentes no nível autonómico**

Tras a Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, a Lei 10/2013 de inclusión social de Galicia constitúe o referente normativo inmediato a nivel rexional para a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020. No deseño da dita Estratexia traballouse de xeito importante no impulso da coordinación efectiva e a colaboración entre o Sistema público de Servizos Sociais e o de Emprego como prioridade transversal.

A Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, deixou asentadas as bases para unha coordinación e traballo conxunto entre o Servizo Público de Emprego e os servizos sociais comunitarios básicos e específicos en Galicia. A EIS Galicia 2014-2020 responde en grande medida á necesidade de avanzar na estratexia coordinada á que se refería a dita lei na súa exposición de motivos, aproveitando, como apuntaba, as sinerxías derivadas do feito de ter integrada nun único departamento da Xunta de Galicia a xestión de ambos os dous sistemas. Non obstante, a

---

<sup>99</sup> Recomendación do Consello relativa ao Programa Nacional de Reformas de 2013 de España e pola que se emite un ditame do Consello sobre o Programa de Estabilidade de España para 2012-2016 COM(2013) 359 final

EIS Galicia 2014-2020 comprende tamén con carácter transversal obxectivos de mellora na coordinación interna dos servizos do Sistema público de Servizos Sociais, tanto a nivel interno da Xunta de Galicia como entre esta e as corporacións locais, que desenvolven os servizos comunitarios básicos.

Máis alá do anterior, unha das referencias máis importantes a constituíu o II Plan Galego de Inclusión Social, que se desenvolveu entre os anos 2007 e 2013 e o seu Plan especial para a convivencia e a integración do pobo xitano en Galicia, que estableceron orientacións e liñas de acción para o período anterior cuxa formulación é de completa actualidade e pertinencia. Ademais, áinda vixente, o Proxecto Symbios- Eixo 4.80 do P.O. FSE Galicia 2007-2013 contribuíu á mellora dunha cuestión tan específica como é a exclusión territorial como factor de vulnerabilidade, que aborda a Estratexia de Inclusión Social de Galicia para o novo período como prioridade transversal.

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia enmárcase no Programa Operativo do Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, no seu obxectivo temático 9 “Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación” e, dentro deste, na prioridade de investimento “A inclusión activa, en particular con vistas a fomentar a igualdade de oportunidades, a participación activa e a mellora da empregabilidade”.

Na preparación do dito Programa Operativo traballouse nunha análise DAFO cuxas conclusións para o obxectivo temático 9 foron consideradas na formulación da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.

OBXECTIVO TEMÁTICO 9. PROMOCIÓN DA INCLUSIÓN SOCIAL E REDUCIÓN DA POBREZA	
Debilidades	Fortalezas
Os niveis de pobreza xuvenil e dos fogares monoparentais con fillos a cargo agraváronse especialmente	A poboación en risco de exclusión social reduciuse no conxunto do territorio galego
Elevada taxa de risco de pobreza na poboación estranxeira residente en Galicia	Taxa de risco de pobreza (respecto de limiar de pobreza) inferior en Galicia 16,5% que en España 21,6% en 2012
A poboación en risco de pobreza sitúase principalmente en áreas próximas ás grandes cidades das provincias de Ourense e Pontevedra	Menor risco de pobreza no grupo de maiores de 65 anos
A renda media por unidade de consumo en Galicia é inferior á media nacional	Valores do Índice de Gini inferiores en Galicia (en 2011 os valores foron: 0,28 Galicia, 0,35 España e 0,31 UE-27)
Descenso medio anual do 1,2% no ingreso medio por fogares desde 2009 a 2012	Prioridade ao gasto social
O ingreso medio por unidade de consumo é inferior ao de España, ainda que se recortaron as diferenzas, pasando do 88,2 da media estatal en 2004 a un 97,2% en 2012	Cambios nas políticas educativas incluíndo o sistema de formación dual, orientado a dar maiores posibilidades de emprego aos grupos menos cualificados e excluídos do mercado de traballo
Progresivo envellecemento da poboación	
Necesidades crecientes para a protección social, para a loita contra a pobreza e a promoción da inclusión	
Desaxustes entre as políticas educativas e as necesidades do mercado de traballo, especialmente más evidentes na formación profesional de primeiro e segundo grao	
Altas taxas de fracaso escolar sen alternativas para as persoas non cualificadas	

Necesidades de mellorar a eficacia e a eficiencia das políticas activas de emprego e risco de que os grupos máis vulnerables queden excluídos	
---	--

Ameazas	Oportunidades
Reto da integración social e económica dos fluxos migratorios	Desenvolvemento de sectores relacionados coa atención a persoas en situación de dependencia
Aumento da taxa de carencia severa da poboación por mor da crise económica e o fin do cobro das prestacións sociais	Creación da <i>European Platform against poverty and Social Exclusion</i>
Crecemento das desigualdades	Existencia de plans para afrontar a temática: Plans de Inclusión Social
Concentración espacial da pobreza, especialmente en zonas urbanas desfavorecidas e en zonas rurais	Estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, Horizonte 2020 O9.5 Lei de inclusión social de Galicia
	Emerxencia de novas iniciativas relacionadas coa economía social e de empresas sociais innovadoras
	Rexeneración de contornas urbanas e rurais física e socialmente degradados
	Crecemento das oportunidades para as iniciativas de emprendimiento e autoemprego

Fonte: Xunta de Galicia. Análise DAFO de Galicia para a elaboración dos POs FEDER e FSE Galicia 2014-2020

A EIS Galicia 2014-2020 vincúlase con outros marcos de programación que desenvolven os diferentes departamentos da Xunta de Galicia e que inciden, de xeito sectorial ou transversal, no fomento da inclusión social activa. Entre as ditas medidas atópanse, o VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015, a Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016 horizonte 2020, o Plan de Emprego Xuvenil 2014-2015, o III Plan Galego de acción voluntaria 2011-2014, o Plan de trastornos aditivos de Galicia 2011-2016 ou a Axenda Dixital de Galicia Horizonte 2020, entre outros.

### 3. A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA

#### O INDICADOR AROPE

O indicador AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*) trátase dun indicador complexo que a Unión Europea dispuxo para medir o impacto dos progresos orientados á consecución dos obxectivos establecidos na Estratexia Europa 2020 e, a través da harmonización de indicadores no marco de EUROSTAT, permitir establecer comparativas entre os Estados Membros. O indicador revela o número de persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social pola confluencia dun ou varios dos seguintes parámetros:

- Viven nunha situación de pobreza relativa en termos de renda, con ingresos inferiores ao 60% da mediana do ingreso equivalente
- Sofren unha situación de privación material severa
- Residen en fogares cunha intensidade do emprego moi baixa ou nula (por debaixo do 0,2)

Segundo revelan os datos do IGE para o ano 2012, case unha de cada catro persoas galegas (o 23,58%) atópase nunha situación ou en risco de pobreza ou exclusión social. Esta taxa está por debaixo da media que se rexistra en España e para o conxunto dos Estados membros da Unión Europea. A taxa de pobreza relativa sitúase tamén por debaixo do total nacional e europeo. A porcentaxe de persoas en fogares con carencia material severa é case dous puntos máis alta en Galicia que en España, non obstante é menor que a da UE-28 en case tres puntos. A baixa intensidade laboral afecta de xeito similar a Galicia e a España, que rexistra unha incidencia de catro puntos máis que o conxunto europeo.


*Taxa de risco de pobreza ou exclusión social. Ano 2012*

	Galicia	España	UE-28
<b>Taxa de risco de pobreza ou exclusión social</b>	<b>23,6</b>	<b>27,3</b>	<b>24,5</b>
Taxa de risco de pobreza	16,4	20,4	16,7
Persoas que viven en fogares con carencia material severa	7,56	5,8	10,2
Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade laboral	13,80	14,2	9,9

Fonte: IGE. Indicadores de cohesión social e Enquisa de Condicións de Vida das Famílias

Os datos do AROPE de 2011 revelaron que ese ano en España un 25,5% da poboación se atopaba en risco de pobreza ou exclusión social. Galicia situábase entón por debaixo desta media, cun 22%, detrás doutras sete Comunidades Autónomas que encabeza a Comunidade Foral de Navarra, onde vivía nesta situación un 9,7% da súa poboación, e supuxo a menor taxa de pobreza e exclusión social do conxunto do Estado. As diferenzas entre rexións son importantes. Nos datos que presenta a táboa seguinte pódese apreciar unha mellor situación da poboación a este respecto nas Comunidades Autónomas da metade Norte de España. A maior taxa de risco por Comunidade Autónoma rexístrase en Estremadura, onde catro de cada dez persoas se atopa nunha situación de vulnerabilidade.

### Taxa AROPE por Comunidades Autónomas. 2012



Fonte: EAPN. Dossier de pobreza de EAPN España. 2014 (Exploración de CEET en base á Enquisa de Condicións de Vida das Familias do INE)

A incidencia en Galicia é maior na poboación da provincia de Pontevedra, onde na área Sur afecta a unha de cada tres persoas. Outra das áreas más afectadas é a de Lugo Sur, nunha provincia que rexistra grandes variacións internas.

### Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020)


	2011	2012
Galicia	22,05	23,58
15 A Coruña	21,49	21,49
151 A Coruña suroriental	23,18	21,33
152 Ferrol-Eume-Ortegal	23,9	19,77
153 ÁREA da Costa da morte	28,3	28,27
154 A Barbanza-Noia	19,34	28,53
155 ÁREA da Coruña	21,38	19,14
156 ÁREA de Santiago	14,74	19,91
27 Lugo	18,12	20,41
271 Lugo sur	19,79	32,49
272 Lugo oriental	16,15	16,53
273 Lugo central	15,8	18,52
274 A Mariña	23,65	18,57
32 Ourense	21,11	24,55
321 O Carballiño-O Ribeiro	26,83	29,88
322 Ourense central	18,12	25,44
323 Ourense sur	24,45	24,59
324 ÁREA de Ourense	18,31	22,52
36 Pontevedra	24,43	26,86
361 Pontevedra nororiental	13,47	20,53
362 Pontevedra sur	39,6	33,12

363 Caldas-O Salnés	29,29	30,33
364 O Morrazo	23,04	30,08
365 Área de Pontevedra	21,85	25,11
366 Área de Vigo	21,69	24,97

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

O AROPE, como se refería con anterioridade, é un indicador complexo que combina tres compoñentes para medir o risco de pobreza e exclusión. En Galicia, das 639.882 persoas nesta situación, un total de 45.589 (o 1,7%) rexistran circunstancias nas que concorren os tres parámetros. A pobreza económica e a baixa intensidade de traballo son factores de vulnerabilidade para 97.249 persoas (o 22%) e, en menor medida, áinda que alta, obsérvase correlación entre a pobreza económica e a carencia material severa.

*Persoas en pobreza ou exclusión en Galicia. Intersección entre as componentes. 2012*



Fonte: Xunta de Galicia. Diagnóstico de situación socioeconómica e territorial de Galicia

A nacionalidade de procedencia constitúe un dos máis importantes factores de risco de pobreza, sendo as familias inmigrantes de fóra da Unión Europea as más expostas, seguidas das nacionais da UE, cun risco que supera nun 27% e nun 15% á media estatal, e nun 31% e 19% se as compararmos coas familias españolas. No ano 2012, en Galicia, un 60% da poboación con nacionalidade estranxeira atópase en risco ou situación de pobreza ou exclusión social, fronte ao 22,53% da poboación nacional nesta situación.

*Taxa AROPE por sexo e idade. Galicia. 2012*

	Home	Muller	Total
<b>Menos de 16 anos</b>	27,31	27,39	27,35
<b>De 16 a 24 anos</b>	31,29	32,11	31,69
<b>De 25 a 49 anos</b>	23,85	24,44	24,14
<b>De 50 a 64 anos</b>	26,01	27,22	26,63
<b>De 65 ou más anos</b>	13,73	15,92	15
<b>Total</b>	23,39	23,76	23,58

Fonte: IGE

Dado que o indicador AROPE sitúa o grupo de idade das persoas maiores de 65 anos no 15% de taxa de pobreza, pódese afirmar que en España no seu conxunto existe unha solidariedade moi ben articulada que diminúe de maneira eficaz a pobreza a partir do 65 anos. Pero esta eficacia é menor no segmento de poboación potencialmente activa, que rexistra taxas de pobreza máis altas.

Outro factor determinante do risco de pobreza é a composición do fogar segundo teña ou non menores a cargo. Segundo datos do IGE, o 26,3% dos fogares con nenos/as a cargo atópase en risco de pobreza ou exclusión social. Este risco aumenta de xeito notable no caso dos fogares monoparentais: máis da metade deles se atopa nesta situación.

### Carencia material

A Enquisa de Condicións de Vida das Famílias (ECVF- IGE) define a carencia material como aquela na que se atopan persoas que viven en fogares que experimentan tres dos seguintes sete conceptos:

- Non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días
- Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada
- Tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade...)
- Non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos
- Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano
- Non pode permitirse dispoñer de coche
- Non pode permitirse dispoñer de ordenador persoal

De acordo con esta definición, en Galicia case sete de cada cen persoas viven en fogares con carencia material. Este feito afecta, á súa vez, a un de cada cinco dos 1.039.055 fogares cos que conta esta comunidade autónoma no ano 2012. A incidencia<sup>10</sup> desta situación é máis alta nas persoas e fogares das provincias da Coruña e Pontevedra, onde se atopan áreas territoriais cun maior compoñente urbano, sometidas a maior dinamismo económico e, en consecuencia, a unha maior vulnerabilidade fronte aos impactos da actual convivencia.

---

<sup>10</sup> A incidencia calcúlase, para cada provincia e Galicia, como a porcentaxe da poboación que vive en fogares con carencia material sobre o total da poboación nesa provincia e Galicia

*Persoas e fogares con carencia material. Galicia 2011 e 2012*

	2011				2012			
	Persoas		Fogares		Persoas		Fogares	
	Número	Incidencia	Número	Incidencia	Número	Incidencia	Número	Incidencia
<b>Galicia</b>	<b>504.984</b>	<b>6,73%</b>	<b>214.454</b>	<b>20,25%</b>	<b>516.812</b>	<b>6,85%</b>	<b>211.575</b>	<b>20,35%</b>
A Coruña	214.520	8,37%	94.906	21,82%	226.957	7,00%	92.718	21,40%
Lugo	53.069	5,31%	23.926	17,51%	45.463	5,76%	21.429	16,36%
Ourense	52.030	4,95%	24.193	17,86%	49.691	6,54%	22.552	17,38%
Pontevedra	185.364	5,88%	71.428	20,29%	194.701	7,18%	74.876	21,67%

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

Máis alá do anterior, a carencia material tórnase severa cando en lugar de tres son catro dos conceptos listados os que determinan as situacóns de privación de persoas e familias.

*Persoas e fogares con carencia material severa. Galicia 2011 e 2012*

	2011				2012			
	Persoas		Fogares		Persoas		Fogares	
	Número	Incidencia	Número	Incidencia	Número	Incidencia	Número	Incidencia
<b>Galicia</b>	<b>182.544</b>	<b>6,73%</b>	<b>82.595</b>	<b>7,80%</b>	<b>185.085</b>	<b>6,85%</b>	<b>78.574</b>	<b>7,56%</b>
A Coruña	93.665	8,37%	42.669	9,81%	78.017	7,00%	33.416	7,71%
Lugo	17.754	5,31%	8.855	6,48%	19.102	5,76%	7.951	6,07%
Ourense	15.703	4,95%	7.865	5,81%	20.497	6,54%	9.957	7,67%
Pontevedra	55.422	5,88%	23.207	6,59%	67.469	7,18%	27.429	7,88%

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

A privación material severa afecta en torno ao 7% da poboación e dos fogares en Galicia. A diferenza da anterior, a severidade na privación material incide por igual nas catro provincias galegas, e ten aumentado no último ano nas provincias de Ourense e Pontevedra.

Considérase que unha persoa vive nun fogar con baixa intensidade de ingresos de traballo se a suma do número de días con ingresos de traballo que tiveron as persoas adultas de 18 a 59 anos do fogar entre o número máximo de días con ingresos de traballo que poderían ter é menor de 0,20. Considéranse adultas as persoas de 25 ou máis anos e aquelas de 18 a 24 anos que percibiron ingresos de traballo ou prestacións.

*Persoas de 0 a 59 anos en fogares con baixa intensidade de ingresos de traballo*

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	<b>6,37</b>	<b>6,99</b>	<b>8,71</b>	<b>9,65</b>	<b>10,85</b>	<b>13,8</b>
A Coruña	5,7	6,94	7,59	8,84	9,72	12,17
Lugo	5,37	6,11	6,69	7,62	7,55	14,95
Ourense	8,38	10,09	12,66	9,96	12,21	15,03
Pontevedra	6,88	6,4	9,47	11,14	12,79	14,95

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

En Galicia, un 13,8% da poboación reside en fogares con baixa intensidade laboral. Esta porcentaxe duplicouse no período 2007-2012. Por provincia non se aprecian grandes diferenzas, non obstante A Coruña é onde menor incidencia deste factor rexistran os seus fogares.

O mercado laboral galego 2014 comeza a reflectir un cambio de tendencia positivo que se aprecia na evolución das variables más significativas que o compoñen.

A novembro de 2014 a cifra de paro rexistrado encadea unha caída continuada de doce meses do desemprego, o que fai que Galicia se sitúe dentro do grupo de Comunidades autónomas con mellores resultados neste senso. Paralelamente, produciuse un crecemento neto de emprego dende o mes de abril de 2014, como amosan os resultados das afiliacións na Tesourería da Seguridade Social.

Os datos da Enquisa de Poboación Activa reafirman esta idea. Atendendo aos resultados no III trimestre de 2014 atópase como o paro interanual da Enquisa de Poboación Activa (EPA) continua a baixar, consolidando o cambio de tendencia iniciado o trimestre anterior. Os datos interanuais do número de persoas ocupadas son tamén positivos.

Esta reactivación do mercado de traballo nos últimos meses quedaría constatada nas taxas de paro e de ocupación, segundo os últimos datos da EPA:

Taxa de paro e de ocupación en Galicia (2010-2014/III)

	Taxa de paro	Taxa de ocupación
2010	15,3	45,9
2011	17,3	45,3
2012	20,5	43,7
2013	22	42,2
2014/I	23,2	41,4
2014/II	22,3	41,9
2014/III	<b>20,2</b>	<b>43</b>

Fonte: IGE. Enquisa de Poboación Activa

Apréciase claramente a evolución positiva de ambas as dúas taxas: a taxa de paro sitúase lixeiramente por debaixo da calculada no ano 2012, e a taxa de ocupación supera en oito décimas a media da taxa do ano 2013.

En calquera caso, certo é que aínda estamos lonxe de acadar os resultados descritos no ano 2010, e será necesario un proceso de axuste paulatino, que non se corrixirá no curto prazo. Por outra banda, non se pode obviar a existencia dun paro estrutural constituído por persoas que levan máis dun ano no paro, das que un 45% conta con estudos de “ata certificado de escolaridade”. Esta porcentaxe incrementaríase en 3 puntos se consideramos aquelas persoas paradas rexistradas que levan máis de dous anos en situación de desemprego. Estes resultados indicarían unha clara correlación entre nivel formativo e tempo no desemprego.


Por outra banda, a poboación desempregada presenta un risco de descualificación se non supera as dificultades que se poden atopar no acceso aos recursos de cualificación a través da formación e do propio emprego. O feito de non superar estas dificultades no acceso podería derivar en grandes atrancos para a súa reinserción no curto e medio prazo no mercado de traballo. Este grupo precisa, neste sentido, unha acción de carácter específico.

Dentro do grupo de persoas desempregadas cabe observar as diferentes situacions producidas respecto do acceso aos ingresos monetarios, entre aquelas que perciben prestacións contributivas e aquellas que por non acceder a elas recorren ao sistema de rendas mínimas e a outras axudas de necesidade social. Reverter a situación deste último grupo precisa dunha acción positiva de carácter específico.

## INGRESOS

O nivel de ingresos en España aumentou progresivamente ata o ano 2008. En Galicia ese aumento prolongouse ata 2009, aínda que o ingreso medio por unidade de consumo é inferior respecto do conxunto. A ambos os dous niveis, rexional e nacional, comeza un descenso notable a partir do ano 2010 que persiste nos últimos datos publicados. Entre o 2009 e o 2012 en Galicia o nivel de ingresos diminúe nun 1,2%, mentres que en España o fai nun 2,4%.

*Ingreso medio mensual por unidade de consumo*




Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

Segundo revelan os datos da Enquisa de Condicóns de Vida das Familias, o nivel da media de ingresos por fogar é directamente proporcional ao tamaño da poboación dos municipios onde se localizan. O ingreso medio por fogar máis alto rexístrase nas árees urbanas, aquellas de máis de 50.000 habitantes. Só nelas se supera a media de ingresos en Galicia, establecida en 1.906 € por fogar, e son, ademais, as que rexistran un lixeiro aumento da renda no 2012, ano ao que se refiren os últimos publicados. De xeito contrario, os fogares en municipios de menos de 10.000 habitantes rexistraron de media 433 € menos en 2012 que nas cidades galegas. Trátase, neste

último caso, de áreas que concentran alto envellecemento demográfico unido a un declive poboacional, e onde persiste un maior peso das actividades do sector primario.


#### *Media de ingresos por fogares segundo tamaño de municipio*



Fonte: IGE. Enquisa de Condicións de Vida das Familias

En Galicia un 14,23% dos fogares consideran ter moitas dificultades para chegar a fin de mes. Por provincias, o maior contraste obsérvase entre os fogares da provincia de Pontevedra e a de Ourense. En Pontevedra o 60% dos fogares chegan con dificultade ou moita dificultade a fin de mes. Esta porcentaxe redúcese nun 10% para os fogares da provincia de Ourense e nun 8% para os da Coruña. Os fogares galegos que perciben maiores dificultades para chegar a fin de mes son aqueles localizados nos municipios de menos de 10.000 habitantes. A porcentaxe respecto da media sitúase entre tres e cinco puntos máis respecto de municipios con maior volume de poboación. Estes municipios son tamén nos que os fogares rexistran un menor nivel de ingresos.

#### *Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes por tamaño de municipio. Galicia, 2012*



Fonte: IGE. Enquisa de Condicións de Vida das Familias

Máis alá dos cambios rexistrados no nivel dos ingresos dos fogares, obsérvanse modificacións na súa estrutura. O peso dos ingresos derivados do traballo no total de ingresos dos fogares descendeu entre o 2007 e 2012 un 9,5%. E obsérvase como, de xeito inverso, esa mesma porcentaxe é a proporción na que aumenta o peso das prestacións na estrutura de ingresos dos fogares galegos durante este período.

#### *Estrutura de ingresos dos fogares*

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Traballo conta allea	57,1	56,19	54,8	53,68	52,93	50,58
Traballo conta propia	13,14	11,87	11,6	10,88	10,05	10,16
Prestacións	27,43	28,93	30,76	32,5	33,86	36,31
Rendas e outros ingresos	2,33	3,01	2,83	2,94	3,15	2,95

#### *Fogares segundo a principal fonte de ingresos*

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Ingresos do traballo	61,7	60,08	58,52	56,36	55,86	53,07
Ingresos por prestacións	37,05	38,54	39,86	41,62	42,24	45,15
Outro tipo	1,24	1,38	1,62	2,02	1,9	1,78

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Famílias

De acordo ao anterior, a consecuencia dunha menor participación no mercado de traballo, aumenta o nivel de dependencia dos fogares do sistema de protección social para a cobertura das situacións de carencia de ingresos. O aumento dun 8% dos fogares cuxa fonte principal de ingresos son prestacións derívase de múltiples causas. Por unha banda, prodúcese un aumento das situacións de novas xubilacións, a consecuencia dos cambios na estrutura poboacional (neste período a poboación maior de 65 anos aumentou nun 6%<sup>11</sup>) e a consecuencia de saídas prematuras do mercado laboral. Por outra banda incrementouse, no período de referencia, o número de persoas en situación de desemprego con prestacións contributivas e os subsidios derivados desa circunstancia, así como todas aquelas situacións de necesidade social sufragadas con axudas como a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), ademais daquelas outras cujas condicións dan acceso ás Prestacións Non Contributivas e outras análogas da Seguridade Social. Entre o 2007 e o 2013 a poboación perceptora da RISGA aumentou en 2.000 persoas.

## DESIGUALDADE

No que respecta á distribución dos ingresos na poboación, aos que se refiren os valores do indicador de desigualdade S80/S20, no 2012 o 20% máis rico da poboación galega cuadriplicaba con creces os ingresos dispoñibles do 20% da poboación máis pobre. No ano 2008, este cociente rexistrou o seus valores máis baixos. Tras presentar moderadas variacións nos anos seguintes, é no último ano do período cando a proporción acusa o seu maior aumento, especialmente nas provincias de Ourense e Lugo.

<sup>11</sup> Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes


### Distribución da renda S80/S20

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	4,06	4,02	4,13	4,16	4,21	4,47
A Coruña	3,94	4,02	4,14	4,22	4,22	4,53
Lugo	4,05	4,17	4,11	3,91	3,93	4,27
Ourense	4,3	4,18	4,34	3,98	3,93	4,39
Pontevedra	4,07	3,79	4,03	4,16	4,35	4,39

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

A sociedade actual é máis desigual do que era hai dez anos; e, sobre todo, máis desigual que antes do comezo da crise financeira e económica actual. O outro indicador de medición da desigualdade é o índice de Gini, que manifesta valores entre cero e un, de menor a maior concentración dos ingresos entre a poboación. Os valores dos últimos anos revelan unha tendencia á concentración da riqueza, tanto en España como en Galicia.

### Índice de Gini. Galicia e España



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias e INE

Como se aprecia na táboa, a desigualdade é maior se tomamos como referencia o conxunto de España, conforme aos datos do Instituto Nacional de Estatística (INE).

As diferenzas en desigualdade entre Galicia e España están relacionadas coa dimensión, pois en termos xerais as desigualdades económicas son maiores canto maior é o universo que se toma como referencia, e menores canto máis pequeno. Aínda que tamén é posible atopar mostras de tamaño local con desigualdades que superen a un conxunto nacional.

Sen embargo, esta desigualdade crecente non levou a un incremento paralelo na taxa de pobreza. Ao diminuir a renda media das familias e das persoas, o limiar da pobreza redúcese. Este feito percibiuuse especialmente nos anos 2008-2010. De acordo ao anterior, o incremento porcentual da pobreza, acusado especialmente a partir do ano 2010, está relacionado coa forma concreta en que se incrementa a desigualdade durante o período 2008-2014.

## TAXA DE RISCO DE POBREZA

Atendendo únicamente á dimensión económica da pobreza, considérase en risco de pobreza aquela persoa que vive nun fogar onde o ingreso dispoñible por persoa adulta equivalente sitúase baixo o limiar de pobreza, establecido en Galicia no 60% do ingreso mediano galego.

Os limiares da pobreza buscan determinar se unha persoa carece dos medios necesarios para vivir de acordo co que se considera aceptable na poboación na que reside, por iso o referente é o contexto galego.

A diminución progresiva da renda dos fogares durante o período 2008-2014 supuxo un aumento do empobrecemento. A mediana de ingresos medios dispoñibles do fogar por persoa adulta equivalente<sup>12</sup> situouse a 31 de decembro de 2012 -últimos datos publicados- en 981 euros. O limiar de risco de pobreza (o 60% da renda mediana) fixouse en 589 euros para un fogar composto por unha persoa. Falaríamos dunha situación de pobreza severa naqueles casos nos que os seus ingresos non superasen o 40% da mediana anterior, é dicir: 392 euros mensuais.

*Limiar e taxa de risco de pobreza segundo composición do fogar. Galicia. 2012*

	Limiar risco pobreza	Taxa de risco de pobreza
<b>Unha persoa</b>	588,89	20,35
<b>Dúas persoas adultas</b>	883,34	12,59
<b>Dúas persoas adultas e dúas menores de 14 anos</b>	1236,67	25,13

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Famílias

En torno a un 16% da poboación galega vivía a principios do ano 2013 por debaixo do limiar estatístico de pobreza, establecido no 60% por cento da mediana de ingresos medios dos fogares galego. Este feito reflicte situacóns de pobreza relativa que afectan a unha parte da poboación, nas que existe un alto risco de non acadar o nivel de ingresos preciso para satisfacer de xeito total ou parcial as necesidades básicas de acordo co estándar do resto da poboación coa que vive na súa contorna inmediata. Nesta situación atópanse un de cada cinco fogares unipersonais e un de cada catro composto por dúas persoas adultas con dúas menores de 14 anos.

<sup>12</sup> Limiar monetario de risco de pobreza é o produto do limiar de risco de pobreza de Galicia polas unidades de consumo de cada fogar. <br>As unidades de consumo de cada fogar constrúense asignando 1 á primeira persoa adulta (persoa de 14 ou máis anos), 0,5 ao resto de persoas adultas dese fogar e 0,3 a cada neno/a (persoa de menos de 14 anos)

*Taxa de risco de pobreza relativa e severa. Galicia 2007-2012*



Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

A situación de risco agrávase nos casos nos que non se acada o 40% da mediana de ingresos medios dos fogares, aumentando de xeito importante a imposibilidade de cubrir determinados estándares mínimos da poboación de referencia. Nesta situación de risco de pobreza severa atópase un 6% da poboación.

Por provincias, a taxa de pobreza rexístrase máis alta en Pontevedra e Ourense, nesta última aumentou de xeito importante no período 2007-2012.

*Taxa de risco de pobreza por provincia*



Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

A taxa de pobreza en Galicia é similar á rexistrada para o conxunto da Unión Europea, en torno ao 16% da poboación. Polo contrario, a taxa de pobreza en España é un 5% máis alta. Cabe destacar, ademais, que esta taxa rexistra un descenso nos datos do ano 2012, que se corresponde co último publicado.

### Taxa de risco de pobreza en Galicia, España e UE-27



A feminización da pobreza é unha constante que revelan os datos de todo o período. Se ben se produciu a tendencia a converxer, debido aos impactos do contexto nos ingresos da poboación masculina a causa da destrución do emprego nos sectores de actividade onde a súa presenza tradicionalmente era maioritaria, nos últimos anos a diferenza volve aumentar de xeito desfavorable para as mulleres.

### Taxa de risco de pobreza por sexo. Galicia 2007-2012

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Home	13,47	13,05	13,93	14,05	15,66	16,13
Muller	15,71	14,64	14,69	14,5	15,79	16,76
Total	<b>14,63</b>	<b>13,88</b>	<b>14,32</b>	<b>14,28</b>	<b>15,73</b>	<b>16,45</b>

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

Por idade, os grupos más afectados son os formados por persoas entre 0 e 24 anos que residen en fogares con ingresos por debaixo do limiar de pobreza. Este grupo supón case a metade das persoas que se atopan en risco de pobreza, e afecta por igual tanto a homes como a mulleres.

### Taxa de risco de pobreza por idade. Galicia. 2012

	Home	Muller	Total
<b>De 0 a 15 anos</b>	21,95	22,39	22,16
<b>De 16 a 24 anos</b>	23,08	23,6	23,33
<b>De 25 a 49 anos</b>	15,14	17,13	16,13
<b>De 50 a 64 anos</b>	16,26	15,63	15,94
<b>De 65 ou máis anos</b>	10,93	12,41	11,79
<b>Total</b>	<b>16,13</b>	<b>16,76</b>	<b>16,45</b>

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

A nacionalidade estranxeira é un factor importante de risco de pobreza en Galicia. Case a metade da poboación en situación de pobreza relativa non ten nacionalidade española. O risco

para este grupo aumentou máis dun 23% desde o 2007, aumento especialmente acusado no ano 2012.

#### *Taxa de risco de pobreza segundo a nacionalidade*



Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

As situacóns de risco de pobreza dos fogares veñen determinadas dun xeito relevante pola tipoloxía destes. Os últimos datos dispoñibles conclúen que un de cada cinco fogares compostos por unha soa persoa están en risco de pobreza. Este risco aumenta a un de cada catro para os fogares compostos por unha persoa adulta con menores ao seu cargo.

#### *Taxa de risco de pobreza segundo a tipoloxía do fogar*

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Unipersoal	35,03	29,31	23,19	21,01	18,75	20,35
Sen núcleo	14,55	9,17	13,11	11,66	13,91	15,97
Parella con fillos/as	12,37	11,68	14,06	13,03	16,34	16,76
Parella sen fillos/as	16	16,06	12,8	13,27	12,62	11,3
Monoparental	23,04	19,53	19,3	22,82	23,05	25,55
Un núcleo e outros	9,86	10,47	12,34	10,42	10,89	14,08
Varios núcleos	7,22	9,31	8,43	13,21	15,24	16,01
Total	14,63	13,88	14,32	14,28	15,73	16,45

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias

Por último cabe sinalar, respecto a análise da pobreza monetaria, que o réxime de tenza -en propiedade ou aluguer- constitúe unha variable que correlaciona co risco de pobreza do fogar. Así fronte o 13% de fogares con vivenda en propiedade en risco de pobreza, no caso dos fogares cuxa vivenda está alugada esta porcentaxe aumenta ata o 34%.

## POBREZA INFANTIL EN GALICIA

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica realizou en 2014 o estudo *O estado da pobreza infantil en Galicia*. O documento, con datos cuantitativos achegados polo Instituto Galego de Estatística e análise cualitativa na que participaron persoas expertas das universidades galegas e de entidades de iniciativa social, así como profesionais do ámbito educativo, entre outros, recolleu as seguintes conclusóns:

### ***O risco de pobreza e exclusión é maior nos fogares nos que conviven menores de 16 anos***

A intensidade coa que se manifesta este risco aumenta cando no fogar se rexistra un baixo nivel de ingresos; unha situación de desemprego, especialmente se é de longa duración unida a un baixo nivel de cualificación; a monoparentalidade como tipoloxía do fogar e o alugueiro como réxime de tenza da vivenda.

### ***Entre o 2008 e 2012 aumentou a pobreza infantil en Galicia***

A taxa de risco de pobreza nos fogares nos que viven menores de 18 anos incrementouse en algo máis de 6 puntos. Malia o anterior, os datos para Galicia son mellores que os do conxunto do Estado e converxen coas medias europeas. Segundo o indicador AROPE, a pobreza en fogares con menores de 18 anos é dous puntos inferior en Galicia que no resto da Unión Europea, situada nun 28%, e está 7,5 puntos por debaixo dos valores para o conxunto do Estado.

### ***A pobreza infantil concéntrase nas grandes áreas urbanas***

En termos absolutos, os/as nenos/as que viven en fogares por debaixo do límiar da pobreza concéntranse nas sete cidades galegas e nas súas principais áreas de influencia. Esta diferenza respecto das áreas rurais sustentárase en que nestas últimas hai unha maior presenza e apoio da familia extensa; existe maior posibilidade de subministración das economías de autoconsumo alimentario; unha maior proporción de vivenda en propiedade sen hipoteca; e a existencia doutros bens patrimoniais. Non obstante nas situacións das familias que residen nestas áreas rexístranse problemas clave relacionados coa mobilidade e a accesibilidade.

### ***En Galicia hai menor desigualdade de ingresos entre os fogares nos que conviven menores***

Por provincias, A Coruña e Lugo rexistran, en termos relativos, menor pobreza infantil que as provincias de Pontevedra e Ourense, áinda que se ten identificada unha grande variabilidade entre áreas territoriais da mesma provincia. Esta diferenza, entre outras causas, apoíaríase nun nivel de ingresos ligeiramente máis alto nas provincias do Norte de Galicia e unha proporción algo más baixa na privación material dos seus fogares. A carencia material para o total galego sitúase no 4,1%, fronte ao 5,8% rexistrado para o conxunto do Estado e o 9,9% para o conxunto da Unión Europea.

En España, Galicia sitúase como a quinta Comunidade Autónoma con menor risco de pobreza infantil, tras Navarra, País Vasco, Cantabria e Madrid. Neste respecto, o Estado rexistra unha certa dualidade entre as Comunidades do Norte da Península e as do Sur, que rexistran maiores taxas.

### ***Desemprego e vivenda constitúen factores clave***

As dificultades para atopar un emprego e/ou acadar a estabilidade laboral coinciden coa principal causa do incremento das situacions de risco de pobreza. Un 47,7% dos fogares en risco de pobreza nos que conviven menores rexistran baixa intensidade laboral, segundo o indicador AROPE. Ademais as familias con menores e con vivenda en aluguer son as que maior risco de pobreza e exclusión rexistran, segundo se observa na seguinte táboa:

*Relación coas variables de pobreza e exclusión en función do réxime de tenza da vivenda para os fogares con menores de 18 anos*

	Carencia material	Carencia material severa	Baixa intensidade laboral	Dificultade para chegar a fin de mes		
				Con facilidade	Con dificultade	Con moitas dificultades
Propiedade sen hipoteca	30,27	20,50	47,70	39,19	36,54	33,06
Propiedade con hipoteca	28,81	21,74	13,39	43,34	36,20	24,19
Aluguer	30,52	44,10	28,03	7,28	15,42	30,38
Cedida/ outros	13,40	13,66	10,88	10,19	11,84	12,37

Fonte: IGE. Enquisa de Condicions de Vida. 2012

### ***A monoparentalidade, tipoloxía familiar que concentra maior risco de pobreza e exclusión***

Para os fogares nos que residen menores de 18 anos constátase que a monoparentalidade é, cunha diferenza considerable sobre o resto de tipoloxías do fogar, a que presenta maiores porcentaxes de risco de pobreza. Case a metade dos fogares monoparentais con menores de 18 anos rexistran ingresos por debaixo do limiar de pobreza relativa e más da metade están, segundo o indicador AROPE, en situación de pobreza e exclusión social.

### ***Outros datos sobre a pobreza das familias con menores***

As familias con menores a cargo representan o 42,70% do total de familias perceptoras de la Renda de Inclusión Social de Galicia.

### **Transmisión interxeracional da pobreza**

Organizar a solidariedade de cara ás xeracións más novas de forma prioritaria no seo das familias, reforza a transmisión xeracional da pobreza. Na actualidade existen xa evidencias desa transmisión. Conforme aos datos do Instituto Nacional de Estatística, as dificultades para chegar a fin de mes son un 25% maiores para aquelas persoas procedentes de familias que xa chegaban con dificultades a fin de mes. As dificultades son maiores para as persoas e familias con niveis educativos baixos, sobre todo cando permanecen así durante xeracións. Un terceiro dato que reforza o anterior é que a principal variable que incide nos resultados educativos nas probas PISA, no caso español, é a clase social de procedencia do alumnado, dándose diferenzas más significativas neste ámbito que en calquera dos outros (distribución xeográfica, tipoloxía da poboación, tipoloxía do centro educativo, etc.).

Esta evidencia da reproducción xeracional da pobreza leva a pensar que é necesario abordar a problemática non só desde a óptica das dinámicas e políticas sociais dirixidas a protexer as rendas, senón tamén desde o punto de vista das oportunidades educativas e da relación entre igualdade de oportunidades, compensación das desigualdades e educación inclusiva, más alá da posibilidade de asistir aos mesmos centros educativos, que non está sendo unha ferramenta suficiente para romper a reproducción xeracional da pobreza.

## A CUESTIÓN DEMOGRÁFICA

### **Cambios na estrutura da poboación**

Galicia experimentou no período 2001-2007 un incremento da súa poboación impulsado, en gran medida, por un fluxo inmigratorio, especialmente procedente de América do Sur que levou a rexistrar nese último ano unha poboación de 2.772.533 habitantes. A pesar deste incremento da poboación ata o ano 2007, Galicia rexistraba xa un saldo vexetativo negativo desde o ano 2004. Por outra parte, a partir de 2007 e ata o ano 2013, Galicia veu reducida a súa poboación en máis de 6.500 persoas, ata chegar aos 2.765.940 habitantes rexistrados no seu último padrón.

A poboación galega experimenta un proceso de envellecemento determinado, en boa medida, pola diminución da natalidade desde a década dos anos 80. Segundo fontes do Instituto

Galego de Estatística, a taxa de natalidade pasou de ser de 16 nacementos por cada mil habitantes e 2,4 fillos/as por muller no ano 1975 a rexistrar 8 nacementos por cada mil habitantes e 1,1 fillos/as por muller. En consecuencia, prodúcense cambios na estrutura da poboación galega. A base da pirámide de poboación -a formada pola poboación entre 15 e 34 anos- estréitase por non atopar remprazo neses intervalos. Esta diminución acentúase ano tras ano debido aos movementos migratorios que se están a producir pola actual convivencia económica desfavorable.

## A exclusión territorial


En termos xerais, en Galicia a exclusión territorial segue afectando especialmente ao rural, aínda que tamén se producen casos de exclusión urbana, nomeadamente en barrios degradados e en asentamentos chabolistas. A Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, contempla a posibilidade de intervención nestas áreas urbanas degradadas, que debería realizarse de forma sistemática, planificada e integrada nos esforzos de inclusión social.

Por outra banda, as consecuencias da exclusión territorial no ámbito rural foron obxecto de atención durante o pasado período, especialmente a través da participación no proxecto DART- INTERREG IVC e no desenvolvemento do Proxecto Symbios- Eixo 4.80 do P.O. FSE Galicia 2007-2013, así como no Plan de Dinamización Demográfica de Galicia, promovidos pola Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica respectivamente.

Desde o punto de vista dos niveis de renda dos fogares, o mapa de Galicia vén representado da seguinte maneira:

*Ingresos (en EUR) nos fogares por áreas do IGE*

271 Lugo sur	1.509
323 Ourense sur	1.557
321 O Carballiño-O Ribeiro	1.587
362 Pontevedra sur	1.639
272 Lugo oriental	1.691
364 O Morrazo	1.692
361 Pontevedra nororiental	1.695
153 Área da Costa da Morte	1.699
322 Ourense central	1.703
151 A Coruña suroriental	1.769
154 A Barbanza-Noia	1.773
363 Caldas-O Salnés	1.773
324 Área de Ourense	1.894
365 Área de Pontevedra	1.941
152 Ferrol-Eume-Ortegal	1.954



366 Área de Vigo	1.976
274 A Mariña	2.007
273 Lugo central	2.075
155 Área da Coruña	2.114
156 Área de Santiago	2.168

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias.2012


Como se pode observar, os maiores niveis de renda están concentrados arredor das cidades e no norte de Galicia, mentres que os menores niveis rexístranse nas áreas do Sur, especialmente no interior. Por debaixo da mediana dos ingresos (1.652 EUR) aparecen as áreas de Pontevedra sur, O Carballiño-O Ribeiro, Ourense Sur e Lugo Sur.

Para que a información sexa relevante, debería correlacionar o risco de pobreza cunha distribución de zonas equivalente. Os resultados son os seguintes:

#### Taxa de risco de pobreza por áreas do Instituto Galego de Estatística

271 Lugo sur	26,82
321 O Carballiño-O Ribeiro	25,67
363 Caldas-O Salnés	22,81
364 O Morrazo	22,52
362 Pontevedra sur	21,05
323 Ourense sur	19,30
153 Área da Costa da Morte	18,98
154 A Barbanza-Noia	18,92
365 Área de Pontevedra	18,06
361 Pontevedra nororiental	17,80
366 Área de Vigo	17,50
324 Área de Ourense	16,45
322 Ourense central	15,27
156 Área de Santiago	14,09
151 A Coruña suroriental	13,43
155 Área da Coruña	13,21
273 Lugo central	12,80
152 Ferrol-Eume-Ortegal	12,21
274 A Mariña	8,83
272 Lugo oriental	8,50

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida. 2012



Neste caso, as áreas urbanas están menos protexidas e a totalidade das áreas do Sur aparecen como más vulnerables. Confírmase tamén a incorporación de Lugo Sur á dinámica social de Ourense e do interior de Pontevedra, más que á do resto de Lugo, así como a dinámica da Costa da Morte, más próxima aos valores de Ourense e o Sur de Pontevedra.

Obsérvese, a continuación, o peso das prestacións nos ingresos familiares, tomando como referencia as mesmas zonas:

*Peso das prestacións nos ingresos dos fogares por áreas do Instituto Galego de Estatística*

Ano 2012	Máis dun 50%	Máis dun 75%	O 100%
271 Lugo sur	63,44	55,62	50,8
323 Ourense sur	59,12	51,62	47,28
272 Lugo oriental	58,22	45,26	37,12
321 O Carballiño-O Ribeiro	55,99	46,73	40,15
154 A Barbanza-Noia	53,01	39,31	30,77
322 Ourense central	51,62	42,31	38,85
361 Pontevedra nororiental	51,03	39,28	36
274 A Mariña	49,74	40,59	34,78
153 Área da Costa da Morte	49,44	38,97	33,96
152 Ferrol-Eume-Ortegal	48,96	41,28	38,2
362 Pontevedra sur	47	38,68	33,22
151 A Coruña suroriental	45,44	34,46	30,79
273 Lugo central	44,87	35,05	29,32
363 Caldas-O Salnés	42,63	31,67	26,92
324 Área de Ourense	42,13	34,89	29,91
366 Área de Vigo	41,65	32,84	28,83
364 O Morrazo	41,4	32,5	30,25
365 Área de Pontevedra	39,59	30,98	27,92
155 Área da Coruña	38,08	31,11	26,6
156 Área de Santiago	36,6	28,32	23,21

Fonte: IGE. Enquisa de Condicóns de Vida das Famílias

As zonas que volven aparecer nas posicóns de maior desvantaxe son Lugo Sur, Ourense Sur e O Carballiño-O Ribeiro. Lugo Oriental, cuns niveis de renda baixos -aínda que non dos máis baixos-, volve aparecer de novo.

A información da relación entre poboación e inclusión social precisa de ser complementada coa relativa á dinámica da poboación. Tendo en conta os agregados de movemento natural da poboación e de migracións, resultan moi relevantes os datos de variación anual superiores ao -1,5% entre 2012 e 2013. Son os seguintes:

*Poboación das áreas de Lugo Sur, Ourense Sur e Carballiño- O Ribeiro. Anos 2012 e 2013.*

Bisbarra	Ano 2012	Ano 2013	Taxa variación interanual
Ortegal	14.036	13.800	-1,68
Os Ancares	11.291	11.111	-1,59
Chantada	14.419	14.144	-1,91
A Fonsagrada	5.863	5.729	-2,29
A Mariña Oriental	17.029	16.768	-1,53
A Ulloa	10.102	9.923	-1,77
Baixa Limia	8.293	8.081	-2,56
A Limia	22.859	22.487	-1,63
O Ribeiro	17.726	17.246	-2,71

Terra de Caldelas	3.465	3.402	-1,82
Terra de Celanova	20.617	20.100	-2,51
Terra de Trives	4.777	4.633	-3,01
Valdeorras	27.589	27.147	-1,60
Deza	45.550	44.702	-1,86

Fonte: IGE. Padrón de habitantes

Estes datos reflicten o nivel de bisbarra (non de área) e sitúan á provincia de Ourense con maior vulnerabilidade respecto da exclusión territorial. O matiz atópase na presenza de amplas bisbarras de Lugo, con mellores datos económicos pero cun declive poboacional importante, que coincide con menores densidades de poboación e cun envellecemento progresivo.

#### 4. AVALIACIÓN DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL 2007-2013

O II Plan de Inclusión Social de Galicia 2007-2013 (en adiante, II PGIS) formulouse nun momento expansivo da economía, do emprego e do benestar. A crise económica e financeira internacional comezou a manifestar as súas primeiras evidencias en Galicia no terceiro trimestre do ano 2008. A convxuntura económica desfavorable desencadeou impactos noutras áreas, como a social, a raíz da destrucción do emprego, a persistencia das situacions de desemprego e o aumento no número de fogares sen ningún membro ocupado, entre outros. Na actualidade, a pesar da recuperación, persisten o paro de longa duración e a pobreza entre a poboación galega e española en xeral.

Durante este período, o II PGIS foi necesario para manter unha estratexia de inclusión social en Galicia. Converteuse, a un tempo, nunha barreira de protección social, no primeiro chanzo na procura dun emprego e no punto neurálico de conexión entre a exclusión e a participación social nas súas diferentes formas, sen excluír o emprego.

O II PGIS foi concibido como unha continuidade e como unha mellora dunha política existente, que comezara en 2001 co I Plan de Inclusión Social de Galicia (2001-2006). Os seus alicerces estaban asentados nunha metodoloxía moi contrastada, que xa demostrara a súa capacidade para xerar itinerarios individuais de inclusión, en complementariedade coa acción dos Servizos Sociais Comunitarios. E o seu financiamento, baseado na subsidiariedade entre os fondos propios e a achega do Fondo Social Europeo durante sete anos, permitiu dar estabilidade á intervención. Se ben é certo que o cambio de ciclo económico tornou as posibilidades de acadar parte dos obxectivos propostos, o II PIGS converteuse no eixo vertebrador da inclusión social nun momento de alta demanda.

O II PGIS progresou no establecemento dun marco de coordinación e colaboración da Administración pública autonómica coas corporacións locais e coas entidades de iniciativa social, para o que se dotou de financiamento, axenda e obxectivos compartidos.

Por último, o II PGIS foi pioneiro, na estela do I Plan de Inclusión Social de Galicia, na aplicación do Fondo Social Europeo á loita contra a pobreza e a exclusión social. Na actualidade, no marco Estratexia Europa 2020, o novo período de planificación de Fondos Estruturais referenda a pertinencia dessa aposta pola utilización dos Fondos Estruturais para a Inclusión Social, conxugando a responsabilidade da Administración autonómica coa das instancias europeas.

No traballo coas persoas, de acompañamento profesional cara a súa inserción sociolaboral lógrase a existencia dunha vinculación entre quen participa e os servizos sociais no horizonte de emprego. Máis alá da intervención orientada a mellorar o acceso ao mercado laboral, trátanse aspectos persoais orientados a manter a dignidade da persoa nos seus vínculos sociais e na súa autopercepción.

#### 4.1. RESULTADOS DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL

No período 2007-2013 incorporáronse 20.409 persoas ao Plan de Inclusión Social. Deste total, o 60% tiña idades comprendidas entre os 26 e os 44 anos e nun 55% son mulleres. O volume maior de novas incorporacións rexistrouse no ano 2009, con 5.933 novas persoas participantes. Este número descendeu ata acadar unha media en torno ás 2.400 novas incorporacións nos últimos tres anos de desenvolvemento.


*Volume de incorporacións ao II Plan Galego de Inclusión Social*



Un total de 4.480 persoas perceptoras da RISGA participaron entre 2007 e 2013 no Plan de Inclusión. A porcentaxe de participantes que perciben esta prestación sobre o total aumentou nos últimos anos, ata situarse no 37%. Na súa meirande parte, as ditas persoas son mulleres, apreciándose unha tendencia ao equilibrio numérico entre ambos sexos.


Por outra banda, más da metade das persoas participantes no plan presentan un baixo nivel educativo. Case un 60% completaron, como máximo, os estudos de Educación básica; e delas un 11% non completaron estudos de Educación Primaria e un 3% son analfabetas.

*Poboación participante no II Plan Galego de Inclusión Social por nivel de estudos*




Un dos factores de vulnerabilidade máis importantes é a situación de desemprego. Este factor está presente no 95% da poboación participante. Ademais, dúas de cada tres persoas participantes atópase en paro e non percibe prestación ou subsidio vinculados á esa situación; sendo preciso aclarar que neste grupo se sitúan moitas das persoas que perciben a RISGA.

*Participantes do II Plan Galego de Inclusión Social por situación laboral*



Case un 40% das persoas incorporadas ao Plan de Inclusión presentan a escaseza de recursos como causa principal da súa situación ou risco de exclusión social. En menor proporción, atópase neste rango de importancia a condición de persoa inmigrante (nun 14%) e a situación de desemprego de máis dun ano de antigüidade (para un 11% do total).

*Promedio de representación de factores sobre o total anual para o período 2008-2013*




Ao longo do período 2007-2013 hai que salientar os importantes cambios que se produciron no perfil das persoas participantes no Plan de Inclusión. Así, aumentaron de xeito significativo as persoas cuxa problemática principal é a escaseza de recursos e o paro de longa duración, debido á prolongación das situacións persoais de desemprego pola falta de oportunidades de acceso ao mercado de traballo no contexto social e económico dos últimos anos.

Así mesmo, a aparición dos novos perfís de participantes nos últimos anos relativiza o peso da presenza no agregado doutros factores de vulnerabilidade que aparecían como determinantes das situacións dos/as participantes do Plan de Inclusión con anterioridade.

Aínda que -como factor- a súa presenza non é significativa (só nun 1,2% de participantes), é importante destacar o incremento das incorporacións que presentan a exclusión territorial como problemática principal. Esta problemática preséntana persoas e grupos de poboación residentes en áreas territoriais -nomeadamente rurais e dispersas- nas que as dificultades de acceso a recursos e a falla de oportunidades vitais non permiten manter unhas condicións de vida equiparables ás que teñen aqueles/as que habitan no resto do territorio. Este factor incide nas dinámicas de exclusión/inclusión das persoas que residen en áreas territoriais en exclusión. A exclusión territorial agrávase como consecuencia da crise demográfica que de xeito crecente experimenta a Comunidade Autónoma de Galicia.

Como se desprende da seguinte táboa, as persoas participantes sen fogar, persoas con trastornos aditivos, reclusas e exreclusas son, na súa meirande parte, homes. Polo contrario, os factores de emprego precario, paro e escaseza de recursos afectan ás mulleres participantes en maior medida.

### *Factores de vulnerabilidade por sexo das persoas participantes*



No marco temporal de desenvolvemento do II Plan de Inclusión Social, un total de 5.625 persoas acadaron un contrato laboral.


Na evolutiva do número anual de persoas que accederon ao mercado de traballo -que rexistrou un promedio do 28% sobre o total das persoas incorporadas cada ano-, obsérvase unha caída importante a partir do ano 2010, momento de agravamento da crise económica.

### *Pessoas participantes que accederon ao mercado de traballo no período 2007-2013*



Un 32% das mulleres e un 22% dos homes do total de persoas incorporadas ao Plan acadaron un contrato laboral. No ano 2010 contratáronse máis do dobre de mulleres que homes participantes. Nos últimos anos de vixencia, a tendencia foi ao equilibrio numérico entre ambos os dous性os.

*Persoas participantes que accederon ao mercado de traballo no período 2007-2013 por sexo*



## 4.2. ANÁLISE DAFO DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL

### FORTALEZAS

**Vínculo profesional creado coas persoas participantes.** O aspecto más destacado das fortalezas do II PGIS nas historias de casos de éxito é o vínculo profesional creado entre os equipos, e de xeito máis concreto, o establecido entre o persoal técnico dos equipos e os/as participantes no Plan.

**Metodoloxía de motivación e activación.** A sistemática dos itinerarios recibe tamén unha alta valoración na súa contribución ao cambio persoal que acontece nos procesos de inclusión social, xunto cos apoios de carácter social, económico e profesional.

**Recursos do Plan.** Recibe unha valoración moi favorable o feito de que o II PGIS estivese dotado de recursos propios, nomeadamente aqueles para a súa cualificación profesional - incluíndo a conciliación da vida persoal e laboral- e a formación dirixida á obtención do permiso de conducir, ademais do acompañamento e activación da persoa.

### DEBILIDADES

**Dificultades para intervir nos problemas de carácter persoal.** Ao ser determinante a actitude das persoas participantes á hora de completar os procesos de inclusión, unha das dificultades percibidas é a relativa á motivación (factor interno da metodoloxía e, daquela, debilidade), especialmente cando esta atopa con elementos obxectivos de dificultade de acceso aos recursos e de consecución dos obxectivos marcados (elemento externo e, daquela, ameaza para II PGIS).

**O peso de factores de carácter sociosanitario e relacional na elaboración do itinerario personalizado de inserción.** Non sempre resulta doador identificar o peso dos factores condicionantes no ámbito da saúde e da convivencia á hora de elaborar un itinerario personalizado de inclusión. Ás veces, tanto a instrución da derivación como a orientación laboral desde a orixe da intervención distraen a atención de elementos prelaborais, os cales acaban por ser determinantes para a inclusión social.

**Dificultades para a intervención interdisciplinar e multicausal.** Ante a imposibilidade de que unha mesma persoa reúna todas as competencias técnicas relacionadas cos ámbitos de execución do Plan, considérase necesario acadar unha maior interdisciplinariedade na acción dos equipos. Do mesmo xeito, a multicausalidade da exclusión require unha maior vinculación entre servizos e un maior recoñecemento e visibilidade das funcións e atribucións do Plan en relación coa derivación a outros/as profesionais.

**Necesidade de reforzar os recursos.** Por último, aínda que a existencia de recursos propios do Plan é valorada como fortaleza, considérase preciso aumentar os recursos dirixidos á cobertura das necesidades das persoas participantes, nomeadamente no momento actual.

## OPORTUNIDADES

**As persoas participantes e as súas actitudes.** Cando as actitudes de quen participa non son positivas ou cando os seus problemas non son transparentes para as persoas que realizan a intervención, créanse dificultades. Pero cando teñen unha actitude colaboradora, a pesar dos atrancos e das dificultades, esa actitude constitúe un elemento clave facilitador da intervención.

**Apoio da familia.** Tamén o contorno familiar supón un soporte importante para as persoas en risco ou en situación de exclusión, que lles permite activarse e acadar os obxectivos propostos.

**Apoio dos Servizos Sociais.** Por descontado, cando os servizos sociais funcionan de forma coordinada entre si e cos servizos sanitarios, educativos e de emprego, os procesos de inclusión avanzan dun xeito máis sólido, seguro e, en ocasións, tamén máis rápido.

**Outros elementos facilitadores.** Ao igual que na exclusión territorial a falta de transporte acaba sendo un condicionante moi relevante, para participar nos procesos de inclusión a existencia de transporte público é un elemento facilitador que en ocasións resulta fundamental.

## AMEAZAS

**Situación actual do mercado laboral.** A inserción no mercado laboral segue a presentar grandes dificultades para determinados grupos de poboación. As persoas en situación de exclusión acceden, en grande medida, dun xeito precario ao mercado de traballo.

**Problemas de accesibilidade e exclusión territorial.** Un conxunto importante de ameazas parece radicar nos problemas de accesibilidade aos recursos, nomeadamente cando se producen efectos de exclusión territorial. Pero os problemas de accesibilidade están presentes en todos os territorios nos que actúa o Plan, en maior ou menor medida.

**Ausencia de apoio familiar.** As persoas en risco de exclusión pola súa condición de inmigrante, chegan a España e a Galicia en busca dunha vida mellor e máis oportunidades a través do acceso ao emprego. Nos casos nos que non poden acceder a este, e ante a falla de apoio familiar, estas persoas presentan dificultades de integración social.

**Desaxuste persoal, contorna e vivenda.** En ocasións as persoas non contan con contornos de convivencia que lles posibiliten avanzar no proceso de inclusión, ben a causa das relacións de parella, por problemas na vivenda ou por presión da contorna. Segundo se desprende da análise realizada, ás veces a presión do grupo pode actuar en sentido inverso á inclusión social. Estas situacións prodúcense, por exemplo, nos casos de persoas que comezan a desenvolver procesos individuais non compartidos polo grupo no que se sinte reforzada, polo que corre o risco de abandonar os seus obxectivos iniciais.

## 4.3. CONCLUSIÓNS

No proceso de avaliación do II Plan Galego Inclusión Social participou o persoal dos equipos de inclusión sociolaboral, representantes das entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais implicados no seu desenvolvemento e as propias persoas participantes. Conforme á expresión reiterada de todas elas, o II Plan de Inclusión Social de Galicia foi “pertinente e oportuno”. Por unha banda, foi pertinente porque calquera sociedade avanzada necesita un instrumento que vincule: a protección social coa inclusión social activa; as medidas pasivas contra a pobreza, en forma de transferencia de rendas; e as medidas activas, en forma de oportunidades vitais, sexan de vinculación persoal, sociais, económicas, educativas ou doutra índole. E, por outra banda, foi oportuno porque actuou de xeito proactivo no momento en que se desencadeou unha grave crise económica e social. A dita actuación proactiva estivo marcada pola continuidade metodolóxica respecto do I Plan de Inclusión Social de Galicia -sen rexeitar as aprendizaxes positivas da etapa anterior-, e mantendo a complementariedade con accións de carácter inmediato que deran a prioridade absoluta á cobertura das necesidades

básicas xurdidas. Deste xeito, a inclusión social activa combinouse coas medidas de cobertura de necesidades básicas e as de carácter más estrutural (vivenda, Renda Activa de Inserción, RISGA...), integrándose con elas como un todo e ofrecendo sentido e oportunidades como complemento necesario de formas anovadas de protección.

Aínda que no presente ano comezou a producirse un cambio de tendencia no ciclo económico, a experiencia de crises precedentes demostra como a recuperación non ten efectos inmediatos, polo que, nun curto prazo, estes non van chegar a todas as persoas en situación de vulnerabilidade. Por este motivo, é preciso facilitar oportunidades a aqueles que se atopan en peor situación: a aqueles fogares, colectivos e territorios más afastados do novo dinamismo social e económico que experimentan máis dificultades para desenvolverse nos distintos ámbitos. Como sucedeu tras superar anteriores crises que afectaron ao emprego, o aumento da intensidade laboral nos fogares con todos os seus membros en paro é lenta. Ademais, a persistencia dunha situación de desemprego conleva o risco de experimentar un proceso de descualificación e deterioro da autoestima persoal que pode prolongar o afastamento do mercado de traballo. Daquela, Galicia está necesitada de seguir desenvolvendo un plan de inclusión social a través de mecanismos que vinculen a protección social coa inclusión social activa, no sentido de construír unha barreira de contención máis eficaz para fazer fronte á desigualdade e á exclusión.

Xunto a aspectos innovadores, a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 incorpora de xeito importante na súa formulación as melloras e propostas recollidas na avaliación do II Plan Galego de Inclusión Social. Partimos, ademais, da experiencia adquirida tras o desenvolvemento de dúas edicións do Plan. Esta serviu de base, por unha banda, para consolidar as liñas de traballo que foron desenvolvidas sobre o terreo nos últimos anos; e, pola outra banda, para identificar a necesidade de mellorar e impulsar determinados aspectos no vindeiro período, como aqueles asociados á planificación, a coordinación e as metodoloxías de intervención na loita contra a pobreza e a exclusión social en Galicia.

## 5. PERSOAS E GRUPOS DESTINATARIOS

Os obxectivos e medidas da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 están dirixidos a abordar as situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión social. Estas situacións veñen determinadas pola concorrencia de diversos factores de vulnerabilidade e/ou de exclusión.

Aos efectos desta Estratexia, terán a consideración de exclusión social as situacións que experimentan as persoas que se atopan cun déficit grave de recursos económicos, aínda que

realicen actividades laborais, e que presentan, ademais, factores de vulnerabilidade establecidos, no artigo 3 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, sempre e cando estes constitúan un atranco para a súa inserción social e laboral. Entre estos figuran:

- *Atoparse nunha situación de cargas familiares non compartidas*
- *Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoas e sociais de natureza semellante*
- *Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero*
- *Ter unha discapacidade valorada superior ao 33%*
- *Ser inmigrante ou emigrante retornado*
- *Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores*
- *Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria*
- *Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda*
- *Pertencer a unha minoría étnica*

Ademais, considerarase na intervención calquera outro factor que, en concordancia con algúns dos anteriores, condicione de xeito negativo a inclusión social e laboral dunha persoa, como é a vulnerabilidade vinculada á exclusión territorial ou outras por razón de discriminación de múltiple natureza, como a que aborda a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Todos os obxectivos, tanto de carácter transversal como sectorial, comprendidos neste documento integran de xeito horizontal a atención aos factores de vulnerabilidade e/ou exclusión referidos no parágrafo anterior.

## 6. DESENVOLVEMENTO TEMPORAL E VIXENCIA

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia estará vixente no período comprendido entre os anos 2014 e o 2020, en concordancia co desenvolvemento temporal do novo período de financiamento do Fondo Social Europeo, en cuxo programa operativo para Galicia se enmarca.

O contido obxecto de planificación descrito no documento da Estratexia de Inclusión Social de Galicia desenvolverase a través de tres Plans Operativos de Inclusión Social bianuais que se levarán a cabo de xeito consecutivo entre os anos 2015 e 2020, ambos os dous incluídos.

## 7. PRIORIDADES E OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020

As liñas de acción comprendidas nas prioridades da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 están conectadas e entrelazadas entre si, dirixen os esforzos cara os aspectos considerados clave na abordaxe das diferentes dimensíons da pobreza e a exclusión social, e constitúen a folla de ruta que se vai aplicar en Galicia para promover a inclusión social das persoas e grupos en situación de vulnerabilidade no próximo período.

As ditas prioridades (transversais e sectoriais), obxectivos e medidas foron trazadas partindo dos datos existentes sobre a inclusión social en Galicia, dos resultados extraídos da avaliación do II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013 (II PGIS) e das leccións aprendidas logo do desenvolvemento de xa dúas edicións deste plan.

Todas elas apuntan na mesma dirección: ao fomento da inclusión social activa en todos os ámbitos, cuxa activación está presente en todas e cada unha das partes que constitúen a Estratexia.

A promoción da inclusión social activa que inspira a Estratexia baséase, en primeiro lugar, nas recomendacións da Unión Europea; as cales, dende o punto de vista sectorial, pivotan en tres eixes. Os ditos eixes son a activación de políticas favorecedoras dun mercado laboral máis inclusivo, garantir un apoio adecuado á renda, e facilitar o acceso a uns servizos de calidade (sobre todo aos servizos sociais, vivenda, sanidade e educación).

A Estratexia opera e móvese dentro do marco establecido pola Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, a cal recolle o concepto da inclusión social activa das recomendacións comunitarias e promove esta dende e a través de todos os subsistemas de protección social. Tamén ten en conta as directrices do Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social do Reino de España 2013-2016.



## 7.1. PRIORIDADES TRANSVERSAIS NA INCLUSIÓN SOCIAL

Os fundamentos da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 revelan a importancia de introducir novas cuestiósns de importancia transversal na abordaxe da pobreza e a exclusión social en Galicia. Así, ademais das xa comprendidas nas anteriores políticas nesta materia, como a igualdade entre mulleres e homes ou a coordinación entre administracións públicas, as entidades de iniciativa social e outros axentes no territorio, engádense outras novas.

A función preventiva nesta materia cobra unha importancia primordial, considerando o impacto social que nas persoas e familias está a ter a actual conxuntura económica. Este impacto tradúcese, cando non nunha situación de pobreza e/ou exclusión social, nun maior risco de vulnerabilidade para unha parte da poboación galega.

A loita contra a pobreza infantil, obxecto das políticas ordinarias da Consellería de Política Social, convértese noutra prioridade transversal da EIS Galicia 2014-2020, co fin de evitar a transmisión da pobreza entre xeracións a través de novos enfoques e metodoloxías na intervención con persoas e familias.

A abordaxe das consecuencias da exclusión territorial, cuestión posta de relevancia polas sucesivas edicións do Plan de Inclusión e estudiado en proxectos con compoñente transnacional, como o Proxecto DART- INTERREG IVC ou o Proxecto Symbios- Eixo 4.80 do FSE Galicia 2007-2013, adquire protagonismo en aras de promover a calidade de vida das persoas e oportunidades nos territorios más afectados polas consecuencias da crise demográfica e os desequilibrios territoriais.

O mesmo sucede, finalmente, cos obxectivos e medidas tendentes a diminuír a fenda dixital, así como cos establecidos para aumentar o coñecemento sobre a inclusión social no noso país, coa fin de mellorar a planificación e execución das diferentes políticas sectoriais.

### **PRIORIDADES TRANSVERSAIS DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020**

7.1.1	Previr a pobreza e a exclusión social
7.1.2	Loitar contra a pobreza infantil
7.1.3	Consolidar e mellorar os procesos de coordinación

7.1.4	Promover e facilitar a participación das entidades de iniciativa social
7.1.5	Abordar e reducir as consecuencias da exclusión territorial
7.1.6	Promover a igualdade entre mulleres e homes
7.1.7	Xerar coñecemento sobre a inclusión social e difundir a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020
7.1.8	Promover a inclusión dixital das persoas en situación ou risco de exclusión social e o uso das TIC na intervención a prol da inclusión social

As prioridades transversais aplicaranse horizontalmente en todos os ámbitos. Por este motivo, neste apartado recóllese obxectivos e medidas que non se suxeitan exclusivamente a un dos ámbitos de intervención descritos no apartado 3.2. do documento, relativo ás prioridades sectoriais da EIS Galicia 2014-2020.

#### 7.1.1. PREVIR A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

Atender as necesidades sociais e laborais desde o mesmo momento en que se detecta unha situación de risco de pobreza ou exclusión social, ou na fase inicial do proceso de exclusión, é a mellor maneira de encarala. Tanto para evitar os dolorosos e dramáticos custes persoais, familiares e sociais que comporta, como para abordar a dita situación con máis posibilidades de éxito.

Previr a exclusión social das persoas con escaseza de recursos, tamén daquelas que aínda traballando están en risco de precariedade económica e atopan limitacións á súa plena participación social, e anticiparse para que a situación de risco na que se atopan non deveña noutra de maior gravidade, é a liña de actuación más axeitada.

Con este propósito, a Estratexia outorga un maior peso ás actuacións de carácter preventivo en todos os ámbitos: servizos sociais, pobreza infantil, educación, vivenda, emprego, participación... Trátase de actuar antes de que os procesos de exclusión cobren más forza, co fin de evitar ou reducir os efectos negativos que provocan.

Sen prexuízo de que a EIS Galicia 2014-2020 se desenvolva cun enfoque centrado nas persoas que xa se atopan nunha situación de exclusión social, de acordo co definido pola Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, orientarase, así mesmo, cara aquelas persoas nas que podan concorrer algúns factores de vulnerabilidade relacionados. Así, poden ser incluídas como destinatarias da Estratexia as persoas que, aínda estando empregadas, se atopan nunha situación de precariedade ou nunha situación de inseguridade respecto da vivenda, do traballo e do acceso á sanidade, por exemplo.

O enfoque preventivo, no actual contexto de crise, ademais de protexer as persoas e familias en situación de risco de exclusión, resulta imprescindible para acadar unhas maiores cotas de cohesión social.

#### **7.1.1- OBXECTIVO 1**

*Adecuar o marco normativo vixente para facilitar os procesos de inclusión activa*

- Desenvolver a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, procurando asegurar a súa adecuada aplicación
- Revisar as distintas normativas sectoriais coa finalidade de eliminar os atrancos para a inclusión social, en especial as normativas reguladoras dos distintos sistemas de protección
- Analizar o impacto das novas normas desde o punto de vista da inclusión social, coa finalidade de promover a producción de normas socialmente inclusivas

Axentes implicados	ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL <ul style="list-style-type: none"><li>• DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL</li></ul> RESTANTES CONSELLERÍAS DA XUNTA DE GALICIA
--------------------	---

#### **7.1.1- OBXECTIVO 2**

*Previr o desenvolvemento da pobreza no emprego, incrementando a súa calidade e sustentabilidade*

- Adoptar medidas efectivas para asegurar o respecto dos dereitos das persoas traballadoras, fortalecendo a inspección e a loita contra o fraude
- Impulsar a calidade e a mellora das condicións laborais, nomeadamente naqueles sectores económicos con maior risco de precariedade laboral
- Promover a formación continua e a permanencia e o progreso no emprego

Axentes implicados	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA <ul style="list-style-type: none"><li>• DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL</li></ul> CORPORACIÓNS LOCAIS AXENTES SOCIAIS
--------------------	--

#### **7.1.1- OBXECTIVO 3**

*Promover a prevención da exclusión desde os ámbitos clave dos sistemas públicos de protección*

- Promover a plena inclusión social das persoas desde os sistemas educativo e de emprego, nomeadamente mediante o desenvolvemento de accións educativas e formativas especificamente dirixidas a desenvolver as competencias e habilidades de carácter non cognitivo: autocontrol das emocións, autodiagnóstico, comunicación, empatía, assertividade, resiliencia, escucha activa...

	Adoptar medidas para previr desde os servizos sanitarios as situacións de exclusión social, facilitando formación ao persoal de atención primaria e de urxencias para a detección das ditas situacións; e procurando a asistencia sanitaria a todos os colectivos en situación de vulnerabilidade
	Impulsar a celeridade dos procesos encamiñados a garantir o acceso á vivenda habitual, nomeadamente nos casos de risco de desafiuamento e/ou de vivendas inseguras ou inadecuadas

Axentes implicados	<p>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL</li> <li>• CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDAD E BENESTAR/AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS<sup>13</sup></li> </ul> <p>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL</li> </ul> <p>CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO</li> </ul> <p>CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA</li> </ul> <p>CONSELLERÍA DE SANIDADE</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA</li> <li>• SERGAS</li> <li>• FUNDACIÓN PÚBLICA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA - FEGAS</li> </ul> <p>ENTIDADES FINANCEIRAS</p>
--------------------	---

### 7.1.2. LOITAR CONTRA A POBREZA INFANTIL

A pobreza infantil tende a reproducirse entre xeracións, especialmente nos ámbitos da pobreza máis severa e da exclusión social. Existen datos tanto estatísticos como cualitativos que apuntan a esa reprodución. A dita pobreza está un 4,6% por riba da pobreza xeral segundo o indicador AROPE (Europa 2020) e duplica amplamente o risco de pobreza das persoas maiores de 65 anos segundo ese mesmo indicador.

Na medida en que os/as nenos/as que crecen na pobreza ou a exclusión teñen menos posibilidades de ter un bo rendemento escolar, gozar de boa saúde e aproveitar todo o seu potencial nas fases posteriores da súa vida, a loita contra a pobreza infantil está presente en todos os ámbitos da Estratexia.

Ademais de recoller a garantía dun nivel da renda básica ás familias en situación de vulnerabilidade con menores de idade consonte á lexislación vixente, a Estratexia reforza a educación temperá e contempla a realización de accións positivas para favorecer a igualdade

<sup>13</sup> En posteriores referencias abreviárase con CGSIB/AGSS

de oportunidades no desenvolvemento persoal dos/as menores e o exercicio das responsabilidades parentais.

Así mesmo, prevé a elaboración e desenvolvemento dunha Estratexia galega sectorial da infancia e da adolescencia, e a creación dun sistema de indicadores referidos á infancia e a adolescencia en todas as políticas da Xunta de Galicia.

Con este enfoque búscase a protección das persoas menores dende o mesmo momento en que comezan a producirse as desigualdades, así como o fomento da cohesión social presente e futura do país, que protagonizarán os cidadáns e cidadás da Galicia do mañá.

#### ***7.1.2- OBXECTIVO 1***

*Promover o benestar infantil mediante fórmulas integradas e centradas na infancia e nas familias con fillos/as*

- Previr as situacions de desprotección infantil, nomeadamente mediante os servizos de educación, saúde, apoio socioeducativo e intervención familiar
- Fomentar a participación infantil e desenvolver estratexias comúns que favorezan a mellora da calidade de vida da infancia, con especial incidencia en zonas rurais, en atención aos ámbitos sociais, culturais, ambientais, etc.
- Elaborar e desenvolver unha Estratexia sectorial galega da infancia e da adolescencia (2015-2020)
- Apoiar as familias con máis membros con medidas específicas, como as de tipo económico ou fiscal a través da Estratexia sectorial de Apoyo para as Familias Numerosas de Galicia, ou a consideración das mesmas como colectivo prioritario en determinados programas de vivenda
- Reforzar as medidas de apoio dirixidas ás familias monoparentais
- Garantir nos procesos de deseño, seguimento e avaliación de políticas estratéxicas de atención á infancia estruturas de participación que impliquen, entre outros/as, a profesionais da intervención cos nenos e nenas e aos axentes clave da sociedade civil
- Integrar no seguimento das políticas autonómicas específicas dirixidas á infancia e adolescencia un sistema de indicadores referidos á pobreza infantil

Axentes implicados	<p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li></ul> <p>Consellería de Sanidade</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• SERGAS</li></ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	--

### **7.1.2- OBXECTIVO 2**

*Previr as situacións de privación material nas persoas menores de idade*

- Adoptar medidas apoiadas na colaboración entre os distintos niveis da administración e as entidades de iniciativa social para garantir a alimentación dos nenos/as e das súas familias en todos os casos e respectando a discreción, dignidade e non estigmatización das persoas receptoras
- Facilitar o acceso a prestacións en especie complementarias aos ingresos das familias nas que residen os nenos/as más vulnerables, naqueles casos que procedan
- Habilitar, a través do desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2013, de inclusión social, con carácter previo á súa xustificación, un procedemento para o pago anticipado das Axudas de Inclusión Social (AIS) que favoreza a axilización e acceso aos recursos concedidos ás familias con menores, especialmente cando resulten beneficiados/as pola axuda
- Crear unha rede de coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados que traballan con menores, favorecendo a atención do/a menor no seu medio familiar e social, e dando prioridade á acción preventiva
- Detectar situacións de privación e/ou maltrato desde os equipos de inclusión sociolaboral, en coordinación cos/as axentes implicados/as e facilitar formación específica na materia

Axentes implicados	<p>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP</p> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	--

### **7.1.3. CONSOLIDAR E MELLORAR PROCESOS DE COORDINACIÓN E PARTICIPACIÓN**

Unha das conclusóns principais da avaliación do II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013 é a necesidade de mellorar os mecanismos existentes para a mellora da coordinación efectiva entre os diversos axentes que participan no Plan. Por unha parte, aparece a necesidade de mellora da coordinación a nivel local. Co fin de acadar a dita coordinación efectiva, a Estratexia establece pontes claras entre os dispositivos de inclusión, sobre todo os orientados ao fomento da inclusión sociolaboral, e os dispositivos de emprego, nomeadamente co Servizo Público de Emprego de Galicia. Tamén aclara as relacións existentes entre os dispositivos de

carácter asistencial e os de inclusión, para a súa correcta integración desde a óptica dos itinerarios de inserción sociolaboral.

Por outra banda, impulsa mecanismos de participación que van más alá da responsabilidade individual na toma das decisións, permitindo articular a participación dos equipos de inclusión sociolaboral da Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar/Axencia Galega de Servizos Sociais, dos servizos sociais comunitarios das corporacións locais, das organizacións sociais e das propias persoas participantes na Estratexia.

Con estas medidas búscase mellorar a calidade e eficacia das actuacións dos dispositivos de protección social, así como a súa actuación sincronizada, cara a prestar unha mellor atención ás persoas destinatarias da Estratexia.

#### **7.1.3- OBXECTIVO 1**

*Garantir a coordinación interadministrativa para operativizar as medidas promovidas desde a Xunta de Galicia relacionadas coa inclusión social de persoas vulnerables*

- Impulsar a Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais e Inclusión Social
- Crear grupos de traballo no seo da Comisión Interdepartamental para reforzar a coordinación bilateral entre o departamento de Benestar e os departamentos das áreas de Traballo, Sanidade, Vivenda e Educación, principalmente, para a abordaxe de materias específicas relacionadas coa inclusión social
- Fomentar a coordinación e a complementariedade entre as diferentes medidas estratégicas promovidas polos distintos departamentos da Xunta de Galicia no exercicio das competencias relacionadas coa promoción da inclusión social das persoas más vulnerables
- Elaborar protocolos de coordinación dos equipos de inclusión sociolaboral cos Grupos de Desenvolvemento Rural e os Grupos de Acción Local do sector pesqueiro da Consellería do Medio Rural e da Consellería do Mar para promover oportunidades laborais e o uso dos recursos comunitarios de ámbito comarcal
- Desenvolver criterios e protocolos de coordinación entre o Sistema galego de Servizos Sociais (SGSS) e o Servizo Público de Emprego (SPE), favorecendo a figura do/a profesional de referencia na realización dos itinerarios con obxectivos laborais, e clarificar a complementariedade entre as metodoloxías de actuación. Xerar espazos de intercambio do coñecemento entre persoal técnico do SPE e do SGSS na intervención con persoas demandantes de emprego en situación de vulnerabilidade
- Traballar vías de comunicación periódica para informar da evolución da execución da Estratexia de Inclusión Social e difundir os resultados do traballo de xestión do coñecemento en materia de inclusión social

Axentes implicados	<p>ConSELLERÍA de PolíTICA Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>ConSELLERÍA de Economía, Emprego e Industria</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Secretaría Xeral de Emprego</li> <li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li> </ul> <p>ConSELLERÍA de Infraestruturas e Vivenda</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Instituto Galego da Vivenda e Solo</li> </ul> <p>ConSELLERÍA de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul> <p>ConSELLERÍA de Sanidade</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Saúde Pública</li> <li>• SERGAS</li> </ul> <p>ConSELLERÍA do Medio Rural</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - AGADER</li> </ul> <p>ConSELLERÍA Mar</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro</li> </ul> <p>Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP</p> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	--

#### 7.1.3- OBXECTIVO 2

*Consolidar canles de coordinación, cooperación e comunicación na área interna de Benestar*

- Establecer protocolos de comunicación e cooperación coa unidade encargada das persoas menores en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social, para o seguimento das medidas establecidas para a súa futura inserción sociolaboral
- Revisar as vías de coordinación dos servizos sociais comunitarios básicos e os equipos de inclusión sociolaboral coas Unidades técnico administrativas de apoio ao órgano de resolución e concesión da RISGA (UTA) para superar atrancos nos procesos de intervención e seguimento coas persoas perceptoras
- Consolidar os criterios interpretativos establecidos para garantir a homoxeneidade na resolución e concesión das prestacións de inclusión en todo o territorio da comunidade autónoma mediante o seguimento da aplicación das circulares e instrucións
- Mellorar os procesos de traballo, en aras á simplificación e axilización da tramitación da documentación requerida para o acceso aos recursos do Sistema público de Servizos Sociais, en colaboración coas Corporacións locais, especialmente no que atinxe ao Informe Social de Inclusión e a documentación complementaria

Axentes implicados	<p>ConSELLERÍA de PolíTICA Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Colexios profesionais do ámbito social</p>
--------------------	---

### **7.1.3- OBXECTIVO 3**

*Colaborar e cooperar no desenvolvemento de medidas estratéxicas promovidas pola Administración xeral do Estado para o cumprimento dos obxectivos da Estratexia Europa 2020*

Participar nos diferentes grupos de traballo de cooperación entre os diferentes departamentos Ministeriais e as Comunidades autónomas para o deseño e planificación de actuacións con enfoque específico en materia de inclusión social

Colaborar na achega da información dispoñible no plano operativo para o seguimento sistemático das Estratexias Nacionais focalizadas en determinados grupos vulnerables

#### Axentes implicados

Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad  
Outras Comunidades autónomas  
Consellería de Política Social  
• Dirección Xeral de Inclusión Social  
• CGSIB/AGSS  
Corporacións locais

### **7.1.3- OBXECTIVO 4**

*Consolidar mecanismos de coordinación coa Administración local e potenciar os de participación*

Reforzar a relación e a cooperación entre a Administración local e os equipos de inclusión sociolaboral, mediante a promoción de espazos de comunicación e encontro

Fomentar a colaboración e a prestación conjunta de servizos sociais entre concellos, para mellorar a calidade e a rendibilidade social dos servizos

Aumentar a participación das corporacións locais, a través de reunións dos órganos colexiados e procesos de consulta directa, na elaboración de documentos estratéxicos e de planificación relativos á abordaxe da inclusión social na Comunidade Autónoma de Galicia

#### Axentes implicados

Consellería de Política Social  
• Dirección Xeral de Inclusión Social  
• CGSIB/AGSS  
Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP  
Corporacións locais

#### **7.1.4. PROMOVER E FACILITAR A PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL**

A participación das entidades de iniciativa social ao longo do II Plan Galego de Inclusión Social 2007-20013 estivo directamente relacionada coas convocatorias anuais de axudas e subvencións para o desenvolvemento de programas de inserción sociolaboral. Ademais de instrumento financeiro, as ditas convocatorias foron un mecanismo de vinculación entre a Consellería de Política Social e as entidades, e unha importante canle de información e de retroalimentación dos procesos de inclusión.

Para o vindeiro período 2014-2020, a Estratexia prevé afondar neste mecanismo, co fin de garantir o seu correcto funcionamento, e ampliar os ámbitos de participación das entidades de iniciativa social como forma de partenariado, de corresponsabilidade e de aplicación do principio de subsidiariedade no ámbito da inclusión social.

##### **7.1.4- OBXECTIVO 1**

###### *Perfeccionar e consolidar fórmulas de cooperación*

Habilitar e operativizar espazos de intercambio de información e perfeccionar mecanismos de comunicación entre os equipos de inclusión sociolaboral da CGSIB/AGSS e unidades técnicas de inclusión sociolaboral das Corporacións locais e as entidades de iniciativa social implicadas na consecución dos obxectivos da Estratexia

Promover a participación das entidades de iniciativa social e o seu fortalecemento e favorecer a cooperación entre elas e coas administracións públicas

Favorecer o carácter estable dos recursos orientados á poboación en situación de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión social, e axilizar o acceso ás axudas

Traballar a dinamización e diversificación das actividades promovidas polas entidades de iniciativa social no marco da Estratexia, procurando unha maior flexibilidade e a adaptación da oferta ás necesidades das persoas e dos territorios

Apoiar, a través da puntuación nos baremos das convocatorias de axudas públicas a entidades de iniciativa social, a cooperación a nivel local entre estas e outros/as axentes que operan no territorio para o desenvolvemento de proxectos de promoción da inclusión social

Axentes implicados	<p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica</li><li>• Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP</p> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	---

#### **7.1.4- OBXECTIVO 2**

*Promover un maior uso de instrumentos e canles de participación*

Aumentar a participación, a través de consultas, reunións ou grupos de trabalho, do persoal experto das entidades de iniciativa social no deseño, establecemento e avaliación de medidas estratéxicas de abordaxe da inclusión social promovidas pola Xunta de Galicia

Axentes implicados	<p>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>CORPORACIÓNS LOCAIS</p> <p>ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS</p>
--------------------	---

#### **7.1.5. ABORDAR E REDUCIR AS CONSECUENCIAS DA EXCLUSIÓN TERRITORIAL**

A exclusión territorial preséntase en forma de exclusión urbana, en barrios degradados e asentamentos chabolistas, e de exclusión social rural, nos lugares onde se conxungan as escasas posibilidades vitais e un acusado declive demográfico que ameaza con converterse nunha crise demográfica debido ás situacións persistentes de pobreza ou exclusión, que serían más fáceis de arranxar en contextos xeográficos más centrais e mellor conectados.

Para combater a exclusión territorial urbana, a Estratexia aborda as consecuencias causadas pola reproducción moi acusada da pobreza vinculada coa residencia. No que atinxe á exclusión territorial rural, establece medidas para fazer fronte á soildade e ao illamento de parte da poboación, ao menor acceso a servizos básicos e ás consecuencias que levan consigo unha menor taxa de poboación activa e unha menor taxa de actividade desta, con taxas de paro elevadas e persistentes.

A través da perspectiva territorial que preside a Estratexia, ao mesmo tempo que se reforzan os servizos existentes para acadar unha maior igualdade de oportunidades no acceso aos bens e servizos entre os distintos territorios, promóvese o desenvolvemento de novos servizos e formas de abordar a dita cuestión.

#### **7.1.5- OBXECTIVO 1**

*Mellorar o acceso aos recursos comunitarios de carácter específico das persoas que residen en áreas territoriais afectadas polas consecuencias da crise demográfica*

Realizar unha planificación operativa dos equipos de inclusión sociolaboral da CGSIB/AGSS e unidades técnicas de inclusión sociolaboral das Corporacións locais para mellorar a súa cobertura

	territorial
	Promover o desenvolvemento de novas formas de prestación dos servizos de conciliación da vida laboral e familiar das persoas que residen en áreas rurais, facilitando o coñecido personalizado a nenos/as de ata 3 anos no domicilio dunha persoa coñadadora en horario flexible (casas niño)
	Adaptar as bolsas por desprazamento para facilitar o acceso aos recursos sociolaborais, nos casos de illamento
	Fomentar a extensión de redes de acceso de banda larga ultrarrápida no rural galego, para axudar a diminuir a fenda dixital existente

Axentes implicados	<p>Presidencia da Xunta de Galicia</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA</li> </ul> <p>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>Corporacións locais</p>
--------------------	--

#### **7.1.5- OBXECTIVO 2**

##### *Apoiar medidas de dinamización comunitaria*

	Reforzar a creación e funcionamento de redes de traballo locais de base solidaria e promover no nivel comunitario actuacións de cooperación e dinamización baseadas na acción voluntaria
	Promover espazos de dinamización e encontro virtual para os/as habitantes, especialmente as persoas más novas, das áreas rurais con alta dispersión poboacional, envellecidas e afectadas polo declive demográfico, aproveitando as potencialidades das TIC
	Fomentar foros de encontro e creación de redes de cooperación entre axentes clave das diferentes áreas rurais, especialmente as que contan cunha alta dispersión da súa poboación, que comparten especificidades para abordar fórmulas de mellora da calidade de vida das súas persoas e territorios

Axentes implicados	<p>Presidencia da Xunta de Galicia</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA</li> </ul> <p>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica</li> <li>• Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>ConSELLERÍA DO MEDIO RURAL</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - AGADER</li> </ul> <p>ConSELLERÍA MAR</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro</li> </ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	---

### **7.1.5- OBXECTIVO 3**

*Promover a dinamización económica e as oportunidades laborais nas áreas rurais en declive demográfico*

- Impulsar as oportunidades de autoemprego e emprendemento a través da información, formación, orientación, asesoramento e acompañamiento de proxectos vinculados ao cooperativismo e a economía social no marco da Rede Eusumo
- Impulsar oportunidades formativas e laborais no medio rural relacionadas co coidado da contorna e a posta en valor das potencialidades do territorio, e facilitar o acceso a vivendas deshabitadas
- Rehabilitar vivendas con uso residencial que se atopan en situación de deterioro para paliar o proceso de degradación no medio rural a causa da perda de poboación, do envellecemento demográfico e do abandono de actividades económicas (áreas de rehabilitación)
- Potenciar o empoderamento e o desenvolvimento profesional das mulleres rurais en todos os posibles ámbitos da actividade económica
- Realizar estudos e análises centrados en materia de interese para a economía social e o desenvolvemento local
- Apoiar a valorización dos produtos locais e o fomento do consumo responsable

Axentes implicados	<p>Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li></ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>Consellería de Economía, Emprego e Industria</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li><li>• Instituto Galego de Consumo</li></ul> <p>Consellería do Mar</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro</li></ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	---

### **7.1.6. PROMOVER A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES**

En Galicia non existe unha tendencia clara á feminización da pobreza, xa que as taxas de pobreza feminina son escasamente un 0,5% superiores á pobreza masculina. A pesar disto hai unha serie de factores que actúan de forma negativa desde o punto de vista de xénero. Concretamente, a situación económica das viúvas é considerablemente peor que a situación

xeral dos maiores de 65 anos. As mulleres que viven soas sufren más pobreza que os homes que viven sos. Cando os fogares están formados por unha persoa adulta con fillos/as a cargo, a inmensa maioría son mulleres soas con cargas familiares, sendo esta a forma de convivencia más castigada polo risco de pobreza segundo o indicador AROPE. Así mesmo, existe unha discriminación salarial negativa das mulleres, mesmo por riba do 25%, que apunta a un maior risco de pobreza.

Entre as persoas demandantes de servizos sociais, as mulleres están sobrerepresentadas. Ao atender maioritariamente as tarefas domésticas, teñen más dificultades para participar nos itinerarios de inclusión. Ademais, cando padecen exclusión social severa, padecen un maior número de problemáticas que os homes.

Para reverter a dita situación e acadar a integración real e efectiva da igualdade de oportunidades, a Estratexia aplica a perspectiva de xénero e as intervencións que prevé toman en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en todos os ámbitos. De igual xeito, contempla medidas específicas ou de acción positiva e non só ten en conta o acceso ás rendas que garantan a subsistencia, senón a situación de desvantaxe na que se atopan as mulleres para lograr a plena integración social e laboral.

#### **7.1.6- OBXECTIVO 1**

*Aumentar a participación das mulleres en todos os ámbitos da vida comunitaria*

Impulsar accións para aumentar a participación social e o asociacionismo das mulleres en situación ou risco de exclusión social

Impulsar de xeito prioritario a incorporación das mulleres en situación de especial vulnerabilidade nos ámbitos formativo, tecnolóxico, laboral e de xeito específico naquelhas profesións onde estean subrepresentadas

Promover, a través dos itinerarios de inclusión e de accións formativas, o empoderamento da muller en todos os ámbitos

<b>Axentes implicados</b>	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li><li>• Consellería de Política Social</li><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul>
---------------------------	--

### **7.1.6- OBXECTIVO 2**

*Incrementar a concienciación e coñecemento da poboación en materia de igualdade entre mulleres e homes*

- Promover accións de sensibilización, información ou formación en materia de igualdade, no marco do Plan de Igualdade entre mulleres e homes vixente
- Impulsar campañas de sensibilización destinadas ás persoas e grupos destinatarios da EIS Galicia 2014-2020 para fomentar a prevención, colaboración e responsabilidade no ámbito da violencia de xénero, así como ás vítimas, para incentivar o uso dos recursos e mecanismos para a superación do problema
- Poñer en valor as tarefas doméstico-familiares e de coidado das persoas no marco dunha nova cultura dos traballos e da corresponsabilidade, así como a conciliación da vida laboral, persoal e familiar

Axentes implicados	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li></ul>
--------------------	--

### **7.1.6- OBXECTIVO 3**

*Incorporar a perspectiva de xénero nas metodoloxías de intervención*

- Revisar e dotar de maior visibilidade á aplicación da perspectiva de xénero no seguimento e desenvolvemento da EIS Galicia 2014-2020 a través das súas accións e indicadores
- Asegurar o uso dunha linguaxe inclusiva nos documentos e materiais producidos no marco de desenvolvemento da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020
- Apoiar e dar asesoramento técnico especializado na aplicación da perspectiva de xénero nas metodoloxías de intervención

Axentes implicados	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li></ul> Consellería de Política Social <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul>
--------------------	--

### **7.1.7. XERAR O COÑECEMENTO SOBRE A INCLUSIÓN SOCIAL EN GALICIA E DIFUNDIR A ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA**

A crise económica de 2008 modificou as dinámicas sociais preexistentes, polo que resulta imprescindible dotarse dunha visión máis pormenorizada dos cambios acontecidos, co fin de comprender mellor as barreiras para a inclusión social que afrontamos no presente período. Precísanse, pois, estudos sistemáticos sobre a problemática da pobreza e da exclusión en Galicia.

Na preparación do II PGIS realizouse unha sistematización das experiencias de inclusión existentes e, unha vez aprobado, publicáronse os seus documentos metodolóxicos. Pero non houbo unha sistematización das experiencias que podían achegar un coñecemento práctico para a activación da inclusión social.

Coa finalidade de sistematizar e aproveitar o potencial do novo coñecemento que se xere sobre as dinámicas sociais de pobreza e exclusión, a Estratexia prevé a creación dun mecanismo de xestión do coñecemento que permita o establecemento dunha liña base, que defina un protocolo de incorporación de novas achegas e as liñas de incorporación e de difusión. O dito mecanismo incluirá tanto as metodoloxías de inclusión, a través de procedementos, como as experiencias, a través dun elenco de boas prácticas.

De igual xeito, tamén se atenderá á dimensión de difusión da Estratexia en todos os niveis, dando prioridade aos momentos de reflexión compartida, así como á realización de actividades na proximidade, especialmente nos territorios periféricos e/ou afectados pola exclusión territorial.

#### **7.1.7- OBXECTIVO 1**

*Promover o rexistro e intercambio de información e coñecemento técnico entre profesionais*

- Desenvolver un instrumento orientado a fomentar o rexistro e difusión de prácticas que pola súa metodoloxía ou polo seu resultado nos procesos de intervención sociolaboral con persoas en situación de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social podan resultar de interese
- Comprobar a rendibilidade do acceso aos datos e mellorar as competencias da utilización da aplicación informática no seu uso diario
- Crear foros e/ou ferramentas virtuais para apoiar as medidas anteriores
- Promover espazos de formación mutua entre o persoal técnico que traballa na inclusión social desde as diferentes áreas do Sistema de Servizos Sociais

Promover a participación en redes de traballo transnacional para capitalizar experiencias e o coñecemento doutras rexións europeas sobre cuestiós críticas no eido da inclusión social das persoas e os territorios

Axentes implicados

Presidencia da Xunta de Galicia

- Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA

ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Dirección Xeral de Inclusión Social

Corporacións locais

Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

**7.1.7- OBXECTIVO 2**

*Favorecer a reflexión sobre aspectos clave na inclusión social activa e innovación social*

Favorecer espazos de encontro entre o persoal dos equipos de inclusión sociolaboral para a reflexión sobre aspectos clave da Estratexia, especialmente sobre aqueles referidos á planificación e os que vinculen a intervención técnica con aspectos xerais da inclusión social incluídos na EIS Galicia 2014-2020

Analizar, revisar e mellorar a efectividade dos procesos de inclusión social vinculados aos dispositivos de xustiza xuvenil e de protección de menores

Desenvolver consultas ao persoal técnico que traballa na inclusión social sobre materias específicas relacionadas con esta e difundir as súas conclusións en foros técnicos especializados

Favorecer a participación das persoas en risco de exclusión no proceso de reflexión a través do persoal técnico de referencia e entidades de iniciativa social de xeito que se teña en conta a súa opinión

Promover a innovación social a partir da información e do coñecemento derivados do desenvolvemento da Estratexia de inclusión social de Galicia, impulsando novas propostas e a divulgación das boas prácticas e dos saberes de interese no ámbito dos servizos sociais

Axentes implicados

ConSELLERÍA DE POLÍTICA social

- Dirección Xeral de Inclusión Social
- CGSIB/AGSS

Corporacións locais

Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

#### **7.1.8. PROMOVER A INCLUSIÓN DIXITAL DAS PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL E O USO DAS TICS NA INTERVENCIÓN A PROL DA INCLUSIÓN SOCIAL**

Os datos de utilización das TIC non deixan de medrar en Galicia. Sen embargo, a “fenda dixital” tamén existe entre nós, sendo unha ameaza para a inclusión social. Os datos que se recollen refírense ao uso da internet, pese a que dista de ser o único parámetro posible.

Desde o punto de vista da idade, o maior uso está na franxa 20-29 anos, seguida de 5-19 anos, e o menor uso aparece nas persoas maiores de 55 anos. Resulta salientable que o uso da internet avanza máis no tramo 30-54 anos, reducindo as diferenzas entre persoas nativas e non nativas dixitais, salvo no caso das persoas máis maiores e das que carecen de formación.

A análise de xénero amosa que áinda que entre 2008 e 2013 avanzouse en paridade, as mulleres estaban en desvantaxe en todos os grupos de idade. Agora van por diante nos tramos de 5 a 19 e de 20 a 29 anos, reducen distancias no tramo 30 a 54 anos e porcentualmente só perden no tramo de máis de 55 anos (áinda que triplican a súa representación, mentres que os homes duplican o uso da Rede).

Tendo en conta os niveis formativos, áinda que os maiores avances acontecen nos niveis formativos más baixos, o acceso á internet das persoas con educación superior (un 91,23%) triplica ao dos estratos más baixos (29,85%).

Dende o punto de vista do emprego, as persoas ocupadas teñen maior acceso ás novas tecnoloxías. Pero o máis relevante é que a distancia respecto das persoas desempregadas se incrementou no último lustro. Áinda que este resultado está moi relacionado coa idade, a activación de persoas inactivas en idade laboral está relacionada co seu acceso ás TIC.

Por outra banda, o acceso á internet avanza nos domicilios arredor dun 20%, pero se reduce no traballo en torno a un 5%. Este dato apunta a un retroceso na base tecnolóxica dos sectores produtivos.

Para abordar a fenda dixital, na que as maiores diferenzas de acceso teñen que ver coa idade e cos niveis formativos, a Estratexia céntrase sobre todo na alfabetización dixital das persoas maiores de 55 anos que teñen baixos niveis formativos e dificultades de inserción laboral.

### **7.1.8- OBXECTIVO 1**

*Achegar o coñecemento sobre as tecnoloxías da Sociedade da información a unha maior porcentaxe da poboación, favorecendo a inclusión dixital de toda a cidadanía*

- Aumentar a oferta de recursos para a alfabetización e capacitación dixital nas que teñan prioridade de acceso as persoas destinatarias da EIS Galicia 2014-2020
- Promover o voluntariado dixital para difundir o coñecemento sobre o manexo das tecnoloxías, especialmente entre persoas e/ou grupos vulnerables
- Fomentar a aprendizaxe e uso das TIC orientado ao emprego das persoas que se atopan en procesos de inclusión social que conteñen obxectivos de inserción laboral

#### **Axentes implicados**

Presidencia da Xunta de Galicia

- Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA
- Consellería de Política Social
  - Dirección Xeral de Inclusión Social
  - Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado
  - CGSIB/AGSS

Corporacións locais

Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

### **7.1.8- OBXECTIVO 2**

*Mellorar a accesibilidade da poboación ás TIC*

- Fomentar a extensión das redes de acceso de banda larga ultrarrápida nas áreas rurais con poboación máis dispersa
- Promover o uso dunha rede territorial de aulas tecnolóxicas para o desenvolvemento de actividades de formación dixital e de unidades móbiles para achegar recursos formativos nas TIC á poboación nas zonas de maior dispersión xeográfica
- Garantir a coordinación entre o EIS Galicia 2014-2020 e os programas promovidos pola AMTEGA en aras a acadar unha maior eficiencia na disposición dos recursos

#### **Axentes implicados**

Presidencia da Xunta de Galicia

- Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA
- Consellería de Política Social
  - Dirección Xeral de Inclusión Social
  - CGSIB/AGSS

Corporacións locais

Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

## 7.2. PRIORIDADES SECTORIAIS

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 afronta o reto de abordar as consecuencias sociais dos diferentes cambios producidos no último período -tales como os derivados da crise económica e demográfica- na estrutura social, no mercado de traballo e as súas manifestacións nas situacións persoais e familiares de pobreza e exclusión social. Estas últimas constatan, ademais dun aumento notable da pobreza monetaria, un considerable incremento das persoas que se atopan en situación de privación material severa e/ou que residen en fogares con baixa intensidade laboral.

As prioridades sectoriais da Estratexia de Inclusión Social 2014-2020 susténtanse nos tres eixos da inclusión social activa, como son: as políticas activas favorecedoras dun mercado laboral máis inclusivo cara as persoas con maiores dificultades de acceso; un apoio adecuado á renda; e o acceso a uns servizos de calidade, para a abordaxe multidimensional do fenómeno da pobreza e a exclusión social. Este enfoque xa constituía no período 2007-2013 un referente para a política social galega, durante o que a Consellería de Política Social traballou na consolidación das súas estratexias de Inclusión social a través do desenvolvemento do II Plan Galego de Inclusión Social e a aprobación da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia. Por outra parte, o enfoque da inclusión social activa constitúe o piar estrutural do Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social do Reino de España 2013-2016.

Na formulación das oito prioridades sectoriais da EIS Galicia 2014-2020, acentúase a orientación social deste enfoque, tratando de dar resposta, a través dos seus obxectivos, ás necesidades sociais, educativas, sanitarias e de outro carácter, que xorden nas situacións de vulnerabilidade desde un marco de traballo integrado por todos os/as axentes que operan de xeito total ou parcial na loita contra a pobreza e exclusión social.

### **PRIORIDADES SECTORIAIS DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020**

7.2.1	Fomentar unha intervención de calidade desde e/ou dos servizos sociais na abordaxe das situacións persoais e familiares de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social
7.2.2	Atender de xeito específico os factores de exclusión social que presentan determinadas persoas ou grupos vulnerables para acadar a súa plena inclusión social
7.2.3	Garantir uns ingresos mínimos vinculados á activación sociolaboral
7.2.4	Favorecer a inserción laboral nun mercado de traballo inclusivo
7.2.5	Promover o acceso á educación e á formación, previndo o fracaso escolar e aumentando os niveis de competencias

7.2.6	Promover a inclusión social e a empregabilidade mediante estratexias de cualificación a través de recursos educativos e de formación para o emprego e da aprendizaxe permanente
7.2.7	Favorecer a inclusión social a través da atención e coidado da saúde
7.2.8	Mellorar o acceso á vivenda como aspecto clave na inclusión social

### **7.2.1. FOMENTAR UNHA INTERVENCIÓN DE CALIDADE DOS SERVIZOS SOCIAIS NA PREVENCIÓN E ABORDAXE INTEGRAL DAS SITUACIÓN S PERSOAIS E FAMILIARES DE POBREZA, VULNERABILIDADE E EXCLUSIÓN SOCIAL**

O contexto de crise social desencadeada polos efectos da crise económica convértese nun reto para o desenvolvemento de servizos sociais que cumpran, por unha banda, unha función paliativa, pola outra banda, unha función rehabilitadora e, pola outra, unha función preventiva, sen esquecer ningunha destas. Ao mesmo tempo, estas funcións deben desenvolverse nun contexto da máxima eficiencia na utilización dos recursos, dando prioridade á coordinación destes. Ademais, cómpre ofrecer un contexto de acollida e de atención que ofrece un trato cálido ás persoas para a creación dun vínculo entre os servizos e estas.

Moitas das persoas que actualmente están en situación de risco senten que non teñen o control da súa vida, porque os mecanismos que lles daban acceso a un emprego e a uns recursos para vivir xa non teñen a capacidade de resolver os problemas que tiñan antes. Outras que proceden de procesos de exclusión más longos e persistentes, consideran que non van a ser quen de saír da situación na que se atopan e que están abocadas necesariamente a ocupar as marxes na sociedade. Por iso, os servizos sociais deben acompañar procesos nos que as persoas toman decisións sobre as súas vidas que permiten establecer pequenas transformacións funcionais para o seu proceso de inclusión social.

Existen enormes diferenzas entre estas dúas tipoloxías de persoas en risco (as que tiveron vidas normalizadas e as que veñen de longos procesos de exclusión); e, aínda dentro destas, situacións e casuísticas diversas, polo que resulta imprescindible individualizar as respostas para adaptarse a cada situación. Sen perder de vista as diferenzas individuais, non obstante, existen características comúns que permiten realizar accións positivas de carácter específico para determinados colectivos.

Eses colectivos que tiveron vidas normalizadas ou que veñen de longos procesos de exclusión foron, en xeral, os máis afectados pola crise, porque presentaban trazos que os facían máis

vulnerables ante as situacions de contracción do mercado de traballo e de dificultades de acceso á sanidade e á vivenda. Daquela as accións positivas, ademais de medidas adaptadas de inclusión social, deben contemplar a remoción dos atrancos específicos e a loita contra a discriminación que sofren.

#### **7.2.1- OBXECTIVO 1**

*Desenvolver medidas de acompañamento individualizado e de empoderamento das persoas que precisan un apoio específico para reverter a súa situación*

	Deseñar e apoiar o desenvolvemento de proxectos personalizados de inserción social, facilitando o acompañamento e a titorización dun/ha profesional de referencia
	Promover accións de fortalecemento das capacidades persoais e das habilidades sociais e prelaborais, nomeadamente as habilidades e competencias de carácter non cognitivo: autocontrol das emocións, autodiagnóstico, comunicación, empatía, assertividade, resiliencia, escucha activa...
	Desenvolver accións de motivación, orientación e acompañamento das persoas e as súas familias para apoiar os procesos de integración social e o acceso ao mercado laboral
	Desenvolver proxectos de inserción individual integrais, establecendo obxectivos para a unidade de convivencia
	Ofertar actividades para a motivación e o axuste persoal como parte do acompañamiento ao proceso de cambio da situación persoal
	Facilitar servizos de conciliación que favorezan a participación nos proxectos de inserción sociolaboral, nomeadamente das persoas con responsabilidades familiares non compartidas e/ou con redes de apoio social precarias
	Atender as necesidades de apoio e acompañamento social e laboral das mulleres xestantes e/ou lactantes con fillos/as menores de 3 anos en situación de especial dificultade
	Promover a integración social a través de fórmulas de participación organizada baseadas na solidariedade, ben de carácter interxeracional, a través de programas de voluntariado de apoio e acompañamento en centros residenciais de persoas maiores, ou de apoio comunitario ás persoas en situación de desvantaxe social
Axentes implicados	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral de Igualdade</li></ul> Consellería de Política Social <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> Corporacións locais <ul style="list-style-type: none"><li>• Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</li></ul>

### **7.2.1- OBXECTIVO 2**

*Desenvolver medidas flexibles e eficientes que procuren o acceso das persoas en situación de risco ou exclusión social aos recursos sociais específicos, con independencia do seu lugar de residencia*

- Habilitar recursos adaptados ás necesidades das persoas e dos territorios que lles permitan ás persoas que participan en proxectos de inserción desprazarse para usar os ditos recursos
- Mellorar o acceso aos servizos sociais da poboación das áreas rurais e dispersas a través de novas fórmulas de prestación dos servizos baseadas nas tecnoloxías da información e comunicación (TIC), como o teletraballo social, e/ou en puntos de atención móveis e flexibles. Para o deseño de novas fórmulas ou ferramentas, contarase cos colexios profesionais do ámbito social
- Previr dinámicas de exclusión sociolaboral e inadaptación social en áreas urbanas ou periurbanas especialmente vulnerables, mediante estratexias integrais de transformación

Axentes implicados	<p>Presidencia da Xunta de Galicia</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA</li></ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Colexios profesionais do ámbito social</p>
--------------------	--

### **7.2.1- OBXECTIVO 3**

*Promover a calidade nos servizos de atención, incorporando melloras nas infraestruturas e dispositivos técnicos de loita contra a pobreza e a exclusión social*

- Acondicionar e reformar, coa axuda do FEDER, as infraestruturas das entidades públicas e da iniciativa social destinadas a servizos de atención de necesidades básicas: comedores sociais, centros de día de inclusión, centros de atención continuada, albergues...
- Aprobar unha planificación operativa dos equipos de inclusión sociolaboral da CGSIB/AGSS, adecuando a súa distribución e localización ás necesidades sociais das diferentes áreas territoriais
- Fomentar a especialización funcional das unidades técnicas de inclusión sociolaboral das corporacións locais
- Continuar traballando na historia social única como instrumento de intercambio de información
- Aplicar metodoloxías adaptadas para promover a adquisición de competencias persoais, sociais e, no seu caso, laborais, que favorezan os procesos de inserción das persoas, prestando unha axeitada atención sociolaboral, socieducativa e psicosocial
- Reorientar a metodoloxía de intervención cara á atención dos novos perfís e problemáticas detectados, focalizando as intervencións familiares e comunitarias nos fogares con baixa intensidade laboral
- Realizar accións de formación de formadores/as dirixidas ao persoal dos equipos de inclusión sociolaboral (CGSIB/AGSS) e das entidades de iniciativa social sobre aspectos clave para a inclusión social das persoas que atenden

- Apoiar o desenvolvemento de ferramentas de referencia para a valoración das situacións de vulnerabilidade e exclusión social das persoas e familias, coa finalidade de estender o seu uso entre as entidades públicas e de iniciativa social
- Fomentar e consolidar a Rede territorial de servizos de información e asesoramento ás mulleres con especiais dificultades para a súa inclusión social, e promover a colaboración co tecido asociativo e coas entidades de iniciativa social

Axentes implicados	Presidencia da Xunta de Galicia <ul style="list-style-type: none"> <li>Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA</li> </ul> Consellería de Política Social <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>CGSIB/AGSS</li> </ul> Corporacións locais Colexios profesionais Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais
--------------------	--

#### **7.2.1- OBXECTIVO 4**

*Reducir o impacto das situacións de privación material nas familias*

- Reorientar a metodoloxía de intervención, dotándoa dunha perspectiva familiar nos casos de fogares en situación de privación material moderada e severa, especialmente cando existe unha baixa intensidade laboral
- Reforzar a contorna social e económica das familias en situación de vulnerabilidade con menores de 18 anos, con actuacións de carácter preventivo e de apoio
- Desenvolver programas para a atención das necesidades básicas das familias mediante medidas de acción positiva para o acceso aos bens básicos (alimentación, vestido e calzado) a través da iniciativa pública e da iniciativa social
- Aumentar a contía das axudas económicas extraordinarias ás familias con menores a cargo en situación de privación material severa para pagar os gastos de subministración de enerxía e auga nos seus fogares, sempre que os seus ingresos non superen o IPREM, independentemente de que perciban ou non prestacións autonómicas de carácter periódico
- Axiliar a tramitación das Axudas de Inclusión Social (AIS) e outras de natureza similar, nomeadamente mediante o anticipo total ou parcial do seu importe, con carácter previo á súa xustificación
- Informar, orientar e asesorar en materia de consumo ás persoas en situación de vulnerabilidade, para que poidan exercer axeitadamente os seus dereitos e xestionar os seus recursos de maneira eficiente
- Apoiar os servizos para a conciliación da familia en núcleos urbanos, a través do servizo de axuda no fogar para a infancia, ofertando un número suficiente de horas anuais de atención profesional para o coidado de menores no fogar, así como equipamentos específicos de apoio á conciliación

Axentes implicados	<p><b>Consellería de Política Social</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p><b>Consellería de Economía, Emprego e Industria</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Instituto Galego de Consumo</li> <li>• Instituto Enerxético de Galicia</li> </ul> <p><b>Corporacións locais</b></p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p> <p>Iniciativa privada</p>
--------------------	---

### **7.2.1- OBXECTIVO 5**

#### *Promover accións de loita contra a discriminación*

- Promover canles de comunicación e derivación entre servizos sociais e os Servizos de Orientación Xurídica dos Colexios de Avogados/as de Galicia para facilitar o acceso á asistencia xurídica gratuita das persoas en situación de vulnerabilidade que acrediten insuficiencia de recursos, segundo os criterios establecidos na normativa aplicable
- Introducir alertas nos protocolos de atención que permitan detectar casos nos que a asistencia xurídica gratuita non se solicita por descoñecemento, para evitar situacións de indefensión
- Promover nos respectivos Colexios de Avogacía o desenvolvemento de accións de información, formación e sensibilización, dirixidas ao colectivo de profesionais que exerce a defensa e representación xurídica das persoas inmigrantes e de minorías étnicas
- Impulsar fórmulas de coordinación entre os servizos sociais e Colexios de Avogados/as para facilitar a atención ás quedas de oficio de estranxeiría e violencia de xénero a mulleres inmigrantes maltratadas
- Realizar accións formativas sobre actuacións administrativas e policiais coas persoas inmigrantes dirixidas aos membros das forzas e corpos de seguridade (dereito de estranxeiría, protocolos de actuación, intervención con persoas menores estranxeiras non acompañadas...), a través da Academia Galega de Seguridade Pública
- Levar a cabo accións de sensibilización e formación ao persoal das forzas e corpos de seguridade na atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e a persoas e colectivos en situación de exclusión social
- Desenvolver accións formativas conxuntas entre o persoal da seguridade pública e o do sistema de servizos sociais para coordinar accións conxuntas, tanto no eido da prevención como das posibles actuacións nas que poidan actuar conxuntamente
- Promover que os organismos públicos con competencia en materia de formación ás/-aos membros da carreira xudicial, do Corpo Superior de Secretarios/as Xudiciais e a Administración de Xustiza inclúan accións formativas e/ou informativas sobre os procesos de intervención dos servizos sociais nos correspondentes programas de formación
- Realizar accións formativas dirixidas ás/-aos profesionais técnicos dos servizos sociais sobre os

	<p>procesos xudiciais relacionados con situacíons de vulnerabilidade social: modificación da capacidade das persoas, responsabilidade penal dos/as menores, medidas de protección de menores, desafiuizamentos da vivenda habitual...</p>
	<p>Favorecer a creación de espazos de encontro entre os/as membros da carreira xudicial e da Administración de Xustiza e os do sistema de servizos sociais para facilitarles unha mellor coordinación e coñecemento recíproco no marco dos programas formativos</p>
	<p>Promover e aplicar protocolos de coordinación entre a Administración de Xustiza e o Sistema de Servizos Sociais que melloren a eficacia das actuacíons nas que toman parte</p>
	<p>Promover un sistema de atención e apoio ás vítimas de discriminación que inclúa a mediación ou derivación ao <i>Consejo de No Discriminación por Origen Racial o Étnico</i>, en colaboración coas ONG</p>
	<p>Realización de accións dirixidas a combater os prexuízos sociais existentes sobre minorías étnicas, persoas inmigrantes e persoas sen recursos</p>
	<p>Promover a implicación dos medios de comunicación e das entidades de iniciativa social na loita contra a discriminación, a pobreza e a exclusión social; e na promoción da inclusión activa</p>
Axentes implicados	<p>Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad  Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xustiza</li> <li>• Secretaría Xeral de Igualdade</li> <li>• Escola Galega da Administración Pública - EGAP</li> <li>• Academia Galega de Seguridade Pública</li> </ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>Corporacións locais  Colexio Oficial de Avogados de Galicia  Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>

#### 7.2.2. ATENDER DE XEITO ESPECÍFICO E COMPLEMENTARIO OS FACTORES DE EXCLUSIÓN SOCIAL QUE PRESENTAN DETERMINADAS PERSOAS OU GRUPOS VULNERABLES PARA ACADAR A SÚA PLENA INCLUSIÓN SOCIAL

A Estratexia de Inclusión Social comprende e desenvolve medidas que, con carácter xeral, están dirixidas á mellorar as situacións persoais e familiares da súa poboación destinataria, de acordo co descrito no apartado quinto deste documento. Non obstante, existen determinados factores de vulnerabilidade ou situacións de desvantaxe dalgúns grupos de poboación que precisan dunha atención de carácter específica e/ou de medidas de acción positiva ou adaptadas ás características que presentan.

De acordo con isto, os grupos de persoas aos que se refiren os obxectivos comprendidos neste apartado, tales como persoas inmigrantes, reclusas, sen fogar ou mulleres vítimas de violencia

de xénero, entre outras, deben acceder aos dispositivos de carácter xeral para a inclusión social e laboral.

Sen prexuízo do anterior, a EIS Galicia, ao igual que o fixeron as dúas edicións do Plan Galego de Inclusión Social nos períodos 2001-2006 e 2007-2013, promoverá a existencia de recursos complementarios e apoios flexibles e adaptados para reforzar a eficacia da intervención e mellorar, deste xeito, os impactos desta nas situacións persoais e familiares de quen se atopa en risco ou situación de pobreza de exclusión social.

#### **7.2.2- OBXECTIVO 1**

##### ***Promover medidas dirixidas a aumentar a participación social e laboral das persoas inmigrantes***

- Desenvolver actuacións de información, orientación e asesoramento que faciliten ás persoas inmigrantes o acceso aos servizos públicos aos que teñen dereito, así como aos servizos privados
- Ofertar accións formativas dirixidas a introducir ás persoas inmigrantes de chegada recente no coñecemento sobre a cultura e valores da sociedade de acollida
- Creación dun dispositivo de acollida para as persoas refuxiadas que cheguen á Comunidade Autónoma de Galicia
- Crear unha Bolsa de horas para a realización de accións de mediación intercultural nos ámbitos clave como sanidade, vivenda, educación e emprego en colaboración coas entidades de iniciativa social
- Promover a participación das persoas inmigrantes en proxectos de inserción sociolaboral que inclúan, cando sexa preciso, a realización de accións para a súa alfabetización e competencias lingüísticas
- Facilitar información, orientación e asesoramento legal en materia de estraneiría ás persoas inmigrantes
- Apoiar ás persoas inmigrantes na xestión da homologación e validación dos títulos académicos non expedidos en España
- Promover actitudes de respecto e tolerancia coa diversidade cultural, favorecendo a creación de espazos de encontro entre a poboación de acollida e a poboación inmigrante
- Fomentar programas integrais de apoio a mulleres inmigrantes en situación de especial protección, nomeadamente en colaboración coas entidades de iniciativa social
- Favorecer a participación das persoas inmigrantes en todos os ámbitos da vida social: asociacións veciñais, de carácter deportivo, culturais... e outras fórmulas de participación na comunidade
- Fomentar programas de atención integral a mulleres en situación de explotación sexual e vítimas de trata de seres humanos, nomeadamente en colaboración con entidades de iniciativa social

Axentes implicados	<p>Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Secretaría Xeral de Igualdade</li> </ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul> <p>Consellería de Infraestruturas e Vivenda</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Instituto Galego da Vivenda e Solo</li> </ul> <p>Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP</p> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	---

#### **7.2.2- OBXECTIVO 2**

*Promover a inclusión sociolaboral das persoas retornadas*

	Fomentar o coñecemento da sociedade de acollida como garantía de inserción social a través de servizos de información, orientación e asesoramento xurídico e sociolaboral
	Facilitar axudas extraordinarias ás persoas emigrantes galegas retornadas en situación de especial vulnerabilidade, para axudarles a facer fronte aos gastos extraordinarios derivados do seu retorno
	Impulsar a formación laboral, presencial ou mediante teleformación, nos países de orixe axeitada ás demandas do mercado laboral galego
	Apoiar os programas de acceso, mantemento e promoción do emprego en Galicia, establecendo unha liña de axudas para promover o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas galegas retornadas

Axentes implicados	<p>Presidencia da Xunta de Galicia</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Secretaría Xeral da Emigración</li> </ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> </ul> <p>Consellería de Economía, Emprego e Industria</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Secretaría Xeral de Emprego</li> <li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li> </ul>
--------------------	---

#### **7.2.2- OBXECTIVO 3**

*Apoiar os procesos de reinserción sociolaboral das persoas reclusas e exreclusas, mediante dispositivos específicos nos centros penitenciarios*

	Establecer protocolos de colaboración coa Secretaría General de Instituciones Penitenciarias para consolidar a metodoloxía e dispositivos de intervención individualizada con persoas reclusas iniciados no anterior plan de Inclusión no Centro Provincial Penitenciario de A Coruña-Teixeiro, e estendelos a outros
--	---

- Deseñar e apoiar o desenvolvemento de proxectos personalizados coa poboación reclusa en centros penitenciarios de Galicia nas etapas previas a acadar a súa liberdade
- Consolidar procedementos de atención individualizada da poboación exreclusa a través do seguimento dos proxectos de inserción iniciados en fase de internamento
- Realizar programas de atención sanitaria e rehabilitación de persoas privadas de liberdade drogodependentes, con enfermidade mental, enfermas de SIDA e outras enfermidades
- Promover a implicación e sensibilización das persoas reclusas nos obxectivos de reinserción social doutras persoas internas, a través da participación en programas desenvolvidos por entidades de acción voluntaria nos centros penitenciarios

Axentes implicados	<p>Ministerio del Interior</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría General de Instituciones Penitenciarias</li> </ul> <p>Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Igualdade</li> </ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</li> <li>CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>Consellería de Sanidade</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Saúde Pública</li> <li>SERGAS</li> </ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	--

#### **7.2.2- OBXECTIVO 4**

*Reforzar e atender os proxectos de inserción sociolaboral de menores tutelados/as, ex tutelados/as, en garda, con medidas de protección ou suxeitos a medidas xudiciais de responsabilidade penal*

- Establecer fórmulas de coordinación entre o persoal de intervención da área de menores e os equipos de servizos sociais comunitarios para promover a continuidade dos proxectos de inserción cando estes constitúan un recurso idóneo para a persoa
- Promover o establecemento de modelos e ferramentas comúns de xestión da información para o desenvolvemento dos proxectos de inserción social, que optimicen a intervención e eviten duplicidade das accións en aras a acadar unha intervención mínima
- Desenvolver programas para a transición á vida autónoma e a inserción sociolaboral das persoas menores que saen dos circuitos de protección ou que cumplen unha medida xudicial por infracción penal

Axentes implicados	<p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica</li> <li>CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	---

### **7.2.2- OBXECTIVO 5**

*Ofertar unha intervención especializada para atender as necesidades das persoas sen fogar*

- Orientar, asesorar e acompañar ás persoas sen fogar nos trámites precisos para o acceso aos recursos sanitarios e do sistema público de protección social, a través de equipos técnicos dispostos nas principais cidades galegas en colaboración coas entidades de iniciativa social
- Desenvolver actuacións específicas de carácter preventivo do senfogarismo e paliativo para posibilitar a detección e tratamiento de patoloxías mentais, alcoholismo e outras adiccións
- Posibilitar recursos técnicos precisos para desenvolver unha metodoloxía de intervención promotora da súa autonomía persoal e inserción social que aborde de xeito específico os problemas de saúde mental das persoas sen fogar
- Impulsar o desenvolvemento, mediante reforma e acondicionamento, dos centros de atención continuada como dispositivos de primeiro nivel na atención das necesidades básicas e orientación das persoas en situación de exclusión severa
- Apoiar a disposición de recursos residenciais de media-longa estancia destinados a permitir unha intervención integral e o desenvolvemento de procesos individuais de adquisición de habilidades e competencias
- Apoiar a entidades de iniciativa social para a creación ou desenvolvemento de programas de vivendas tuteladas ou semituteladas para persoas en situación de senfogarismo ou vivenda precaria
- Estender o apoio da dita oferta de estancias a persoas que están en vivendas de aluguer, infravivenda e hostais ou pensións
- Promover programas que vinculen vivenda e integración social, que inclúan parques de vivenda pública de acceso transitoria a persoas e familias que perden a súa vivenda durante o período no que se traballe con elas o acompañamiento social e laboral
- Fomentar axudas económicas ao aluguer para persoas en vivendas inseguras ou inadecuadas
- Impulsar redes de coordinación sistémica de carácter local para a mellora na intervención coas persoas sen fogar e a canalización dos recursos comunitarios existentes
- Apoiar o desenvolvemento de campañas de sensibilización social, dende a etapa escolar, para aumentar a seguridade das persoas que se atopan sen fogar
- Cooperar no deseño, desenvolvemento e seguimento da Estratexia Nacional Integral de Persoas sen fogar
- Aumentar o coñecemento sobre a situación das persoas sen fogar en Galicia, unificando e mellorando os rexistros de información e a súa análise

**Axentes implicados**

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Inclusión Social
- CGSIB/AGSS

Consellería de Infraestruturas e Vivenda

- Instituto Galego de Vivenda e Solo  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
Consellería de Sanidade
- SERGAS  
Corporacións locais  
Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

### **7.2.2- OBXECTIVO 6**

*Desenvolver unha intervención integral e estratéxica coa comunidade xitana*

- Deseñar e poñer en marcha a Estratexia sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2014-2020
- Desenvolver actuacións e medidas compensatorias dirixidas á plena inclusión da poboación xitana en Galicia nos ámbitos clave de integración (educación, saúde, vivenda e emprego), con especial atención aos/as menores
- Aumentar o coñecemento sobre a situación da poboación xitana en Galicia

### Axentes implicados

- Presidencia da Xunta de Galicia
  - Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA
  - Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
  - Secretaría Xeral da Igualdade
- Consellería de Política Social
  - Dirección Xeral de Inclusión Social
  - CGSIB/AGSS
- Consellería de Infraestruturas e Vivenda
  - Instituto Galego de Vivenda e Solo
- Consellería de Economía, Emprego e Industria
  - Secretaría Xeral de Emprego
  - Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
  - Instituto Galego de Promoción Económica – IGAPE
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
  - Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
- Consellería de Sanidade
  - Dirección Xeral de Saúde Pública
  - SERGAS
- Corporacións locais  
Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

### **7.2.2- OBXECTIVO 7**

*Habilitar recursos de apoio para fomentar a inclusión social das persoas con discapacidade e das persoas con enfermidade mental*

- Apoiar a oferta de recursos de carácter psicosocial e aqueloutros orientados ao desenvolvemento das habilidades persoais e prelaborais, nomeadamente as habilidades e competencias de carácter

- non cognitivo: autocontrol das emocións, autodiagnóstico, comunicación, empatía, assertividade, resiliencia, escoita activa...
- Aumentar a participación social das persoas con discapacidade, especialmente das mulleres, e o uso dos recursos normalizados para favorecer a integración
- Mellorar a coordinación interdepartamental (servizos sociais, sanidade, educación, xustiza...) para garantir as intervencións coas persoas que precisan de prevención e/ou tratamento de enfermidades mentais, optimizando os recursos existentes
- Colaborar coa Administración Xeral do Estado no deseño e posta en marcha do Plan de Acción de la Estrategia Española sobre Discapacidad para el período 2013-2020
- Deseñar e poñer en marcha un novo Marco Estratéxico de Acción Integral para as persoas con discapacidade de Galicia en coordinación co plan estatal

<b>Axentes implicados</b>	<p>Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li> <li>• Secretaría Xeral do Deporte</li> <li>• Dirección Xeral de Xustiza</li> </ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade</li> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> </ul> <p>Consellería de Economía, Emprego e Industria</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Secretaría Xeral de Emprego</li> <li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li> </ul> <p>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul> <p>Consellería de Sanidade</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Saúde Pública</li> <li>• SERGAS</li> </ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
---------------------------	--

### **7.2.2- OBXECTIVO 8**

*Apoiar os procesos de rehabilitación e reinserción das persoas con problemas de adicción*

- Deseñar e desenvolver proxectos personalizados de carácter educativo-terapéutico e de inserción sociolaboral de persoas drogodependentes en proceso de rehabilitación, fundamentalmente nos centros de asistencia a drogodependentes e nas institucións penitenciarias
- Implantar protocolos de coordinación multisistema para garantir a continuidade das intervención coas persoas con trastornos aditivos
- Contribuír a sufragar os gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal e asistencia a trastornos relacionados coa drogodependencia a través das Axudas de Inclusión Social (AIS)
- Apoiar o desenvolvemento de accións sociofamiliares e comunitarias, orientadas á reinserción social e á diminución das consecuencias sociais das adiccionés como factor de exclusión

Facilitar recursos integrais de axuda a mulleres con problemas de adiccións en situación de risco ou exclusión social, como as mulleres drogodependentes, nomeadamente en colaboración con entidades de iniciativa social

Axentes implicados	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li></ul> Consellería de Política Social <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li></ul> Consellería de Economía, Emprego e Industria <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral de Emprego</li><li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li></ul> Consellería de Sanidade <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Saúde Pública</li><li>• SERGAS</li></ul> Federación Galega de Municipios e Provincias - FEGAMP Corporacións locais Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais
--------------------	--

#### **7.2.2- OBXECTIVO 9**

##### *Atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero*

Facilitarles ás mulleres vítimas de violencia de xénero unha atención integral que inclúa a información, a orientación e o asesoramento xurídico e económico, a atención psicolóxica, a axuda económica e o apoio para o acceso á vivenda e á inserción laboral

Atender os fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero nas súas necesidades específicas de reparación

Revisar os protocolos de atención a vítimas de violencia de xénero incorporando medidas dirixidas aos fillos e fillas ao amparo das reformas lexislativas previstas

Impartir formación ao persoal técnico dos servizos de atención especializada á vítima sobre aspectos relevantes a ter en conta na intervención con mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión social (factores culturais...)

Facilitar unha atención especializada ás vítimas de prostitución e/ou trata, como fenómeno extremo de violencia de xénero

Aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC para mellorar a coordinación entre os servizos de atención especializada a vítimas de violencia de xénero e os servizos sociais comunitarios

Establecer fórmulas de coordinación entre os servizos de atención especializada a vítimas de violencia de xénero e os servizos sociais comunitarios para reforzar o desenvolvemento das habilidades prelaborais das mulleres en proceso de inserción laboral

Reforzar as axudas económicas dirixidas ás mulleres vítimas de violencia de xénero previstas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004 e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Axentes implicados	<p>Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li> <li>• Escola Galega de Administración Pública – EGAP</li> </ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>Consellería de Sanidade</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• SERGAS</li> </ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	--

### **7.2.3. GARANTIR UNS INGRESOS MÍNIMOS VINCULADOS Á ACTIVACIÓN SOCIOLABORAL**

O principal problema que enfrentan as familias en situación de risco de exclusión é a escaseza ou ausencia de recursos estables que lles permitan desenvolver unha vida normal, acadar un traballo e ofrecer posibilidades dunha vida mellor para os seus fillos e fillas. Asegurar as rendas mínimas é o primeiro paso para garantir a cobertura das necesidades básicas. Pero, unha vez garantidos os medios suficientes, a inclusión social require dunha participación activa en itinerarios formativos e sociolaborais que promovan á plena activación das capacidades das persoas, á plena participación no mercado de traballo e garantan as oportunidades de educación e formación para o emprego que necesitan as persoas menores de idade.

#### **7.2.3- OBXECTIVO 1**

*Articular axudas de carácter económico para atender situacións persoais e familiares de necesidade social*

**G**arantir o dereito a uns ingresos mínimos para quen se atope nunha situación de pobreza e/ou exclusión social, vinculados a un proxecto de integración social e familiar elaborado polos servizos sociais comunitarios

**A**compañar e estimular a inserción e transición ao emprego das persoas perceptoras da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) a través de proxectos personalizados, compatibles co acceso parcial ao emprego

Axentes implicados	<p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>Consellería de Economía, Emprego e Industria</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li> </ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	---

### **7.2.3- OBXECTIVO 2**

*Promover a activación das persoas en situación de pobreza e exclusión social co fin de evitar a cronificación da súa dependencia dos dispositivos de axuda*

- Acompañar no desenvolvemento de proxectos de inserción social e laboral realistas e adecuados ás persoas perceptoras da RISGA, especialmente ás comprendidas no tramo de inserción
- Integrar actividades de motivación e de axuste persoal nos proxectos de inclusión, co fin de fortalecer a consecución dos obxectivos dos proxectos
- Fomentar a lóxica da obriga recíproca entre a persoa que recibe as prestación e/ou os servizos e a administración que os prové, así como o compromiso de participación no proxecto de inserción
- Asegurar a participación das persoas perceptoras da RISGA nas actividades previstas nos seus proxectos de inserción, posibilitando, de xeito excepcional, o reforzo complementario de Axudas de Inclusión Social (AIS)
- Desenvolver actividades formativas e informativas sobre consumo e administración da economía doméstica, vinculando a percepción da RISGA á participación nelas
- Executar un programa, cofinanciado polo FSE (obxectivo operativo 8 “emprego”), para posibilitar o acceso temporal ao emprego de persoas perceptoras da RISGA, co obxecto de promover a súa activación, mellorar a súa empregabilidade e evitar a cronificación das situacóns de exclusión
- Activar mecanismos áxiles de volta aos dispositivos de protección social para evitar unha situación de risco ou exclusión

Axentes implicados	<p>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>ConSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral de Emprego</li><li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li><li>• Instituto Galego de Consumo</li></ul> <p>CORPORACIÓNS LOCAIS</p> <p>ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS</p>
--------------------	--

### **7.2.3- OBXECTIVO 3**

*Apoiar a atención dos/as menores nos fogares en situación de vulnerabilidade ou de pobreza, promovendo o exercicio positivo das responsabilidades parentais*

- Garantirles ás/-aos menores en etapa de escolarización obligatoria o acceso a recursos educativos de reforzo que favorezan a igualdade de oportunidades e o seu desenvolvemento persoal
- Realizar actuacións de intervención educativa e psicosocial nas familias e promover a adquisición de habilidades parentais, nomeadamente a través do servizo de educación e apoio familiar
- Introducir medidas compensatorias para garantir a atención e dereitos dos/as menores de idade nos casos de extinción da RISGA aos seus maiores por non se responsabilizar das súas obrigas

Favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar das persoas perceptoras de RISGA, nomeadamente no tramo de inserción, valorando a dita situación nos baremos para o acceso dos seus fillos/as nas escolas infantís da Rede pública, e a través doutras medidas como servizos de apoio familiar que faciliten o axeitado desenvolvemento dos itinerarios de inserción sociolaboral

Axentes implicados	<p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li></ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	--

#### 7.2.4. FAVORECER A INSERCIÓN LABORAL NUN MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO

En época de expansión económica o mercado de traballo creou oportunidades para a inserción laboral e para a inclusión social en Galicia e en España. Sen embargo, mesmo entón había persoas con dificultades para acceder ao mercado de traballo, ben pola súa baixa cualificación, ben pola falta de competencias persoais e polos atrancos que atopaban no seu contorno. Estes podían ser de tipo familiar, social ou cultural, ou ter a súa causa en barreiras físicas ou distancias respecto das áreas cun maior dinamismo económico, nas que se creaba emprego.

Na actualidade, a estas persoas con dificultades engadíronse moitas outras para quen a escaseza de emprego é o principal motivo de exclusión. Ante a previsible expansión do mercado de traballo, resulta imprescindible que exista un tránsito fluído entre os dispositivos de inclusión social e os de emprego para garantir que as oportunidades non cheguen en exclusiva ás persoas e familias que xa contan cunha aceptable inserción laboral e unha plena participación na vida económica e social.

##### 7.2.4- OBXECTIVO 1

*Reformular as políticas activas de emprego para adaptalas ás necesidades específicas das persoas en situación de risco ou exclusión social coa finalidade de promover o seu acceso ao mercado laboral dunha maneira efectiva*

Priorizar e reforzar as políticas activas de emprego cara ás persoas que residen en fogares onde hai unha baixa intensidade de emprego, co fin de promover a inclusión das persoas integrantes da unidade de convivencia

- Prestar apoio sociolaboral aos/as traballadores/as pobres, que contan con pequenos ingresos e viven en situacións precarias, co fin de evitar a cronificación e a exclusión
- Fomentar accións dirixidas á empregabilidade das persoas nos fogares con menores ou persoas dependentes a cargo
- Promover, no marco dos proxectos de inserción sociolaboral, o acceso das persoas en situación de vulnerabilidade aos recursos de formación básica e de tipo laboral específico
- Fomentar programas de reciclaxe e orientación profesional para as persoas con baixa formación e experiencia laboral, nomeadamente nos sectores afectados pola crise, co fin de que poidan recolocarse nas ocupacións que rexistran maior demanda
- Facilitar programas de actualización curricular que posibiliten o desempeño de determinadas ocupacións a persoas que, por mor das novas exixencias de cualificación, non poden continuar en profesións claves para o desenvolvemento do territorio
- Posibilitar vías de acceso a certificados de profesionalidade, a través de convocatorias de exames de competencias clave de niveis 2 e 3, reforzando os servizos de formación preparatoria para superar os ditos exames
- Estudar e propor fórmulas flexibles para que a formación ocupacional que imparten as entidades de iniciativa social, adaptada ás persoas en situación de vulnerabilidade, leve aparellada a certificación das unidades de competencia impartidas, sempre e cando se axuste aos requisitos establecidos
- Garantir o acceso das persoas en risco de exclusión para os programas mixtos de formación para o emprego, a través de reserva de prazas
- Desenvolver unha formación adaptada ás aptitudes das persoas, procurando a súa inserción laboral mediante o desenvolvemento naqueles traballos para os que están más capacitadas
- Desenvolver medidas específicas para promover o acceso ao mercado laboral das persoas menores de 30 anos, especialmente daquelas con baixa cualificación e sen experiencia laboral previa, no marco da Estratexia sectorial de Emprego Xuvenil
- Habilitar medidas específicas para favorecer a reincorporación laboral das persoas en situación de desemprego de longa duración, en especial das maiores de 45/50 anos

Axentes implicados	Consellería de Política Social <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</li> </ul> Consellería de Economía, Emprego e Industria <ul style="list-style-type: none"> <li>Secretaría Xeral de Emprego</li> <li>Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li> </ul> Corporacións locais           Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais
--------------------	--

#### **7.2.4- OBXECTIVO 2**

*Promover accións para a activación e mellora da empregabilidade das persoas en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social*

- Reorientar a metodoloxía de intervención, dotándoa dunha perspectiva familiar, nos casos dos fogares de baixa intensidade laboral ou con todos os seus membros activos en situación de desemprego
- Posibilitar o acceso público, a través de web, da información que permita identificar viveiros de emprego e cambios no mercado de traballo
- Desenvolver medidas individualizadas para a orientación e o acceso aos recursos para o emprego, en colaboración co Servizo Público de Emprego de Galicia e as entidades de iniciativa social, baseadas no coñecemento e contacto directo coas empresas da contorna
- Desenvolver os contidos da formación para o emprego e capacitación profesional adaptados, na medida do posible, ás características e circunstancias persoais vinculadas a un ou varios factores de vulnerabilidade
- Ofertar recursos para facilitar a busca activa de emprego e orientar sobre o seu uso con apoio das TIC para acadar maiores oportunidades laborais
- Facilitar un acompañamiento personalizado nos servizos de intermediación laboral, apoiando o proceso de inserción e adaptación á empresa
- Impulsar medidas de orientación e accesibilidade ao emprego para persoas con discapacidade, a través de fórmulas como o emprego con apoio, de acompañamiento ao emprego e adaptación persoal ao posto de traballo ou enclaves laborais en empresas ordinarias
- Fomentar medidas de discriminación positiva a favor das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro na contratación da xestión de servizos públicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público
- Apoiar as empresas de inserción, facilitando axudas para a contratación de persoas desempregadas nas que concorren factores de exclusión e establecendo reservas de participación nos contratos que efectúe a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
- Reforzar os procesos de transición das persoas que traballan no ámbito do emprego protexido ao mercado laboral ordinario

Axentes implicados	<p>Presidencia da Xunta de Galicia</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA</li></ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>Consellería de Economía, Emprego e Industria</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral de Emprego</li><li>• Dirección Xeral de Promoción e Orientación Laboral</li></ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	---

#### **7.2.4- OBXECTIVO 3**

##### *Fomentar o emprendemento, o emprego autónomo e as iniciativas de economía social*

- Garantirlles ás persoas en situación ou risco de exclusión o acceso á información sobre os recursos e axudas existentes para o apoio do emprego autónomo, proxectos emprendedores, cooperativismo ou doutras formas de economía social
- Apoiar ás persoas en situación de vulnerabilidade con perfil emprendedor na creación e posta en marcha de pequenos negócios e microempresas, facilitando asesoramento, titoría e o acceso ao financiamento a través dos microcréditos
- Impulsar, de xeito prioritario, o acceso das mulleres vítimas de violencia de xénero ás axudas de fomento do emprendemento feminino
- Fomentar as entidades de economía social a través de accións de sensibilización, asesoramento e apoio económico, e favorecer a súa modernización para mellorar a súa competitividade
- Estimular a regularización das actividades profesionais non declaradas ou non recoñecidas, nomeadamente a través da realización de accións de información e asesoramento legal e fiscal
- Dar prioridade no acceso ás axudas de fomento do emprendemento ás persoas en situación de risco e/ou exclusión social, en especial ás mulleres
- Promover o emprendemento das persoas novas desde a etapa educativa e impulsar programas para a posta en marcha dos seus proxectos empresariais, favorecendo espazos para a transmisión de coñecemento e a titorización por parte daqueles/as que contan con experiencia
- Poñer en valor o potencial das oportunidades laborais no rural e favorecer recursos para o acompañamiento no emprendemento neste ámbito, coa finalidade de fixar poboación nos territorios más afectados polo desequilibrio territorial e mellorar a súa calidade de vida

Axentes implicados	<p>Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li></ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>Consellería de Facenda</p> <p>Consellería de Economía, Emprego e Industria</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral de Emprego</li><li>• Dirección Xeral de Promoción e Orientación Laboral</li><li>• Instituto Galego de Promoción Económica</li></ul> <p>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li></ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	---

#### **7.2.4- OBXECTIVO 4**

*Promover a colaboración da iniciativa privada nos obxectivos de inserción laboral das persoas más vulnerables*

- Desenvolver programas de colaboración con empresas e entidades privadas para o aumento da empregabilidade e/ou a inserción laboral das persoas con dificultades de acceso ao mercado de traballo, a través de proxectos persoais titorizados
- Incentivar ás empresas para que promovan titorías do seu persoal máis capacitado ao alumnado ou persoas traballadoras en prácticas procedentes de programas de inserción: axudas, beneficios, responsabilidade social empresarial, incentivos retributivos nos convenios colectivos para os/as titores/as en función dos resultados do seu alumnado...
- Apoiar con liñas de axuda, como incentivos, as empresas que contraten persoas pertencentes a colectivos en risco de pobreza e exclusión social
- Establecer protocolos de cooperación entre os equipos de inclusión sociolaboral e as empresas para apoiar a inserción laboral da poboación destinataria da Estratexia, facilitando candidaturas nos procesos de selección de persoal e/ou promovendo recursos formativos adaptados ás súas necesidades
- Realizar accións de sensibilización, información e asesoramento nas empresas sobre as medidas de promoción do emprego de persoas con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral
- Desenvolver o selo de Empresa inclusiva establecido na Lei 10/2013, de inclusión social, vinculándoo tamén á participación das empresas nos obxectivos da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020
- Reixistrar e difundir boas prácticas de iniciativas empresariais comprometidas co desenvolvemento dunha sociedade e/ou territorios inclusivos
- Promover a sensibilización no sector empresarial para a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero

Axentes implicados	<p>Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li></ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li></ul> <p>Consellería de Economía, Emprego e Industria</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral de Emprego</li><li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>Axentes sociais</p> <p>Iniciativa privada</p>
--------------------	--

#### **7.2.4- OBXECTIVO 5**

*Promover unha intervención conxunta entre o Sistema galego de Servizos Sociais e as oficinas do Servizo Público de Emprego*

- Aprobar protocolos de coordinación que garantan unha axeitada conexión entre os servizos sociais e os servizos de emprego para garantir o carácter integral e a continuidade das intervencións
- Establecer a prioridade de acceso aos programas de fomento do emprego das persoas en risco ou situación de exclusión social acreditada polos servizos sociais comunitarios
- Dispoñer dos recursos de apoio conxuntos precisos para garantir o acceso non discriminatorio e en igualdade de oportunidades das persoas máis vulnerables, tales como a mediación intercultural
- Reforzar as canles de derivación entre os centros de emerxencia de atención ás vítimas de violencia de xénero e o Servizo Público de Emprego de Galicia

Axentes implicados	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li></ul> Consellería de Política Social <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> Consellería de Economía, Emprego e Industria <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral de Emprego</li><li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li></ul> Corporacións locais <ul style="list-style-type: none"><li>• Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</li></ul>
--------------------	---

#### **7.2.4- OBXECTIVO 6**

*Fomentar no ámbito laboral a igualdade entre mulleres e homes e a diversidade*

- Promover a implantación de plans de igualdade e programas de conciliación nas empresas, nomeadamente no marco do Plan Estratégico Galego de Responsabilidade Social Empresarial 2012-2014
- Fomentar a implantación de boas prácticas na xestión da idade dentro das empresas, acompañadas de accións de sensibilización para a contratación de persoas maiores de 45/50 anos e menores de 30 anos
- Realizar accións promotoras da diversidade e de sensibilización para a non discriminación no acceso laboral por mor de discapacidade, orientación sexual, pertenza a minorías étnicas ou condición de inmigrante

Axentes implicados	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li></ul> Consellería de Política Social <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral Inclusión Social</li></ul>
--------------------	--

- CGSIB/AGSS
- Consellería de Economía, Emprego e Industria
- Secretaría Xeral de Emprego
- Axentes sociais

### 7.2.5. PROMOVER O ACCESO Á EDUCACIÓN E Á FORMACIÓN PREVINDO O FRACASO ESCOLAR E AUMENTANDO OS NIVEIS DE COMPETENCIAS

O fracaso escolar en Galicia continúa sendo moi elevado a pesar da intensa redución vivida durante o período 2008-2013. Concretamente, o indicador coñecido como “abandono escolar temperán” na estratexia Europa 2020, situouse no 20,3% do alumnado, un 2,2% por debaixo da media nacional. A redución durante 2013 foi do 2,7%. De continuar ese ritmo, sería posible cumplir o obxectivo do 15% marcado para 2020 e mesmo o obxectivo do 10% marcado para o conxunto de Europa.

De todos modos, esa posible converxencia debe ser revisada á luz doutros datos que ofrece a serie histórica. Concretamente, Galicia xa se situara en 2006 no 25,1% de fracaso escolar, logo dunha redución do 1,8% no período 2000-2006. A evolución de Galicia é positiva, similar ao do conxunto de España, e o diferencial é agora menor que en 2008.

O conxunto de países da Unión Europea (UE 28) ten unha media do 11,9% de abandono escolar temperá, un 8,4% por debaixo da galega. No contexto europeo este abandono vai vinculado a taxas baixas de desemprego xuvenil. Non obstante, en toda España o alto abandono escolar vai acompañado dun alto desemprego xuvenil, o que fai pensar na existencia doutro tipo de problemas que é necesario abordar.

Daquela, a Estratexia focaliza o seu esforzo na redución do abandono escolar temperán, non só desde a óptica da obtención de titulacións académicas, senón especialmente na adquisición de competencias persoais e laborais útiles para o desenvolvemento dunha carreira profesional, garantindo a introdución de hábitos de aprendizaxe permanente e reintroducindo en sistemas de formación. Tamén se centra na potenciación da educación regrada das persoas que abandonaron de forma temperá, poñendo en marcha actuacións orientadas a ofrecer unha segunda oportunidade educativa.

#### 7.2.5- OBXECTIVO 1

*Reforzar a escolarización e a atención temperá*

Fomentar a escolarización dos/a menores na etapa da educación infantil (0-6) dos nenos e nenas das familias máis vulnerables, como elemento socializador para os más pequenos/as e facilitador da conciliación e da busca activa e/ou mantemento do emprego

Garantir unha atención especializada multidisciplinar, no marco da Rede Galega de atención temprá, para asistir as necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos/as de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento da súa autonomía persoal ou que están en risco de padecelos

#### Axentes implicados

##### ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Dirección Xeral de Inclusión Social
- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
- CGSIB/AGSS

##### ConSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

##### ConSELLERÍA DE SANIDADE

- Dirección Xeral de Saúde Pública
- SERGAS

##### Corporacións locais

##### Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

#### 7.2.5- OBXECTIVO 2

*Incrementar a asistencia e permanencia na escola e mellorar os resultados académicos nas etapas de escolarización obligatoria*

Desenvolver medidas de adaptación curricular e de orientación psicopedagógica dirixidas a garantir unha oferta educativa flexible adaptada ás necesidades do alumnado nos casos de baixo rendemento ou risco de abandono escolar prematuro

Investir na reciclaxe e formación continua do persoal docente para mellorar as súas habilidades pedagógicas e socioeducativas coa finalidade de facilitar a súa adaptación ás necesidades individuais do alumnado e evitar o abandono escolar prematuro

Facilitar o acceso a medidas de reforzo escolar a menores que o precisen, de xeito complementario aos programas de acompañamento e apoio escolar nos centros de educación primaria e secundaria que se desenvolvan no marco do Programa PROA, con especial atención aos/as menores dos colectivos especialmente vulnerables: mozos/as con discapacidade, de etnia xitana, doutras minorías étnicas, inmigrantes...

Desenvolver actuacións específicas de reforzo educativo que traten de compensar de xeito inicial as carencias e necesidades do alumnado inmigrante que se incorpora ao sistema educativo

Establecer un protocolo de actuación que garanta o contacto entre o centro escolar e os pais/nais, titores, gardadores ou centros de menores, desde o primeiro momento no que se comezan a producir faltas non xustificadas de asistencia a clase

Promover a aprobación de protocolos de coordinación entre os centros escolares e os servizos sociais comunitarios para a detección precoz de situaciones de necesidade no alumnado, facilitando a súa entrada aos recursos normalizados e evitando a estigmatización

Promover os servizos e recursos que facilitan unha diminución significativa do absentismo -como comedores, actividades extraescolares, etc., en especial entre as familias con maior risco, en

	colaboración coas ONG
	Desenvolver talleres de apoio á parentalidade positiva que axuden a sensibilizar e implicar aos pais e nais no desenvolvemento dos estímulos que precisan os seus fillos e fillas para completar a etapa educativa
Axentes implicados	<p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Secretaría Xeral Técnica</li> <li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>

#### **7.2.5- OBXECTIVO 3**

##### *Promover e apoiar medidas para favorecer a integración e a convivencia nos centros educativos*

	Aportar os recursos que precise o alumnado dos colectivos especialmente vulnerables (mozos/as con discapacidade, de etnia xitana, doutras minorías étnicas, inmigrantes...) para recibir unha educación de calidade que dea resposta á súa diversidade
	Achegar unha maior dotación de recursos educativos técnicos e materiais aos centros que rexistran alumnado con maior índice de vulnerabilidade
	Potenciar a atención á diversidade nos centros educativos, a través de actuacións que promovan a integración e a convivencia intercultural, así como o coñecemento e respecto das diversas culturas
	Fomentar actividades extraescolares que favorezan a integración e a convivencia nos centros situados en áreas urbanas onde concorren altos índices de marxinalidade e en áreas rurais con alta dispersión, aproveitando o seu potencial para mellorar a conciliación
	Optimizar o uso dos centros educativos para realizar actividades formativas dos pais e nais, especialmente daqueles en risco ou situación de exclusión, no horario non lectivo, ao tempo que os seus fillos/as realizan actividades extraescolares, aproveitando as sinerxías para mellorar a conciliación, a inclusión e a igualdade de oportunidades a través dunha formación non regrada que permita descubrir as potencialidades individuais e colectivas
	Fomentar a inclusión a través do uso dos equipamentos educativos como espazos de convivencia, de ocio e esparexemento, de divulgación cultural e de formación continua non regrada, procurando unha participación aberta que evite a estigmatización
	Promover valores de solidariedade e participación nos obxectivos de desenvolvemento comunitario no ámbito educativo, achegando información sobre programas de voluntariado e establecendo vínculos entre as entidades de iniciativa social e a comunidade educativa (pais, nais, profesorado e alumnado)

Aproveitar os comedores escolares para potenciar a adquisición de hábitos alimentarios saudables entre o alumnado e as súas familias

Axentes implicados	<p>Presidencia da Xunta de Galicia</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral para o Deporte</li></ul> <p>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</li></ul> <p>ConSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral Técnica</li><li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li><li>• Dirección Xeral de Centros e Recursos</li></ul> <p>ConSELLERÍA DE SANIDADE</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Saúde Pública</li></ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	--

#### 7.2.6. PROMOVER A INCLUSIÓN SOCIAL E A EMPREGABILIDADE MEDIANTE ESTRATEGIAS DE CUALIFICACIÓN A TRAVÉS DE RECURSOS EDUCATIVOS E DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E DA APRENDIZAXE PERMANENTE

A empregabilidade das persoas en situacións de pobreza e exclusión social diminúe canto máis persiste a situación de desemprego, debido á conseguinte perda de información sobre os contextos laborais e á perda de hábitos relacionados co mundo do traballo. Ademais, pódese producir unha perda de confianza nas propias capacidades, a cal é un eficaz motor de cambio ou unha causa adicional de ausencia de mobilidade social. Daquela, resulta determinante compensar esa perda a través de sistemas de acceso á cualificación e á práctica profesional.

Esa mesma necesidade tamén se vive na procura do primeiro emprego. Mentre as persoas con cualificación teñen dificultades de acceso que poden compensar cos seus créditos académicos, as persoas que non obteñen unha cualificación suficiente a causa do fracaso escolar carecen de credenciais de acceso ao mercado de traballo. O actual desenvolvemento da formación profesional e a posta en marcha dos programas de Formación Profesional Básica están mellorando de forma importante a oferta de prazas. Pero ao mesmo tempo, é necesario impulsar medidas que faciliten o acceso nos casos de exclusión territorial, así como nos que existe unha maior fenda formativa, establecendo mecanismos compensatorios para facilitar o desenvolvemento de itinerarios de formación e cualificación adaptados a esas situacións.

### **7.2.6- OBXECTIVO 1**

*Promover e mellorar a conexión entre a Formación Profesional e o mercado laboral*

- Mellorar a oferta e o acceso aos ciclos da Formación Profesional Básica con independencia do seu ámbito territorial de residencia
- Adaptar a formación para o emprego coa finalidade de asegurar que os coñecementos e habilidades que se adquieren nos centros de Formación Profesional respondan ás necesidades reais das empresas
- Formar aos formadores/as nas habilidades para a captación das tendencias e demandas dos mercados de traballo e a introdución dos axustes precisos nos contidos formativos que imparten
- Aumentar o acceso á orientación académica e profesional do alumnado para acadar un maior axuste entre os seus intereses e potencialidades persoais, a oferta formativa e as vías de acceso ao mercado de traballo
- Incentivar a implantación do modelo de formación dual, de forma que aumente a participación das empresas no deseño da Formación Profesional co fin de adaptala ás necesidades de contratación dos sectores produtivos galegos e de aumentar e mellorar a inserción laboral do alumnado

#### **Axentes implicados**

- Consellería de Política Social
  - Dirección Xeral de Inclusión Social
- Consellería de Economía, Emprego e Industria
  - Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
  - Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
- Corporacións locais
- Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais
- Iniciativa privada

### **7.2.6- OBXECTIVO 2**

*Promover a cualificación das persoas con menor nivel formativo, especialmente daquelas en situación de desemprego prolongado*

- Ofertar e desenvolver accións formativas de preparación dos exames de competencias clave dos niveis 2 e 3 para persoas en situación de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión social
- Posibilitar que as persoas poidan acceder á formación con independencia do seu lugar de residencia, mediante as TIC ou con accións formativas mixtas (on-line e presenciais), asegurando que dispoñan dos medios necesarios, que haxa control do que fan e que se faga un seguimento dos coñecementos, de maneira que poidan comprobar que teñen verdadeira aplicación práctica
- Fomentar o acceso a programas de segunda oportunidade a persoas desempregadas con baixa cualificación, apoiando o seu acceso á formación e certificación de competencias profesionais

Promover a realización de accións formativas dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade que acrediten oficialmente as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou por vías de formación non formais

Habilitar incentivos para reforzar ás persoas en risco ou situación de exclusión que acadasen os certificados de competencias clave, de profesionalidade ou calquera outra cualificación profesional

#### Axentes implicados

Presidencia da Xunta de Galicia

- Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA
- Consellería de Política Social

• Dirección Xeral de Inclusión Social

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego

- Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral

Corporacións locais

Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

#### 7.2.6- OBXECTIVO 3

*Promover a orientación sobre os recursos educativos e a formación ao longo da vida*

Favorecer a participación, co apoio de medidas de adaptación, de persoas en situación de exclusión social analfabetas ou con baixos niveis de estudos nas ensinanzas básicas iniciais e educación secundaria comprendidos nos programas de educación de persoas adultas

Introducir nos programas de alfabetización e de formación básica actividades de aprendizaxe para a participación social, así como de acceso ás TIC

Apoiar a mellora das capacidades básicas e as competencias clave da poboación adulta, incluídas as persoas inmigrantes, e a creación de novas oportunidades para capitalizar os seus coñecementos e competencias

Aumentar a oferta formativa en modalidades non presenciais ou mixtas, dirixida a persoas excluídas ou en risco de estalo, especialmente naquela formación no que o potencial alumnado é residente en áreas semiurbanas ou rurais

Potenciar a participación en accións formativas das persoas inmigrantes, especialmente mulleres inmigrantes en situación ou risco de desarraigado por falla de redes sociais e/ou coñecemento do idioma da sociedade de acollida, así como tamén favorecer o acceso á información dos procesos de convalidación e homologación dos títulos, co fin de activar o seu proceso de inserción

Incluír nos proxectos de inserción servizos de información e orientación sobre os recursos e axudas á educación e á formación laboral dirixidos, dun xeito especial, ás persoas con baixo nivel de cualificación

Fomentar a acción voluntaria nas bibliotecas, co fin de que poidan prestar con máis eficacia a súa función de formar e acceder á cultura en igualdade de oportunidades a toda a ciudadanía por medio de procesos áxiles e innovadores e apoiar proxectos de animación lectora e sociocultural, actividades culturais, aprendizaxe doutras linguas...

Axentes implicados	<p>Presidencia da Xunta de Galicia</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA</li> </ul> <p>Consellería de Política Social</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>Consellería de Economía, Emprego e Industria</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li> </ul> <p>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	---

#### 7.2.7. FAVERORECER A INCLUSIÓN SOCIAL A TRAVÉS DA ATENCIÓN E DO COIDADO DA SAÚDE

Existe a necesidade de mellorar espazos para que a inclusión social constitúa un obxectivo das intervencións sociosanitarias. De forma específica, hai que seguir avanzando no desenvolvemento de servizos arredor da inserción sociolaboral das persoas con discapacidade, mellorando os dispositivos ocupacionais e laborais cos que conta o sector.

Outra cuestión que continúa requirindo atención é a inclusión social das persoas afectadas por adiccións, dado que conxungan elementos de vulnerabilidade e de exclusión social, precisando ademais de terapias específicas que complementen os esforzos de inclusión.

Merece unha especial mención o deterioro de saúde mental das persoas relacionado co desenvolvemento da crise e coa súa vivencia subxectiva. Lonxe da empatía que espertan outras doenzas, a enfermidade mental crea desconfianza, estigmatización e discriminación, polo que merece unha atención particular. Non resulta incapacitante na mesma medida que outras enfermidades, pero precisa de aceptación e acompañamento. Tampouco se coñecen con precisión as consecuencias da crise na saúde mental das persoas en situación de vulnerabilidade, nin as novas necesidades de atención que se derivan desas situacións, polo que se adoptarán medidas para mellorar o coñecemento e a abordaxe desta problemática.

### **7.2.7- OBXECTIVO 1**

*Favorecer o acceso á prevención e atención sanitaria, nun definido marco de coordinación e interacción entre os servizos sanitarios e os servizos sociais*

- Garantir a asistencia sanitaria ás persoas sen recursos con residencia efectiva en Galicia, incluídas as persoas inmigrantes sen cobertura, a través do Programa galego de protección social da saúde pública
- Facilitar medicamentos a persoas destinatarias desta Estratexia que non teñen acceso a estes
- Apoiar accións de información e sensibilización entre o sistema sanitario e os servizos sociais para achegar o uso dos recursos sanitarios ás familias en situación vulnerabilidade -en especial daquelas con persoas menores-, eliminando os obstáculos de acceso a estes, incluídos os culturais e lingüísticos
- Establecer un paquete axeitado de vacinación e probas médicas, que garanta o dereito á saúde de todos os menores de 18 anos, previndo o máximo posible de enfermidades e doenças
- Promover, a través da reserva de prazas, a participación das persoas en situación ou risco de exclusión nas actividades da Escola Galega de Saúde para Cidadáns do SERGAS
- Mellorar as canles de comunicación entre os servizos de atención primaria de saúde e os servizos sociais, así como a actuación coordinada entre ambos, nomeadamente na abordaxe de problemas de carácter sociosanitario, a través de protocolos de actuación, accións de formación convxuntas, traballo en rede...
- Innovar fórmulas que permitan a prestación de servizos sanitarios a persoas establecidas en áreas en despoboamento e envellecemento demográfico, especialmente rurais, a través das TIC e/ou puntos de atención móbiles e flexibles

#### Axentes implicados

ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Dirección Xeral de Inclusión Social
- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
- CGSIB/AGSS

ConSELLERÍA DE SANIDADE

- Dirección Xeral de Saúde Pública
- SERGAS

Corporacións locais

Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

### **7.2.7- OBXECTIVO 2**

*Promover a calidade de vida e favorecer a integración dos colectivos con especiais necesidades de atención sanitaria*

- Facilitar espazos e oportunidades de intercambio, doazón e préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou limitacións temporais da súa autonomía persoal, con apoio das TIC

	Planificar e desenvolver actuacións encamiñadas á promoción de estilos de vida saudables e a prevención da enfermidade desde a etapa infantil, axustadas ás características culturais e sociais da poboación
	Favorecer a inclusión social da infancia e xente nova en idade escolar a través do deporte, apoiando programas de acceso non discriminatorio á práctica de actividades físico-deportivas, combinadas coas facetas de participación, bo uso do lecer e coidado da saúde asociadas
	Definir, no marco dun plan integrado, actuacións complementarias entre os servizos de saúde e os servizos sociais que faciliten os procesos de inserción social das persoas con enfermidade mental e con outros tipos de discapacidade
	Promover hábitos de vida saudable e o acceso aos programas sanitarios de carácter preventivo desenvolvidos pola Administración sanitaria e o Servizo Galego de Saúde
	Desenvolver, dentro dos programas de fomento de vida saudable, accións de prevención das condutas aditivas e/ou disfuncionais, especificamente o consumo de drogas, dirixidas á poboación menor, en xeral, e en particular a menores en situación de vulnerabilidade
	Facilitar no ámbito sanitario medidas de atención á diversidade, que inclúan accións formativas a persoal traballador nas institucións sanitarias e accións de mediación intercultural para o apoio na atención de persoas pertencentes a minorías étnicas e persoas inmigrantes, cando proceda, en colaboración coas entidades de iniciativa social
	Impulsar programas de voluntariado no ámbito hospitalario, que reforcen os obxectivos de integración social e de acompañamento ás persoas ingresadas en situación de soildade ou con redes sociais escasas

Axentes implicados	<p>Presidencia da Xunta de Galicia</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia – AMTEGA</li> </ul> <p>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade</li> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>ConSELLERÍA DE SANIDADE</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral Saúde Pública</li> <li>• SERGAS</li> </ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
--------------------	--

#### ***7.2.7- OBXECTIVO 3***

*Desenvolver programas de atención específica a persoas en situación de risco ou con deterioro da súa saúde*

Realizar actividades complementarias que aumenten a autonomía e favorezan a rehabilitación e integración das persoas con especiais necesidades de atención sociosanitaria (trastornos aditivos, diversos trastornos da conducta, enfermidades raras...), en colaboración con entidades sen ánimo de lucro

	Definir actuacións conjuntas e complementarias entre os servizos de saúde e os servizos sociais que faciliten os procesos de inserción social das persoas con enfermidade mental
	Promover que o persoal sanitario colabore co persoal dos servizos sociais que presta atención directa continuada, nos domicilios ou nos centros
	Coordinar e complementar o servizo de axuda no fogar cos recursos da atención sanitaria domiciliaria
	Fomentar a coordinación entre os servizos de saúde e os servizos sociais na adopción de medidas que aseguren a atención das persoas que rexeiten a intervención social e/ou tratamento sanitario indicados, requirindo a colaboración da Administración de Xustiza cando sexa necesaria
	Desenvolver medidas de acompañamento na contorna das persoas con VIH en situación de exclusión social para reforzar o seu apoio sociosanitario
	Profundar no coñecemento dos procesos aditivos, a través dun estudo de comorbilidade psiquiátrica en adiccións
	Asegurar o acceso aos servizos sanitarios dos/as menores inmigrantes de pais e nais sen autorización de residencia, con especial atención aos programas de vacinación infantil e das mulleres inmigrantes en período de xestación, conforme ao establecido na normativa legal
	Desenvolver programas de trastorno mental grave destinados á atención integral do paciente desde as fases precoces, e tratar de evitar o estigma social que supón esta enfermidade
	Impulsar o desenvolvemento de equipamentos sociosanitarios de transición dirixidos a capacitar ás persoas con problemas de saúde mental para a vida autónoma
	Desenvolver programas formativos para previr enfermidades mentais e atender a persoas en períodos de convalecencia en situación de exclusión social, nomeadamente persoas sen fogar
	Integrar a asistencia dos trastornos aditivos dentro da rede asistencial sanitaria, con especial atención á súa accesibilidade en todo o territorio de Galicia
	Desenvolver, dentro dos programas de fomento de vida saudable, un proxecto de mellora dos procesos de detección e intervención precoz do consumo de drogas con menores vulnerables nos ámbitos escolar, social e sanitario a través da implantación de protocolos, contando para tal fin coa participación dunha mostra representativa de profesionais da educación, formados/as ad hoc
	Elaborar a Guía de práctica clínica en patoloxía dual, que defina os procesos asistenciais recomendables para persoas con trastornos aditivos atendendo, especialmente, á patoloxía dual

Axentes implicados	Delegación do Goberno Consellería de Política Social <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul> Consellería de Sanidade
--------------------	---

- Dirección Xeral de Saúde Pública
  - SERGAS
- Corporacións locais  
Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

### 7.2.8. MELLORAR O ACCESO Á VIVENDA COMO ASPECTO CLAVE NA INCLUSIÓN SOCIAL

A contracción do mercado veu dificultando a implementación de medidas específicas de accesibilidade á vivenda para as persoas en situación de pobreza e exclusión social. Non obstante o anterior, a rehabilitación dos centros históricos das cidades galegas fixo retroceder a infravivenda neles, e as axudas de emerxencia melloraron a habitabilidade de edificacións situadas no medio rural que carecían de condicións para seren consideradas vivendas, aínda que recibían ese uso.

A Estratexia contempla medidas dirixidas a mellorar o acceso á vivenda das persoas e familias que presentan problemáticas específicas neste ámbito, ben sexa por vivir nunha vivenda con déficits de habitabilidade ou nunha infravivenda, ben por atoparse en risco de inseguridade respecto da que ten. Neste sentido, vanse consolidar e incrementar os medios destinados a previr os desafiuazamentos de persoas en situación de pobreza e exclusión a través do desenvolvemento dun programa específico que permita incidir neste problema social de primeira orde desde a óptica dos itinerarios de inclusión e da garantía do dereito ao acceso a unha vivenda, con independencia da titularidade da súa propiedade.

#### 7.2.8- OBXECTIVO 1

*Apoiar os procesos de erradicación do chabolismo e a infravivenda*

- Reforzar os programas de realoxamento con actuacións de intermediación inmobiliaria e sensibilización da poboación xeral
- Desenvolver itinerarios de cambio residencial, que inclúan o acompañamento e a educación sociofamiliar para que as persoas que viven en asentamentos chabolistas acaden o realoxamento nunha vivenda normalizada
- Facilitar o acompañamiento de programas sociais a accións de mellora das condicións de seguridade, salubridade e habitabilidade das vivendas das persoas en situación de vulnerabilidade
- Promover programas dirixidos á adquisición de habilidades residenciais e de convivencia a familias con factores de vulnerabilidade asociados á intervención social

	<p>Desenvolver actuacións en vivenda, urbanismo, sanidade, educación, traballo, servizos sociais... nas áreas urbanas ou periurbanas nas que haxa unha degradación urbanística con presenza de infravivenda, chabolismo e factores que dificulten a integración social, declaradas zonas de intervención social especial (plans integrais de transformación)</p>
	<p>Promover o deseño, construcción e/ou adaptación de espazos urbanos para a práctica de actividades de xogo e lecer de nenos e nenas para favorecer a súa integración, en especial, naquelhas zonas con maior nivel de exclusión social</p>

Axentes implicados	<p>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p>ConSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO) E/OU CORPORACIÓNS LOCAIS</p> <p>ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS</p>
--------------------	---

#### **7.2.8- OBXECTIVO 2**

*Facilitar o acceso á vivenda ás persoas en situación de risco ou exclusión social, especialmente con fillos/as menores e persoas dependentes a cargo*

	<p>Facilitar información sobre como alugar, comprar e rehabilitar unha vivenda e as axudas existentes, de xeito claro e práctico, a través das TIC</p>
	<p>Desenvolver proxectos personalizados de inserción sociolaboral que comprendan accións de información e asesoramento para o acceso á vivenda e de mediación e acompañamento social, en colaboración coas entidades de iniciativa social</p>
	<p>Crear unha Bolsa de horas de mediación para a realización de servizos de mediación intercultural, en colaboración coas entidades de iniciativa social, para facilitar o acceso á vivenda ás persoas inmigrantes</p>
	<p>Establecer liñas de axudas para facilitar o alugueiro de persoas con dificultades económicas, prestando especial atención ás familias con fillos/as menores e/ou persoas dependentes a cargo</p>
	<p>Conceder axudas ao aluguer para quen, entre outros requisitos, presenten insuficiencia de ingresos familiares para o pagamento do aluguer por unha contía de ata o 40% da renda anual que deban satisfacer polo aluguer da vivenda habitual e permanente, cun límite de 2.400 € anuais por vivenda e durante un prazo máximo de dous años (Plan Estatal de Vivenda 2013-2016)</p>
	<p>Priorizar nos procedementos de adxudicación das vivendas protexidas as familias numerosas ou unidades convivenciais de tres ou máis fillos/as, monoparentais, con algún membro con discapacidade/dependencia e as mulleres vítimas de violencia de xénero</p>
	<p>Mellorar as posibilidades de acceso á vivenda dos sectores con maiores dificultades, promovendo vivendas de promoción pública en copropiedade, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo e das entidades locais, posibilitando que as persoas beneficiarias podan adquirir a parte da propiedade da Administración pública en calquera momento</p>

Habilitar vivendas de titularidade da Administración xeral da Comunidade autónoma como vivendas de carácter asistencial ou recursos de aloxamento transitorio que permitan o desenvolvemento de programas de acompañamiento integral para persoas e familias sen vivenda ou que desfruten dela en precario, en colaboración coas entidades de iniciativa social

Atender ás necesidades de emancipación das mulleres vítimas de violencia de xénero

Axentes implicados	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li></ul> Consellería de Infraestruturas e Vivenda <ul style="list-style-type: none"><li>• Instituto Galego de Vivenda e Solo</li></ul> Consellería de Política Social <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> Corporacións locais Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria – SAREB Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais
--------------------	--

#### **7.2.8- OBXECTIVO 3**

*Protexer ás familias que están en risco de perda ou perderon a súa vivenda habitual por non pagamento da hipoteca ou do aluguer*

Facilitar ás familias en risco de execución hipotecaria da súa vivenda habitual ou de non poder afrontar o pagamento do aluguer, asesoramento xurídico e económico -que inclúa a realización de funcións de mediación coas entidades financeiras-, atención psico-social, orientación laboral e/ou apoio na busca da vivenda alternativa, sendo un colectivo prioritario as familias con menores a cargo

Asesorar na elaboración de plans de saneamento da economía familiar a persoas en risco de seren desaloxadas da súa vivenda habitual por non pagamento do aluguer ou da hipoteca

Realoxar ás familias que perdan a súa única vivenda como consecuencia dunha execución hipotecaria, nunha vivenda a través do Programa de Realoxo de Afectados por Execucións Hipotecarias, sempre que cumpran os requisitos establecidos polo IGVS

Mellorar a aplicación dos protocolos de coordinación entre os servizos sociais e os órganos xudiciais nos casos das persoas e familias nun inminente risco de lanzamento polo desafiuamento da vivenda habitual

Axentes implicados	Consejo General del Poder Judicial Valedor do Pobo Consellería de Política Social <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> Consellería de Infraestruturas e Vivenda <ul style="list-style-type: none"><li>• Instituto Galego de Vivenda e Solo</li></ul> Federación Galega de Municipios e Provincias – FEGAMP Corporacións locais Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais
--------------------	---

## **8. METODOLOXÍA DE TRABALLO: ACCIÓNS POSITIVAS EN FAVOR DE PERSOAS, GRUPOS E TERRITORIOS VULNERABLES**

### **8.1. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN ESPECÍFICA ORIENTADOS A ABORDAR DETERMINADOS FACTORES DE VULNERABILIDADE**

#### **PERSOAS DA COMUNIDADE XITANA**

A situación de vulnerabilidade da comunidade xitana en Galicia vén determinada, entre outros, polos procesos que experimentan no ámbito do emprego -onde se está a producir unha terciarización da ocupación-, de vivenda -marcado por unha crecente sedentarización-, educativo- no que se rexistran fracasos no acceso ás titulacións académicas- e a acumulación dun maior número de problemas sociais, algúns deles vinculados á discriminación.

No período 2007-2013, a causa do contexto de crise económica, o desemprego da poboación xitana española incrementouse un 22,6%, a salarización diminuíu máis do 10% e a taxa de traballadores/as autónomos/as incrementouse en 11 puntos. Por outra banda, Galicia segue a rexistrar unha das más altas taxas de chabolismo da poboación xitana en España, ao situarse 18 puntos por riba da media nacional. Ademais, a desvantaxe educativa da poboación xitana en Galicia é moi grande: só un 11% dela completou educación secundaria ou superior, mentres que neste caso se atopa o 58% da poboación galega maior de 15 anos. E as mulleres xitanas experimentan máis dificultades para proseguir os estudos. É importante destacar tamén, respecto da saúde, que a poboación xitana se estima que ten unha esperanza de vida entre 10 e 20 anos por debaixo da establecida para o conxunto da poboación.

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Inclusión social, coa participación de concellos e entidades de iniciativa social que representan ou traballan con este grupo de poboación, formulou a Estratexia sectorial de Inclusión Social da Poboación xitana en Galicia 2014-2020. A dita Estratexia constitúe un marco<sup>14</sup> de planificación a medio prazo das liñas de intervención e medidas dirixidas á normalización de todos os ámbitos clave da vida das persoas pertencentes a esta minoría étnica e a apoiar a súa plena integración social e económica. No seu deseño incorpóranse as liñas de intervención establecidas no Plan especial para a convivencia e a integración social do pobo xitano en Galicia 2007-2013, cuxos contidos e medidas se actualizan de acordo ás tendencias actuais identificadas para este colectivo e

---

<sup>14</sup> Consúltense o documento completo no Anexo I

tendo como referente, ademais, a Estratexia Nacional de Inclusión da Poboación Xitana 2012-2020.

Nun plano operativo, as actuacións dirixidas a acadar os obxectivos desta estratexia combinarán os servizos e recursos que se dirixen de forma xeral a todas as persoas en situación de vulnerabilidade, con aqueles outros de tipo compensatorio, deseñados para atender cuestións específicas da situación da poboación xitana que constitúan atrancos ao acceso normalizado e/ou que polo seu carácter precisen dunha intervención adaptada.

Os ámbitos de intervención nos que se centra a Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2014-2020 son: educación, vivenda, saúde, emprego e promoción económica, servizos sociais, e participación e imaxe sociais. Entre outros, búscase a consecución dos seguintes obxectivos:

- *incrementar o nivel educativo e formativo das persoas xitanas e, de xeito especial, o número de alumnos/as que completan a educación primaria e secundaria*
- *mellorar as condicións e calidad residenciais, a través de medidas de erradicación do chabolismo e infravivenda*
- *promover a saúde dunha forma integral para mellorar as condicións e reducir, en consecuencia, as súas desigualdades neste eido respecto da poboación total*
- *traballar sobre os atrancos que limitan o acceso e participación no emprego e mellorar as condicións laborais mediante a profesionalización e mellora da formación para o emprego*
- *previr a marxinación e promover a inclusión social da poboación xitana, para evitar a reproducción xeracional da pobreza*
- *garantir a efectiva igualdade de oportunidades para o pleno exercicio da súa cidadanía e participación social*

A formulación que adopta a Estratexia sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana está orientada ao enfoque da inclusión social activa, que tamén mantén a Estratexia de Inclusión Social de Galicia, na cal se enmarca. Deste xeito, combínanse as actuacións orientadas aos obxectivos dun nivel de ingresos mínimos vinculados á activación, o acceso a un mercado laboral inclusivo, e o acceso a uns servizos sociais, educativos, sanitarios e da vivenda de calidade.

Dado que as taxas de pobreza afectan ás mulleres e aos fogares nos que viven menores en maior medida, dun xeito transversal tamén se promove o desenvolvemento de intervencións

orientadas a acadar a igualdade da muller xitana e a realización de intervencións dirixidas á mellora da calidade de vida da poboación infantil.

#### PERSOAS SEN FOGAR E SITUACIÓN DE EMERXENCIA E POBREZA SEVERA

De acordo cos datos da Enquisa de persoas sen fogar realizada polo Instituto Nacional de Estatística, no 2012 a poboación en situación de sen fogar atendida en centros asistenciais de aloxamento e restauración ascendeu a 22.938 persoas. Deste total o 80,3% son homes e o 19,7% mulleres. Segundo a mesma fonte, esta poboación en Galicia fórmava un total de 1.903 persoas. As tendencias apuntan, ademais, que en Galicia este grupo está formado en boa medida por persoas entre os 35 e 49 anos, aínda que se ten rexistrado un aumento de xente nova.

O senfogarismo constitúe unha situación de vulnerabilidade severa. A falla ou precariedade da vivenda conleva a acumulación de problemas e riscos asociados que traspasan desde este a outros ámbitos nas vidas das persoas e familias que o padecen. Destacan, entre eles, os problemas vinculados á saúde, como enfermidades crónicas ou enfermidades mentais, de certa significación entre o grupo de persoas sen teito. Este grupo, dentro da poboación de persoas sen fogar, é o que padece as consecuencias das situacións de pobreza e exclusión social más extremas.

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia ten previstos varios obxectivos e medidas –recollidos no apartado 7 deste documento– orientados a intervir, evitar ou reducir o dano que provoca a carencia dun fogar nas persoas, con intervencións orientadas ao acceso á cobertura das necesidades básicas e aos recursos residenciais, potenciando aqueles dun carácter máis estable no que se posibilite un traballo de acompañamento social integral orientado a acadar a súa inclusión social e laboral.

Dentro das medidas específicas, manterase o apoio ao dispositivo de atención e acompañamento a persoas sen teito posto en marcha nas anteriores edicións do Plan Galego de Inclusión Social. O programa establece liñas de derivación e integración na sociedade das persoas sen teito a través dun traballo de coordinación, levado a cabo por unidades técnicas especializadas que traballan na rúa e nos dispositivos de atención a estas persoas localizados nas sete cidades galegas e que, entre outras, desenvolven as seguintes funcións:

- detectar patoloxías mentais, alcoholismo e outras adiccións
- informar e derivar as persoas destinatarias cara os servizos pertinentes
- proporcionar asesoramento social e legal
- fomentar o desenvolvemento de competencias persoais, sociais e laborais que favoreza o proceso de inserción individual

Por outra banda, a Comunidade Autónoma de Galicia colaborará co Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, na formulación e desenvolvemento da Estratexia Nacional de Persoas sen fogar, cuxa aprobación e entrada en vigor está prevista no ano 2015.

### PERSOAS EN RISCO DE DESAFIUZAMENTO

A consecuencia dos impactos sociais da crise económica, numerosos fogares viron diminuídos os seus ingresos principais debido a situacións de desemprego dos seus membros. A carencia de medios económicos traduciuse nalgúns casos na imposibilidade de atender os pagamentos mensuais das hipoteca sobre a súa vivenda habitual. Segundo o Consello Xeral do Poder Xudicial, no período 2007-2013 en Galicia presentáronse 13.172 procedementos de execución hipotecaria e no 2013 acordáronse 1.584 lanzamentos (incluíndo vivendas e locais)<sup>15</sup>.

Para reducir as situacións de vulnerabilidade económica e/ou social que padecen as persoas e familias en risco de desafiuamento da súa vivenda habitual, no 2013 a Xunta de Galicia puxo en marcha o Programa Reconduce. Este programa está coordinado pola Consellería de Política Social.

O Programa Reconduce constitúe o marco integrado de coordinación dos servizos existentes para dar apoio ás persoas e familias en risco ou situación de desafiuamento -ben para previlo, ou ben para paliar os efectos deste-, e diríxese aos seguintes grupos:

- *ás persoas e familias en risco de desafiuamento, sen proceso xudicial aberto (son as principais destinatarias dos recursos específicos que crea o programa, os cales prevén intervencións de carácter preventivo para evitar o desafiuamento)*
- *ás persoas e familias cuxo proceso xudicial está xa en curso (como neste caso as posibilidades de chegar a un acordo extra procesual ou de mediación esgotáronse, as accións teñen un carácter máis paliativo: atención psico-social, orientación laboral e busca de vivenda alternativa)*

De xeito prioritario, o programa facilita ás persoas e familias en risco asesoramento xurídico e económico-financeiro, dirixido a evitar a apertura dun proceso de execución hipotecaria da vivenda habitual. O dito asesoramento inclúe a realización de actuacións de mediación coas entidades financeiras. Ademais, de xeito complementario, cando reúnan os requisitos para

<sup>15</sup> Fonte: Estatística sobre os efectos da crise nos órganos xudiciais – Datos desde 2007 ata 1º trimestre de 2014

acceder a estes, facilitaralles atención psico-social, servizos de xustiza gratuítos, apoio na busca da vivenda alternativa...

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 prevé entre as súas medidas a continuidade da prestación dos seguintes servizos e actividades comprendidos no Programa Reconde:

- *asesoramento xurídico e económico, que inclúe a realización de actuacións de mediación coa entidades financeiras*
- *atención social*
- *apoio psicolóxico*
- *orientación laboral*
- *busca de vivenda alternativa*

Máis alá do anterior, a Estratexia ten previsto nas súas medidas ampliar a prestación dos servizos anteriores ás persoas en risco de desafiuamento por razóns de non pagamento do alugueiro da súa vivenda habitual, ofertando servizos de mediación inmobiliaria en lugar da mediación con entidades financeiras que se facilita ao outro grupo destinatario.

## PERSOAS RECLUSAS

A Xunta de Galicia en colaboración con Institucións Penitenciarias do Ministerio de Interior, participa e apoia o desenvolvemento no Centro Provincial Penitenciario de Teixeiro (A Coruña) do Programa Nelson Mandela, de preparación para a vida en liberdade das persoas reclusas cuxa saída está próxima, coa finalidade de favorecer a inserción familiar e sociolaboral. Así, no marco do II Plan Galego de Inclusión Social creouse, como dispositivo técnico propio, un equipo de inclusión sociolaboral que funciona desde o ano 2007 neste centro penitenciario. Este equipo traballa no deseño e desenvolvemento dos itinerarios personalizados de inserción sociolaboral das persoas participantes no Programa Nelson Mandela, cuxas actividades están dirixidas a facilitar ás persoas reclusas a adquisición de competencias persoais (desenvolvemento de habilidades persoais e sociais, hábitos de saúde e pautas educativas) e de habilidades e destrezas básicas dirixidas ao emprego, apoiadas en actividades de alfabetización de persoas adultas e Graduado en ESO, introducción ás TIC e técnicas de busca activa de emprego. Ademais, o equipo de inclusión sociolaboral de Teixeiro traballa en coordinación co resto dos equipos de inclusión sociolaboral de ámbito comarcal para posibilitar a continuidade de participación e apoio nos procesos persoais de inclusión das persoas ex-reclusas cos recursos específicos dispoñibles no lugar onde fixen a súa residencia.

No ano 2013 participaron neste Programa un total de 175 persoas (11 mulleres e 164 homes) e acadáronse un total de 9 insercións laborais. A poboación reclusa feminina incorporouse ao grupo de participantes do programa no ano 2012, e a súa representación aumentou o ano seguinte.

A EIS Galicia 2014-2020 prevé ampliar este dispositivo técnico de inclusión sociolaboral de persoas reclusas próximas á súa liberdade a outros centros penitenciarios de Galicia, sempre e cando estes constitúan un reforzo a programas integrais que se desenvolván nos propios centros e sexan promovidos polo Ministerio con competencias na materia.

### PERSOAS CON DISCAPACIDADE

O Plan de acción Integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 establece os obxectivos e as actuacións a desenvolver para avanzar na consecución da plena participación das persoas con discapacidade na sociedade. Segundo o Censo de Persoas con discapacidade de Galicia, o número de persoas que se atopan nesta situación no 2013 é de 233.774. A maioría das discapacidades son de tipo físico (57,3%), seguidas das psíquicas (28,3%) e as sensoriais (14,4%). As diferenzas por sexo indican unha maior gravidade na discapacidade no caso das mulleres.

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 dará apoio a programas específicos que promovan a integración social das persoas con discapacidade e desenvolván as seguintes liñas de actuación:

- promover a adquisición e desenvolvemento das habilidades persoais e hábitos prelaborais que favorezan o proceso de integración a través de itinerarios personalizados de inserción sociolaboral
- fomentar a participación social das persoas con discapacidade, especialmente das mulleres, e o acceso a dispositivos que favorezan a inclusión social e laboral
- desenvolver accións de motivación e orientación da persoa e das súas familias para reforzar o seu proceso de inserción social e laboral
- facilitar unha formación básica e de tipo laboral específica e adaptada ás necesidades das persoas con discapacidade e ao mercado laboral

## PERSOAS CON TRASTORNOS ADITIVOS

O Plan de Trastornos Aditivos de Galicia 2011-2016 ten identificados os seguintes cambios no perfil das persoas consumidoras de substancias psicoactivas: un incremento dos trastornos mentais asociados aos consumos desas substancias, maior precocidade no inicio do uso dalgunhas delas, e un patrón de policonsumo cada vez más xeneralizado, entre outros. O principal grupo de consumo de drogas está constituído por persoas entre 15 e 34 anos.

En coordinación co Plan Autonómico de Drogas, promovido pola Consellería de Sanidade, a EIS Galicia 2014-2020 prevé o establecemento de actuacións complementarias encamiñadas á reinserción social co obxecto de paliar, na medida do posible, as consecuencias sociais asociadas ao consumo de substancias aditivas, propiciando un apoio efectivo cara a integración social e laboral de persoas adictas.

Con este fin, en colaboración coa Fundación Monte do Gozo, continuarase desenvolvendo o *Proxecto Home* de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas. O proxecto está integrado por programas dirixidos a abordar as diferentes adicións (alcol, cocaína, patoloxía dual, adición ao xogo) e atender de xeito específico grupos, como o de persoas novas e adolescentes. Dependendo do tipo de adición e do perfil psicosocial da persoa usuaria, ten unhas características estruturais diferenciadas que permiten unha abordaxe integral e individualizada das distintas problemáticas.

### 8.2. PROGRAMAS INTEGRAIS DE INCLUSIÓN CON ENFOQUE TERRITORIAL

O enfoque territorial adquire relevancia na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 a través das súas prioridades e obxectivos. Así, a abordaxe das cuestiós relacionadas cos impactos dos desequilibrios territoriais nas dinámicas de exclusión/ inclusión social das persoas, serán obxecto de interese para a Estratexia. Deste xeito, no marco da EIS Galicia 2014-2020 manexarase o coñecemento adquirido a través do desenvolvemento de programas e proxectos promovidos ou participados pola Xunta de Galicia, como o Proxecto Symbios- Eixo 4.80 FSE para impulsar medidas e accións innovadoras de atención a persoas e territorios en situación de exclusión.

Relacionado co anterior, os programas integrais de desenvolvemento rural, xa apoiados nas sucesivas edicións do Plan de Inclusión Social, conforman metodoloxías de probada eficacia na intervención sobre os factores de vulnerabilidade que presentan as persoas e territorios das áreas más afectadas polo declive e envellecemento demográfico. Estes programas atenden de xeito específico, e cun marcado carácter flexible e adaptado das súas metodoloxías, as características e peculiaridades das áreas e da poboación residente. Abordan a través dun

traballo de base, de coordinación e reforzo dos recursos técnicos, os atrancos que impiden acadar unha calidade de vida equiparable á poboación doutras partes do territorio galego. A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 apoiará, na medida das súas posibilidades, vías de intercambio de información e de encontro entre entidades e axentes que, dentro ou fóra de Galicia, desenvolven estes programas de xeito integral ou parcial en contextos territoriais de características similares, co obxecto de favorecer a identificación e a transferencia de novas prácticas que lles poidan resultar de interese.

Por outra banda, e de acordo á Lei 13/2010, de inclusión social de Galicia, durante o período 2014-2020 traballarase no marco da Estratexia de Inclusión Social a prevención da exclusión social e laboral naquelas áreas urbanas ou periurbanas especialmente vulnerables. A formulación e desenvolvemento desta intervención virá comprendida en programas e/ou proxectos de enfoque comunitario que poidan estar, a súa vez, comprendidos en estratexias integrais de transformación.

### 8.3. PROGRAMAS DE FOMENTO DA COLABORACIÓN DA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIVADA NOS OBXECTIVOS DE INSERCIÓN LABORAL DAS PERSOAS DESTINATARIAS DA EIS

Nos procesos de inclusión sociolaboral, a aprendizaxe e a práctica laboral constitúen elementos decisivos cara á inserción das persoas en situación de vulnerabilidade. A EIS Galicia 2014-2020 reforzará as vías e fórmulas de colaboración coas empresas e/ou outras entidades privadas, para a promoción da inserción sociolaboral das súas persoas destinatarias.

Así, impulsarase, como parte da Estratexia, un programa destinado a promover a unión de esforzos dos axentes públicos e do sector privado e reforzar as vías e posibilidades de acceso das persoas con especiais dificultades aos recursos para emprego e ao propio mercado de traballo. Estas accións estarán orientadas á mellora da empregabilidade, podendo ter a seguinte tipoloxía:

- Formación ocupacional con e sen compromiso de contratación*
- Formación externa a demanda das empresas*
- Prácticas non laborais de promoción directa de inserción no mercado laboral*
- Selección, titorización e seguimento*
- Medidas de acompañamento social (servizos de reforzo e apoio persoal e/ou familiar)*
- Actuacións complementarias: asesoramento para a preparación de currículos e entrevistas de traballo, incorporación a bolsas de emprego...*

#### **8.4. DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS EXPERIMENTAIS E PROXECTOS DE CARÁCTER PILOTO PARA A INCLUSIÓN SOCIAL**

A innovación social é obxecto de interese para a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, especialmente na súa aplicación ás metodoloxías, fórmulas e experiencias dirixidas a promover a inclusión social da súa poboación destinataria.

O aumento e a xestión do coñecemento, apoiando espazos e medios de investigación, análise e reflexión sobre cuestiós específicas de inclusión social, constitúe unha das liñas prioritarias da Estratexia. Como parte e/ou como resultado do traballo realizado no marco desta prioridade, a Estratexia impulsará a formulación de proxectos de carácter experimental ou piloto que, promovidos ou participados pola Xunta de Galicia, posibiliten a posta en práctica e desenvolvemento de intervencións innovadoras en materia de inclusión social de persoas en situación de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión social, xa sexa polos contextos onde se aplican, polas metodoloxías que se utilizan ou polo carácter dos recursos que se dispoñen neles. Ademais das persoas, atendendo ao enfoque territorial abordado en apartados anteriores, estes proxectos poderán estar referidos a territorios vulnerables, con especial fincapé no impulso de dinámicas comunitarias orientadas á mellora da calidade de vida da súa poboación residente. Máis alá, serán obxecto de atención especial aquelas prácticas con grande potencial de transferencia –para o que o traballo de cooperación territorial podería ser clave– e aquellas que incorporen dun xeito efectivo e integral os recursos comunitarios e de base solidaria. A integración das tecnoloxías da información e comunicación aplicadas á inclusión social poderá formar parte, así mesmo, da compoñente innovadora que se pretende.

Os proxectos piloto que se impulsen no marco de traballo da EIS Galicia 2014-2020 poderán desenvolverse con cargo ao financiamento previsto no P.O. do FSE Galicia 2014-2020 ou a través doutras vías co apoio financeiro da Unión Europea, mediante a concorrencia a convocatorias específicas de programas de cooperación territorial, *EaSI* ou outros instrumentos previstos para impulsar a innovación social ou aumentar o coñecemento e práctica nunha cuestión específica obxecto de intervención das políticas de protección e inclusión social a todos os niveis. Non obstante, a presentación e/ou desenvolvemento dos programas experimentais en materia de inclusión social estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria da Xunta de Galicia en cada período de programación, nos casos nos que sexa preciso o seu apoio no financiamento do proxecto.

## 9. ESTRUTURA OPERATIVA E ORGANIZACIÓN DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020

### 9.1. IMPLANTACIÓN

A implantación da Estratexia de Inclusión Social de Galicia levarase a cabo a través de tres Plans Operativos de Inclusión Social, de carácter bianual e consecutivo durante o período 2014-2020<sup>16</sup>. Estes marcos de programación permitirán operativizar as liñas de acción estratéxica comprendidas no apartado VII deste documento, dotando dunha maior flexibilidade o seu desenvolvemento e o deseño e execución das correspondentes medidas. Esta fórmula de implantación está orientada a facilitar a realización dunha avaliación continua e, a consecuencia dela, a introdución dos axustes precisos para maior eficacia da Estratexia na consecución do seu obxectivo xeral.

Por outra banda, a través desta fórmula de implantación, a Xunta de Galicia cumpre co establecido no artigo 57 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, relativo ao impulso do Plan Galego de Inclusión Social, vinculándoo directamente á súa estratexia nesta materia, e dotándoo dun maior carácter integral e transversal, con enfoques e liñas de intervención que van máis alá do propiamente previsto na dita lei.

#### *Contido dos Plans Operativos de Inclusión Social*

Na formulación dos Plans Operativos de Inclusión Social definiranse os obxectivos para cada subperíodo -podendo incluso chegar a determinarse graos de prioridade no seu desenvolvemento-. Ademais, concretaranse e temporalizaranse as medidas e accións dirixidas a acadar en cada un deles e os seus correspondentes indicadores para o seguimento e avaliación. Os respectivos documentos de presentación abordarán nun apartado cuestiós metodolóxicas e a relación de axentes que previsiblemente estarán implicados/as no seu desenvolvemento, así como aqueles con colaboracións parciais.

Os Plans Operativos de Inclusión Social 2017-2018 e 2019-2020 integrarán as conclusiós das avaliacións do Plan Operativo de Inclusión Social inmediatamente anterior, con especial referencia, se procede, aos axustes que se introducen na metodoloxía e contidos a consecuencia das análises de resultado.

---

<sup>16</sup> Deseñaranse e poranxe en marcha os Plans Operativos de Inclusión Social 2015-2016; 2017-2018; e 2019-2020

## 9.2. ESTRUTURA BÁSICA E ORGANIZACIÓN

### DIRECCIÓN E COORDINACIÓN TÉCNICA

A dirección da Estratexia de Inclusión Social de Galicia corresponde á Dirección Xeral de Inclusión social e, no seu defecto, ao departamento da Xunta de Galicia con competencias na materia de inclusión social.

A coordinación técnica e financeira dos recursos da estrutura básica da Estratexia recae na Subdirección Xeral de Inclusión e Integración Social. Esta estrutura inclúe os equipos e unidades técnicas de inclusión sociolaboral que se describen a continuación.

### EQUIPOS E UNIDADES TÉCNICAS DE INTERVENCIÓN SOCIOLABORAL

Logo dunha longa experiencia na loita na contra a pobreza e a exclusión social, está comprobado que as medidas de carácter monetario non resolven por si mesmas as situacions das persoas e familias que se atopan nelas ou en risco, sobre todo tendo en conta o su carácter multidimensional. Acadar a inclusión social activa real, entendida como a autonomía económica e social das persoas e familias destinatarias da Estratexia, require dunha atención personalizada e dun seguimento individual dos itinerarios e procesos de inserción social e laboral por parte dun/dunha profesional de referencia.

A Estratexia de Inclusión Social conta cos equipos e unidades técnicas de inclusión sociolaboral, que se constitúen nun reforzo específico dos dispositivos normalizados para abordar intervencións dirixidas a reducir ou eliminar os factores de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social que inciden na situación de determinadas persoas ou grupos de poboación.

Os equipos de inclusión sociolaboral teñen como función mellorar o acceso de toda a cidadanía aos recursos de inclusión social e promover, mediante o establecemento de redes locais, unha intervención coordinada na resposta ás situacions persoais de vulnerabilidade.

De conformidade co artigo 57.3 da Lei 10/2013, os equipos técnicos de inclusión sociolaboral están integrados por profesionais do ámbito da intervención social e das ciencias sociais, con formación en disciplinas relacionadas con esas competencias profesionais.

A territorialización destes equipos, tal e como establece o artigo 58 da dita lei, responde a unha planificación estratégica de servizos sociais que é, segundo se recolle punto 7.2.1

obxectivo 3, sobre a que se traballará como parte do desenvolvemento da EIS Galicia 2014-2020.

Os equipos de inclusión sociolaboral teñen como obxectivo principal promover a inserción social e laboral dos colectivos en situación ou grave risco de exclusión social, mediante o desenvolvemento de itinerarios individualizados e integrais de inserción, desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo, asumindo as funcións establecidas no artigo 59 da Lei de inclusión social antes referida.

A metodoloxía de intervención do persoal dos equipos de inclusión sociolaboral coas persoas destinatarias da Estratexia vén determinada pola definición de obxectivos persoais, profesionais e de busca de emprego; o establecemento dun contrato ou compromiso; a concreción e determinación dos recursos que se van emplegar; a programación das actividades e a avaliación e seguimento do itinerario.

Como parte da súa intervención con persoas e familias, os equipos da Estratexia de Inclusión Social deberán estar coordinados con outros recursos do Sistema de Servizos Sociais e con aqueles doutros Sistemas que operan no ámbito do Benestar. A este respecto, destaca a necesaria conexión próxima entre estes e os servizos sociais comunitarios básicos, as unidades tramitadoras da Renda de Inclusión Social e as entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais.

Sen prexuízo da importancia das actividades centradas nas persoas que comprenden os itinerarios de inserción e o acompañamento profesional durante este proceso, o último tramo do itinerario, orientado á inserción laboral, é obxecto de especial atención por parte dos equipos de inclusión sociolaboral. O salto cualitativo que supón o acceso a un posto de traballo é, a miúdo, posible grazas a un traballo previo de intermediación laboral que o seu persoal realiza. Esta función de aproximación ás empresas dos equipos precisa dunha estratexia unificada e profesional que vén reforzada cos obxectivos e medidas comprendidas dentro da prioridade “Favorecer a inserción laboral nun mercado de traballo inclusivo”, desenvolvidas no apartado séptimo deste documento.

Máis alá, pola súa configuración e características, os equipos de inclusión sociolaboral constitúen un recurso técnico da Estratexia de Inclusión Social para a dinamización de redes de cooperación a nivel local multisistema, promovendo iniciativas de base solidaria a nivel comunitario, e de abordaxe de cuestións específicas adaptadas ao seu territorio, integrando a todos os axentes que operan neste.

Sen prexuízo de que en cada equipo unha persoa asuma a función de coordinación e/ou representación, os equipos de inclusión sociolaboral contarán cunha unidade de coordinación interna, que asumirá, entre outras, as seguintes funcións que se enumeran a continuación:

- a) *Coordinación técnica, dinamización e apoio dos equipos de inclusión sociolaboral*
- b) *Apoio na elaboración de documentos técnicos en materia de inclusión social, así como realización de tarefas de perfeccionamento e actualización do Manual de procedemento e dos protocolos e outros instrumentos de coordinación e de metodoloxía interna común aos equipos e unidades técnicas de intervención*
- c) *Coordinación da recollida, rexistro e presentación da información sobre o desenvolvemento do Plan de Inclusión Social axustada ás necesidades dos órganos de dirección e coordinación técnica da Estratexia e do Fondo Social Europeo*
- d) *Deseño, elaboración e desenvolvemento dun plan de formación do persoal técnico dos equipos de inclusión sociolaboral que redunde na súa especialización profesional, ademais do apoio na formulación e posta en marcha de mecanismos para a xestión do coñecemento, análise e reflexión en materia de inclusión social*
- e) *Apoio á coordinación técnica da Estratexia en materia de difusión*
- f) *Representación dos equipos de inclusión sociolaboral na promoción e desenvolvemento de medidas e accións que lles sexan comúns a todos eles e precisen dunha abordaxe de carácter xeral*
- g) *Realización de funcións de soporte de execución financeira*

Pola súa parte, as unidades técnicas de inclusión sociolaboral operan no nivel urbano, nos municipios galegos de máis de 50.000 habitantes, de acordo co artigo 58 da Lei 10/2013. Están formadas por profesionais técnicos/as dos servizos sociais que traballan en coordinación con persoal doutros departamentos no nivel municipal. A súa principal función é o desenvolvemento de programas dirixidos á inclusión social de persoas perceptoras directas e indirectas da Renda de Inclusión Social de Galicia<sup>17</sup>. Estes programas desenvólvense cunha metodoloxía de intervención baseada en itinerarios que no seu deseño inclúen accións de acompañamento no proceso de inserción social e laboral, accións orientadas á mellora das aptitudes básicas e desenvolvemento persoal; así como outras orientadas a aumentar a empregabilidade e favorecer o acceso ao mercado laboral. Máis alá dos ámbitos social e de emprego, como parte dun enfoque integral na intervención coas persoas destinatarias, estes itinerarios poderán conter medidas de actuación noutros ámbitos, como o sanitario, de vivenda ou educativo para posibilitar os obxectivos de inclusión.

---

<sup>17</sup> De acordo ao que se especifica no artigo 11.3 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia


## AXENTES IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO

Ademais dos recursos técnicos xa existentes e aqueles outros que se habilitarán para o cumprimento dos seus obxectivos, a coordinación constitúe unha das claves da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020. A consolidación e mellora dos procesos de coordinación e participación constitúe unha das liñas transversais prioritarias da Estratexia.

As dúas edicións do Plan galego de Inclusión Social configuraron e consolidaron vías de coordinación entre os diferentes ámbitos e niveis de administración pública, as entidades de iniciativa social, a iniciativa privada e os axentes sociais presentes nos territorios. O traballo de mellora e desenvolvemento destas vías de cooperación necesarias para o éxito da Estratexia son obxecto de abordaxe no apartado 7.1 deste documento. Ademais, na presentación dos obxectivos relaciónanse para cada un deles os/as axentes que deberán implicarse para a súa consecución. En grandes trazos, estes axentes son os seguintes:

• <i>Xunta de Galicia</i>	Consellería de Política Social	Todas as Direccións Xerais CGSIB/AGSS
Restantes consellerías e organismos autónomos adscritos a elles		
• <i>Corporacións locais, FEGAMP</i>		
• <i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais e os seus órganos de representación</i>		
• <i>Axentes sociais (Colexios profesionais, organizacións sindicais, organizacións empresariais, etc.)</i>		
• <i>Iniciativa privada</i>		

No que refire á Administración Pública, destaca a importancia do traballo de coordinación e comunicación entre a Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar/Axencia Galega de Servizos Sociais, as corporacións locais e as unidades tramitadoras da RISGA, por unha banda, e, pola outra, de acordo co previsto na Lei 10/2013, entre os equipos e unidades técnicas de inclusión sociolaboral e o Servizo Público de Emprego de Galicia.



A coordinación entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia levarase a cabo a través da Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais e Inclusión Social, prevista na Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.

Na posta en marcha e desenvolvemento das accións comprendidas na Estratexia, nomeadamente naquelas que implican a intervención directa coas persoas e familias destinatarias dela, as entidades de iniciativa social prestadoras asumen unha parte relevante no complemento da acción pública. Esta implicación require dunha atención especial ás formulas de colaboración e coordinación entre elas e os equipos e unidades de inclusión sociolaboral.

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Inclusión Social ou o órgano de dirección que teña asumidas as competencias en materia de inclusión social, instrumentará (mediante convenios, contrato ou ordes de axuda) a cooperación e coordinación con todos os axentes implicados na consecución dos obxectivos da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.

## **10. AVALIACIÓN DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020**

A metodoloxía de seguimento e avaliación da Estratexia de Inclusión Social de Galicia está en claro vínculo coa súa fórmula de implantación, descrita no apartado 9.1 deste documento.

Correspónelle ao órgano responsable da coordinación técnica levar a cabo as funcións de seguimento e avaliación da EIS Galicia 2014-2020 e dos Plans Operativos de Inclusión Social que no seu marco se deseñen e desenvolvan. Para os efectos de poder completar estes

procesos de forma adecuada, contará co sistema de rexistro informático de datos posto en marcha no marco do II Plan Galego de Inclusión Social. Ademais, apoiarase noutros instrumentos complementarios de recollida da información precisa e solicitará, con este obxectivo, a colaboración dos diferentes axentes implicados no desenvolvemento da Estratexia.

### Avaliación dos Plans Operativos

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 enmárcase, como xa se referiu con anterioridade, no Programa Operativo do Fondo Social Europeo en Galicia para o período 2014-2020. Ademais, algunha das actuacións previstas atopan o seu marco de execución no Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

O órgano encargado da coordinación técnica realizará internamente as correspondentes tarefas de seguimento, a través do Sistema de rexistro da información das actividades realizadas nos Plans Operativos de Inclusión Social e aqueles outros instrumentos de recollida da información que precise con carácter complementario ao primeiro para o seguimento da execución técnica e financeira.

Con carácter bianual, ao termo da execución de cada Plan Operativo de Inclusión Social, a dirección da Estratexia de Inclusión Social de Galicia presentará un informe de avaliación final do sub-período, cuns contidos mínimos estruturados do seguinte xeito:

#### *Contido básico dos informes de avaliación*

- a. *Presentación dos resultados dunha pequena análise das debilidades, ameazas, fortalezas e debilidades do Plan Operativo de Inclusión Social obxecto de avaliación*
- b. *Información cuantitativa e cualitativa sobre os progresos realizados sobre os obxectivos previstos no Plan Operativo, con especial referencia, ademais, ao impacto deste progreso nos obxectivos xerais da EIS Galicia 2014-2020*
- c. *Presentación dos cadros de indicadores do Programa Operativo correspondente e da Estratexia de Inclusión Social (incluídos os da Estratexia sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia) coas correspondentes medicións*
- d. *Conclusións*

Como parte da metodoloxía de avaliación, o órgano responsable da súa realización poderá realizar consultas e entrevistas a persoas expertas e representantes de entidades locais, de iniciativa social ou de calquera outro axente implicado no desenvolvemento da Estratexia de Inclusión Social que tivera unha participación activa no desenvolvemento do Plan Operativo finalizado.

A Dirección Xeral de Inclusión Social remitirá os sucesivos informes de avaliación dos Plans Operativos de Inclusión Social á Comisión Interdepartamental de Servizos Sociais, e Inclusión Social e ao Consello Galego de Benestar.

Os resultados das avaliacións serán tidos en conta na formulación dos sucesivos Plans Operativos de Inclusión Social.

### **Avaliacións intermedia e final**

No primeiro cuadrimestre do ano 2018 desenvolverase a avaliación intermedia da Estratexia de Inclusión Social de Galicia. Como resultado desta avaliación poderase valorar a introdución de posibles axustes de carácter xeral ou específico na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.

Por outra banda, levarase a cabo unha avaliación final no primeiro semestre do ano 2021.

En ambas as dúas avaliacións recolleranse os valores dos indicadores macro establecidos no Anexo III do documento da Estratexia de Inclusión Social de Galicia e da Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia. Estes indicadores están orientados na clave dos establecidos pola Unión Europea para medir o impacto da Estratexia Europa 2020 e o grado de cumprimento dos seus obxectivos de redución da pobreza e a exclusión social.

## **11. ANEXOS**

### **11.1. ESTRATEXIA SECTORIAL DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA EN GALICIA 2014-2020**

# ESTRATEGIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA EN GALICIA

2014-2020

*Enmarcada dentro da Estratexia de  
Inclusión Social de Galicia 2014-2020*



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL



## CONTENIDO

1.	INTRODUCIÓN .....	122
1.1.	FUNDAMENTOS DA ESTRATEXIA .....	122
1.2.	REFERENTES EUROPEOS E ESTATAIS DA INTERVENCIÓN CON POBOACIÓN XITANA ....	123
1.3.	A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA EN GALICIA .....	127
2.	A COMUNIDADE XITANA EN GALICIA.....	129
3.	OBXECTIVOS PRIORITARIOS.....	131
	OBXECTIVO XERAL .....	131
	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS .....	131
4.	ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN E MEDIDAS.....	132
4.1.	EDUCACIÓN .....	132
4.2.	VIVENDA .....	138
4.3.	SAÚDE .....	143
4.4.	EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA.....	147
4.5.	SERVIZOS SOCIAIS .....	152
4.6.	PARTICIPACIÓN E IMAXE SOCIAIS.....	156
5.	ASPECTOS TRANSVERSAIS .....	160
6.	METODOLOXÍA .....	162
7.	SEGUIMENTO E AVALIACIÓN .....	164
8.	BIBLIOGRAFÍA .....	167

## **1. INTRODUCIÓN**

---

### **1.1. FUNDAMENTOS DA ESTRATEXIA**

A Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia (2014-2020) constitúe o marco integrado para a orientación, programación e desenvolvemento de medidas dirixidas á integración social e laboral da poboación xitana na Comunidade Autónoma de Galicia. É o resultado dun traballo de planificación a medio e longo prazo, no que ten participado, atendendo aos principios básicos comúns para a inclusión da poboación xitana<sup>18</sup>, a propia poboación xitana, a sociedade civil e as administracións autonómica e local.

Tanto no propio esforzo de formulación como no desenvolvemento operativo da Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, a coordinación é un aspecto clave e transversal. A estratexia integra obxectivos e prioridades, non só no ámbito dos Servizos Sociais, senón tamén nas áreas denominadas clave (Educación, Saúde, Vivenda, Emprego) que operan outros departamentos administrativos da Xunta de Galicia. A importancia da coordinación, relaciónase así co feito de ter adoptado un “*enfoque explícito pero non exclusivo*” na intervención que comprende a estratexia, que atende ás necesidades da comunidade xitana sen excluír a outras persoas que comparten circunstancias sociais e económicas similares.

Esta estratexia específica enmárcase dentro doutra, más ampla e de carácter xeral: a Estratexia de Inclusión Social 2014-2020, que se dirixe de forma xeral a todas as persoas en situación de vulnerabilidade, pobreza e exclusión social. Con esa finalidade, a poboación xitana será destinataria dos servizos e medidas, xa sexan de carácter xeral ou de tipo compensatorio e de acción positiva, que se integren en ambas as dúas estratexias.

O marco temporal de ambas as dúas estratexias coincide coa vixencia do novo período de programación de fondos da Unión Europea. O Fondo Social Europeo, a través do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, dará apoio financeiro ás medidas operativas que se desenvolvan para o cumprimento dos seus obxectivos.

---

<sup>18</sup> Plataforma Europea para a inclusión das persoas xitanas. Praga, 24 de abril de 2009

A estratexia ten en conta no seu deseño os referentes, orientacións e recomendacións de ámbito Comunitario que se relacionan no apartado seguinte. Ademais, operará o seu desenvolvemento en coherencia e consonancia coa *Estratexia Nacional para a inclusión social da poboación xitana en España*. Nesta liña, existe unha colaboración activa entre o Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdade e a Xunta de Galicia a través de espazos de intercambio de información e seguimento, como as reunións do grupo de cooperación técnica sobre poboación xitana.

## 1.2. REFERENTES EUROPEOS E ESTATAIS DA INTERVENCIÓN CON POBOACIÓN XITANA

Desde o 2008 o obxectivo de integración social e laboral da poboación xitana ten adquirido de xeito progresivo unha maior relevancia nas axendas europea e estatal. Son numerosos os fitos producidos en ambos os dous niveis, fitos concretados en recomendacións, orientacións, compromisos que favoreceron que diversos Estados membros, como España, puxeran en marcha estratexias nacionais para a inclusión da poboación xitana.

### Marco europeo

No contexto Comunitario cabe destacar o **Primeiro cumio europeo sobre a poboación xitana**, celebrado en Bruxelas o 16 de setembro do 2008, que incluíu a inclusión social das persoas desta minoría étnica como cuestión prioritaria na axenda Comunitaria a partir dese momento.

A consecuencia deste impulso, o ano seguinte creouse a **Plataforma Europea para a Integración da poboación xitana** (Praga, 2009), onde se adoptaron os **Dez principios básicos comúns** para a inclusión da poboación xitana<sup>19</sup>. As conclusóns do **Consello Europeo de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumo (EPSSCO)** apoiaron á Plataforma e os seus dez principios, que os incluíu nas súas conclusóns co fin de que foran integrados de xeito sistemático nas políticas europeas e nas nacionais cando sexa pertinente.

No ano 2010 tivo lugar en Córdoba o **Segundo cumio europeo sobre accións e políticas a favor da poboación xitana**. Nel presentouse a Comunicación<sup>20</sup> sobre a *Integración social e*

---

<sup>19</sup> Os dez principios básicos comúns son: (1) Políticas construtivas, pragmáticas e non discriminatorias; (2) Centrarse explícita pero non de xeito exclusivo nas persoas xitanas; (3) Formulación intercultural; (4) Apuntar á integración total do colectivo xitano na sociedade; (5) Conciencia da dimensión de xénero; (6) Transmisión de políticas baseadas en probas; (7) Uso de instrumentos comunitarios; (8) Participación das administracións rexionais e locais; (9) Participación da sociedade civil; (10) Participación activa das persoas xitanas

<sup>20</sup> Comunicación da Comisión ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións sobre a *Integración social e económica das persoas xitanas en Europa* [COM (2010) 133 final]

*económica das persoas xitanas en Europa*. Neste documento, a Comisión explicaba que, nun medio prazo (2010-2012), aplicaría a experiencia adquirida tras a avaliación do impacto das políticas nacionais e europeas para desenvolver modelos de integración social e económica da poboación xitana. Ademais, indicaba a súa intención de asegurarse que nas medidas de preparación da posta en marcha da Estratexia 2020 e dos programas do novo período de financiamento (2014-2020), se ofrezan solucións específicas aos problemas da comunidade xitana.

Así, nese mesmo ano, a Comisión Europea publica a **Estratexia Europa 2020**<sup>21</sup>, como resposta a un contexto de crise do que se propón que a UE salga reforzada, cunha economía intelixente, sustentable e inclusiva que goce de altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social. Entre os seus obxectivos, tres deles gardarían relación coa situación da poboación xitana: reducir en 20 millóns o número de persoas que viven por debaixo do limiar de pobreza; acadar unha taxa de emprego do 75% para a poboación de entre 20 e 64 anos; e reducir a taxa de abandono escolar nun 10%, como mínimo, e aumentar ata o 40% a taxa de persoas tituladas en ensinanza superior.

Volvendo ao plano específico, no ano 2011 publícase o **Marco europeo de estratexias nacionais de inclusión dos xitanos ata 2020**<sup>22</sup>, no que a Comisión insta aos Estados membros a que adopten ou manteñan un enfoque amplio de integración das persoas xitanas que integre obxectivos nos catro ámbitos considerados “cruciais”: educación, emprego, saúde e vivenda. E insta, ademais, a facelo no marco dunha estratexia más ampla, de loita contra a pobreza e a exclusión social, cun enfoque específico pero non excluínte doutras persoas ou grupos en situación de vulnerabilidade.

En desenvolvemento do marco anterior, no documento de **Estratexias Nacionais de integración dos xitanos: un primeiro paso para a aplicación do marco da UE**<sup>23</sup>, publicado no ano 2012, a Comisión Europea fixa obxectivos neses catro ámbitos clave referidos. Trátase de aplicar medidas para acadar a redución das diferenzas existentes entre a situación da poboación xitana e a do resto da poboación.

Para facer posibles as ditas medidas, na Comunicación (2013) 454 final, sobre os “**Progresos na aplicación das estratexias nacionais para a inclusión dos xitanos**”, a Comisión comprométese a facilitar axuda adicional para o desenvolvemento das estratexias nacionais para a inclusión

---

<sup>21</sup> [COM (2010) 2020 final] “EUROPA 2020 Unha estratexia para un crecemento intelixente, sostible e integrador”

<sup>22</sup> [COM (2011) 173 final] Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións “Un marco europeo de estratexias nacionais de inclusión dos xitanos ata 2020”

<sup>23</sup> [COM (2012) 226 final] Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións “As estratexias nacionais de integración dos xitanos: un primeiro paso para a aplicación do marco da UE”

das persoas xitanas presentadas polos Estados membros, entre eles España. Propón, neste sentido, que se asigne un 20% do Fondo Social Europeo a cada Estado membro.

Máis adiante, a través da *Proposta de Recomendación do Consello relativa á adopción de medidas eficaces de integración dos xitanos dos Estados membros*<sup>24</sup>, a Comisión propón distintas medidas para a aplicación das políticas de integración, como ter en conta determinadas cuestións transversais, entre as que salientan a loita contra a discriminación e os estereotipos, a protección de mulleres e nenos, e a adopción dunha formulación de investimento social.

No Proxecto de ditame COR “*Estratexias para a integración dos xitanos*”<sup>25</sup>, recoméndase que as estratexias de integración sexan coerentes coas estratexias xerais da UE para a redución da pobreza e a exclusión social e económica, reiterándose que sexan elaboradas a nivel rexional e local.

No Terceiro cumio europeo sobre poboación xitana, celebrado en abril do 2013 en Bruxelas, a Comisión Europea presentou o seu Informe anual sobre os avances na implantación das Estratexias Nacionais para a Inclusión da Poboación Xitana. No informe formúlanse recomendacións xerais e específicas, por países, nos ámbitos de educación, emprego, saúde e vivenda, así como de loita contra a discriminación.

### Marco estatal

No marco estatal, de acordo co acervo comunitario citado, do que tamén forma parte a Recomendación 7 CSR 7.1.1, o **Programa Nacional de Reformas de España 2013** impulsa a mellora das condicións de vida da poboación xitana, con especial atención ás catro áreas prioritarias.

En desenvolvemento do devandito Programa, a **Estratexia nacional para a inclusión da poboación xitana en España (2012-2020)** define os obxectivos a alcanzar en cada unha das árees clave para a inclusión social no ano 2020, cunhas metas intermedias para 2015. As liñas prioritarias da Estratexia nacional son cinco: educación, emprego, saúde, vivenda e unha quinta, que da cabida ás cuestións de sensibilización social para a igualdade de trato, participación social, non discriminación, entre outros; buscándose o acceso aos diferentes bens e servizos en igualdade de condicións que o resto da poboación.

---

<sup>24</sup> [COM (2013) 460 final] Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións “*Proposta de Recomendación do Consello relativa á adopción de medidas eficaces de integración dos xitanos dos Estados membros*”

<sup>25</sup> [ECOS-V-048, 104º Pleno de 2013]

Na súa operativización, a Estratexia nacional integra o **Plan de Desenvolvemento Xitano** que promove a Administración do Estado desde o ano 1989. Trátase dun programa dirixido á normalización das condicións de vida das persoas xitanas en España que se desenvolve en coordinación coas Comunidades Autónomas -entre elas, Galicia- e as corporacións locais. As intervencións que nel se enmarcan clasifícanse nas áreas definidas no novo documento e cuxas medidas se formulan dun xeito estratéxico.

Neste marco, cabe destacar, por outra banda, a **Estratexia integral contra o racismo, a discriminación racial, a xenofobia e outras formas conexas de intolerancia en España (2011)**. Esta Estratexia, considerando que as persoas de etnia xitana son a minoría que sofre máis rexeitamento e discriminación por parte da sociedade xeral, promove a aplicación tanto de medidas preventivas, como de accións positivas que permitan compensar as desvantaxes que acusan na súa situación.

### **Política de Cohesión 2014-2020**

Como se dixo no inicio deste apartado, a confluencia de intervención a escala europea, nacional e rexional non se produce só na esfera dos principios e obxectivos a alcanzar, senón tamén na dos recursos existentes para o desenvolvemento das distintas políticas.

Para a consecución dos obxectivos da Estratexia Europa 2020, as **Políticas de cohesión para o período 2014-2020 teñen establecidos once obxectivos temáticos, entre os que se relacionan: promover o emprego e favorecer a mobilidade laboral; promover a inclusión social e loitar contra a pobreza; e investir na educación, o desenvolvemento das capacidades e a aprendizaxe permanente**. Para a súa consecución, a Unión Europea pon a disposición dos Estados membros unha serie de instrumentos financeiros<sup>26</sup>. Nesta clave, cada Estado membro, como España, ten definidas as súas prioridades estratéxicas no Acordo de Asociación, as cales -como sucede en moitas Comunidades Autónomas, como a galega- están integradas nos Programas Operativos. Neste proceso, de análise das características do contexto galego e de formulación consecuente dos obxectivos clave, quedan reflectidas as prioridades nacionais e prioridades de investimento dos Fondos da Política de Cohesión para o período 2014-2020 adaptadas ao nivel autonómico.

O Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020 será o marco de desenvolvemento da Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia.

---

<sup>26</sup> Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER); Fondo Social Europeo (FSE); Fondo de Cohesión (FC); Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)

### 1.3. A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA EN GALICIA

A Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2014-2020 atopa o seu precedente no *Plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano de Galicia 2007-2013*. Esta medida específica integrouse durante o anterior período no II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013, cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.

O documento do *Plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano de Galicia 2007-2013* estableceu as orientacións e a dirección a seguir nas medidas promovidas pola Administración autonómica en materia de inclusión social da poboación xitana en Galicia. Os ámbitos onde se concretaron as prioridades no ano 2007 correspóndense cos ámbitos que, máis tarde, a Unión Europea consideraría “cruciais”<sup>27</sup> nas estratexias nacionais que instou aos Estados membros a desenvolver.

Os dispositivos previstos para o desenvolvemento da Estratexia contaron, ademais do Fondo Social Europeo, co apoio do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, a través do Plan de Desenvolvemento Xitano, para o desenvolvemento de accións para a inclusión sociolaboral das persoas xitanas por parte das corporacións locais. Así, entre 2007 e 2013, máis de 20 concellos de media anual recibiron axudas para o desenvolvemento de programas específicos con poboación xitana. Neles participaron anualmente máis de un milleiro de familias, tal e como se recolle na seguinte táboa:

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Concellos subvencionados</b>	22	25	28	28	10	24	23
<b>Familias</b>	1.047	1.259	1.370	1.520	630	1.435	1.007
<b>Pessoas atendidas</b>	3.832	4.484	4.836	5.575	2.279	5.321	2.940
<b>Homes</b>	1.887	2.246	2.410	2.712	1.129	2.629	1.370
<b>Mulleres</b>	1.945	2.238	2.462	2.863	1.150	2.692	1.570

Fonte: Servizo de Coordinación de Programas de Inclusión. Dirección Xeral de Inclusión Social. Ano 2014.

Os servizos comunitarios dos concellos desenvolveron actuacións para a inclusión social das persoas xitanas e as súas familias nos ámbitos de Educación (actividades para o éxito escolar e prevención do absentismo, implicación dos pais e nais nas etapas educativas dos seus fillos/as, apoio á alfabetización...), Saúde (educación sociosanitaria, promoción do acceso e uso responsable dos recursos), Vivenda (apoio e tarefas de acompañamento social nos procesos de realoxamento) e Emprego (itinerarios, orientación..), entre outros.


Mentres as intervencións de enfoque comunitario e familiar nos ámbitos social, da vivenda, da saúde, etc. adquiriron maior peso nas accións desenvolvidas polas corporacións locais, as

<sup>27</sup> Véxase COM (2011) 173 final “Un marco europeo de estratexias nacionais de inclusión dos xitanos ata 2020”

entidades de iniciativa social desenvolveron as súas accións principalmente no ámbito sociolaboral.

Por unha banda, entre o 2007 e 2013 a Consellería de Política social apoiou, mediante un convenio coa Fundación Secretariado Gitano, o desenvolvemento do Programa ACCEDER para a orientación laboral, formación e promoción do acceso ao mercado laboral de minorías étnicas. Neste período o programa atendeu a un total de 4.421 persoas -un 52% delas mulleres-, a través dos seus servizos de orientación e información, e incorporou a 1.530 participantes (812 mulleres e 718 homes).

Como resultado das accións do Programa Acceder da Fundación Secretariado Gitano, 792 persoas participantes acadaron a lo menos un contrato dos 1.697 rexistrados neste período. Delas, un total de 466 persoas (un 58%) son de etnia xitana, nunha porcentaxe de homes e mulleres moi semellante. Por anos, o acceso ao emprego mellorou de xeito significativo no último ano, tras rexistrar no 2012 o seu mínimo para todo o período de referencia.



Fonte: Servizo de Coordinación de Programas de Inclusión. Dirección Xeral de Inclusión Social. Ano 2014.

A Consellería de Política Social, por outra banda, apoiou a través das ordes anuais de convocatoria pública de axudas en concorrencia competitiva, o desenvolvemento de programas para a inclusión de persoas en situación de vulnerabilidade e/ou exclusión social por parte de entidades de iniciativa social. Un 5% das entidades que recibiron subvención realizaron programas específicos coa poboación xitana en Galicia. As accións desenvolvidas centráronse no ámbito da sociolaboral, especialmente dirixidas a mulleres.

## **2. A COMUNIDADE XITANA EN GALICIA**

---

A inexistencia de fontes estatísticas oficiais para grupos culturais diferenciados, como pode ser o caso da poboación xitana, débese en gran medida ás limitacións legais na recollida de datos sobre etnicidade que se estableceron para evitar a segregación e a discriminación.

A escaseza de rexistros estatísticos procedentes de fontes fiables súplese, a miúdo, combinando datos primarios, como os obtidos tras a realización de traballos de campo ou sistemas de reconto, con outros, de carácter estatístico, procedentes de fontes secundarias. Deste xeito permítese a actualización da información dispoñible sen que supoña un alto custe.

A recollida e sistematización desta información require dun paso previo, de acordo sobre o que se entende por persoa xitana. Neste sentido, adóptase o criterio que establece que é aquela que se considera a si mesma como xitana, e que é recoñecida como tal por outras persoas que se consideran como xitanas. Este criterio de recoñecemento mutuo, cruzado, foi creado por estudiosos da cuestión xitana que observaron que cada día é máis difícil aplicar o criterio clásico. Este criterio consideraba como xitanas ás persoas que compartían certos códigos culturais (1), unha lingua común, a pesar das súas variantes (2), e un sistema de liñaxes recoñecibles entre si por trazos fenotípicos (3). De feito, as liñaxes forman parte do acervo cultural común; pero o seu recoñecemento fenotípico depende da distancia xenética de cada individuo cos trazos comúns do grupo de antepasados que abandonaron o val do río Indo hai máis de mil anos. Estes criterios tornáronse inviables nas sociedades complexas, polo que resulta de aplicación o criterio de recoñecemento mutuo. Este criterio que adoptamos non está exento de problemas. Especialmente cando varios grupos que se autodenominan xitanos non recoñecen como tales a outros grupos que tamén se denominan xitanos. Esta problemática está especialmente presente no caso dos ciganos trasmontanos, chamados “chabotos” polo resto dos xitanos de Portugal e cunha presenza numerosa e antiga en Galicia. Con todo, en concordancia co criterio que nos marcamos, este grupo será considerado como xitano, a pesar da súa exclusión na opinión doutros xitanos (a reciprocidade existe no interior do grupo).

No que refire aos estudos sociolóxicos, recontos e informes, Galicia ten unha base estatística suficientemente sólida como para ofrecer datos fiables da evolución da poboación xitana en relación cos principais indicadores de calidade de vida e de igualdade de trato. Acaso o maior problema, no momento actual, é que o último estudio xeral sobre a poboación xitana, feito cun traballo de campo, data do ano 2000. E o último informe xeral de situación data do ano 2005. Con posterioridade, realizáronse doux estudos sobre a realidade galega de indubidable valor: o referente ao chabolismo en Galicia, que parte dun reconto de todos os asentamentos con máis de cinco chabolas construídas existentes no país, antes de ofrecer unha sistematización da

situación social da súa poboación, e o referente ao emprego da poboación xitana de Galicia, que fornece tamén datos sobre educación, formación, dimensión das familias e estrutura ocupacional. Ademais, o Mapa sobre Vivenda e Comunidade Xitana en España<sup>28</sup> tamén realiza un reconto sobre vivendas con poboación xitana en Galicia, relativizando os datos demográficos dispoñibles, porque identifica 2.049 vivendas en total.

A nivel nacional, carecemos de estudos completos antes do realizado por Miguel Laparra a partir de 2007, aínda que a súa edición data de 2011<sup>29</sup>. En troques, existe unha boa serie estatística no agregado nacional para os problemas específicos relativos á educación, especialmente na etapa de Primaria, e de emprego.

Os datos dispoñibles para Galicia falan de procesos de terciarización da ocupación, de sedentarización na vivenda, de enorme avance no acceso á escolaridade, e de fracaso no acceso ás titulacións académicas. Ademais, existen outros trazos de descripción social que están solidamente establecidos na literatura sociolóxica dispoñible, como o tránsito desde unha ausencia case absoluta de documentación a unha situación en que os servizos sociais teñen documentados (pero non sistematizados) case todos os aspectos sociais da vida da comunidade xitana.

A pesar do rápido e fondo avance producido no camiño da normalización social da comunidade xitana en Galicia, cos datos dispoñibles, sen embargo, resulta concluínte que a súa situación social, no seu conxunto, aínda está lonxe de equiparase á da poboación xitana en España. Daquela, calquera horizonte metodolóxico realista debería contemplar un dobre estándar para os niveis de vida dos xitanos en Galicia. O primeiro sería acadar cotas de benestar similares ás do resto da poboación xitana en España. E, concretamente, cómpre reducir o diferencial de acceso á vivenda: o chabolismo afectaba a unha de cada dez persoas xitanas en España en 2007; pero a máis de unha de cada tres en Galicia<sup>30</sup>. A continuación, sería necesario acadar niveis de vida equiparables aos do resto da poboación de Galicia. Ora ben, resulta indispensable realizar unha actualización do coñecemento da poboación xitana que permita medir os impactos da intervención social no nivel de vida das persoas xitanas en Galicia.

---

<sup>28</sup> D'ALEPH/Fundación Secretariado Gitano (2008). *Mapa sobre vivienda y comunidad gitana en España 2006-07*. Fundación Secretariado Gitano. Madrid, 2008

<sup>29</sup> Laparra, M. (coord.) (2007): *Informe sobre la situación social y tendencias de cambio en la población gitana. Una primera aproximación*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Madrid, 2011

<sup>30</sup> 38% das vivendas, cruzando os datos do *Mapa sobre vivienda y comunidad gitana en España 2006-07*, xa referido, e o Informe de situación, 2007. *O chabolismo en Galicia*. Xunta de Galicia. Santiago, 2008

Por último, é necesario recoñecer a realidade da poboación romaní procedente de Romanía, para poder realizar unha intervención social compatible tanto coas políticas nacionais e Europeas de libre circulación de persoas e de corresponsabilidade dos países nas políticas de benestar, como coa perspectiva de acción humanitaria e de inclusión social que debe caracterizar ao noso sistema de benestar. Ata 2012 chegaran a Galicia arredor de 8.129 persoas romancesas, na súa maioría xitanas. É probable que, daquela, constitúan o grupo cultural xitano máis numeroso entre nós, tendo en conta das diferenzas internas entre os propios xitanos españois, cunha forte segregación entre galegos e zamoranos. Coñecer este grupo e avanzar as formas de intervención possibles existentes na actualidade, é unha das responsabilidades á hora de realizar un correcto tratamento dos datos sobre o presente e o futuro da inclusión social da poboación xitana en Galicia.

### 3. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

---

#### OBXECTIVO XERAL

O seu obxectivo principal é promover a normalización das condicións e a calidade de vida das persoas xitanas en Galicia e apoiar a súa plena integración social e económica

#### OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Ofertar un **marco** para o desenvolvemento de intervencións de carácter integral e promover, dentro deste, a **coordinación e traballo en rede** entre os distintos niveis de Administración Pública e as entidades que representan ou orientan a súa actividade á poboación xitana, nomeadamente as de iniciativa social
2. Apoiar o desenvolvemento dos **dereitos fundamentais** das persoas xitanas e equiparar o seu estándar de **acceso aos servizos, bens e recursos dos diferentes sistemas** (educativo, sanitario, de emprego, vivenda e servizos sociais) co da poboación total, fomentando o seu coñecemento e o seu uso axeitado
3. Mellorar as **condicións e a calidade de vida** das persoas xitanas a través de medidas específicas e compensatorias dirixidas á **normalización** naqueles ámbitos que rexistran maiores desvantaxes e desigualdades respecto da poboación total
  - a. Promover a saúde dunha forma integral para mellorar as condicións de vida da persoas xitanas e reducir as súas desigualdades neste eido respecto da poboación total

- b. Incrementar o nivel educativo e formativo das persoas xitanas e, de xeito especial o número de alumnos/as que completan a educación primaria e secundaria
  - c. Mellorar as condicións e calidade residenciais da poboación xitana, a través de medidas de erradicación do chabolismo e infravivenda
  - d. Traballar sobre os atrancos que limitan a participación no emprego e mellorar as condicións laborais mediante a profesionalización e mellora da formación para o emprego
4. Promover a igualdade e desenvolvemento da **muller xitana**, mediante accións positivas que compensen a desigualdade real de oportunidades e combatan a violencia doméstica e de xénero
5. Aumentar o **coñecemento e actualizar a información dispoñible sobre a situación** da poboación xitana en Galicia, permitindo así mellorar as ferramentas de diagnose e a calidade do deseño de políticas e medidas dirixidas á intervención con este colectivo
6. Garantir a efectiva **igualdade de oportunidades** para o pleno exercicio da súa cidadanía e participación social

## 4. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN E MEDIDAS

---

### 4.1. EDUCACIÓN

#### Obxectivos estratéxicos de referencia

- ✓ Apoiar o desenvolvemento dos **dereitos fundamentais** das persoas xitanas e equiparar o seu estándar de **acceso aos servizos, bens e recursos dos diferentes sistemas** (educativo, sanitario, de emprego, vivenda e servizos sociais) co da poboación total, fomentando o seu coñecemento e o seu uso axeitado
- ✓ Mellorar as **condicións e a calidade de vida** das persoas xitanas a través de medidas específicas e compensatorias dirixidas á **normalización** naqueles ámbitos que rexistran maiores desvantaxes e desigualdades respecto da poboación total
  - Incrementar o nivel educativo e formativo das persoas xitanas e, de xeito especial, o número de alumnos/as que completan a educación primaria e secundaria

- ✓ Promover a igualdade e desenvolvemento da **muller xitana**, mediante accións positivas que compensen a desigualdade real de oportunidades
- ✓ Aumentar o coñecemento e **actualizar a información dispoñible** sobre a situación da poboación xitana en Galicia, permitindo, así, mellorar as ferramentas de diagnose e a calidade do deseño de políticas e medidas dirixidas á intervención con este colectivo

## Cuestións diagnósticas

A desvantaxe educativa da poboación xitana en Galicia é moi grande. Por unha banda, a educación secundaria ou superior chega ao 58% da poboación galega de máis de 15 anos, pero no caso da poboación xitana de Galicia só supera o 11%. Inversamente, este grupo ten maiores taxas de analfabetismo absoluto -que afecta ao 13% da poboación xitana-, e de persoas que non concluíron os estudos primarios (correspondentes a 6º curso), que aumenta a un 77%.

Así mesmo, o número medio de fillos/as da poboación xitana de Galicia entre 24 e 44 anos é de 2,65 (preto de 3), correspondendo cunha maior frecuencia dos estudos primarios incompletos por parte dos pais e nais. Por tanto, trátase de familias que non poden axudar aos seus fillos e fillas que cursan estudos secundarios, o que produce unha tendencia a perpetuar a situación de desvantaxe educativa. Ademais, nos últimos 30 anos a poboación xitana de Galicia incrementou a súa escolaridade en oito anos de media, desde os dous até o dez anos, pero ao mesmo tempo o número de persoas que conclúen con éxito eses dez anos de escolaridade é do 1,4%.

A comparativa da comunidade xitana en Galicia coa comunidade xitana en España reflicte desviacións moi importantes, como mostra a seguinte táboa de datos:

Nivel de estudos	Comparación Poboación xitana		2007	
	Galicia	España		
<b>Analfabeto</b>	13,2	77,0%	13,1	71,2%
<b>Só ler e escribir</b>	21,7		21,0	
<b>Primarios incompletos</b>	42,2		37,1	
<b>Primarios completos</b>	11,7	21,5%	15,1	22,4%
<b>Secundarios incompletos</b>	9,8		7,3	
<b>Secundarios completos</b>	1,2	1,4%	5,3	6,4%
<b>Superiores</b>	0,2		1,1	
<b>Total</b>	100,0		100,0	

Fonte: Fundación Secretariado Gitano. Ano 2008

Daquela, igual que na situación de vivenda, antes de lograr unha converxencia entre a poboación xitana e o conxunto da poboación de Galicia, é preciso lograr unha aproximación aos estándares educativos do resto da poboación xitana española, sobre todo no que respecta aos estudos secundarios completos e aos estudos superiores.

A pesar desta desigualdade, que debe ser comprobada en estudos de carácter máis específico dispoñibles na actualidade (os últimos datos específicos para Galicia son de 2007), asistimos tamén a avances significativos. O máis importante é que o abandono anterior aos 16 anos reduciuse de maneira importante nos últimos tempos. Daquela, o paso de primaria a secundaria obligatoria, sen estar universalizado, foi perdendo dramatismo e gañando normalidade para a poboación xitana. Ao propio tempo, foron adquirindo relevancia o absentismo e o fracaso escolar durante a Educación Secundaria Obligatoria. Tamén parece que vai avanzando a cuestión de xénero, aínda que de forma moi polarizada. As mulleres xitanas teñen más dificultades para proseguir os estudos. Pero cando logran vencer esa barreira, teñen mellores resultados académicos que os homes xitanos.

Para completar esta información, cómpre obter datos actualizados de persoas xitanas que finalizaron a Educación Secundaria Obligatoria (ESO) con éxito, conseguindo o título de graduado de ESO ou titulacións equivalentes.

### **Aspectos clave da intervención**

Como se referiu con anterioridade, a maior permanencia na escola non se traduciu nun aumento do nivel educativo da poboación xitana en Galicia, que se sitúa moi por debaixo, non só do niveis rexistrados para a poboación xeral senón tamén para o total da poboación xitana en España.

Sendo incuestionable o avance experimentado na escolarización, segue sendo pertinente traballar o éxito académico -o aproveitamento vinculado á asistencia e participación- e o absentismo para evitar o abandono prematuro dos estudos, especialmente na etapa de educación secundaria.

O éxito académico está relacionado coa percepción e expectativas que as persoas proxectan sobre a Educación, e en relación á súa consideración como un investimento para acadar progresos futuros. Pero esta consideración pode non estar estendida entre a poboación xitana, que se incorpora a idades novas ao mercado de traballo -a miúdo nas actividades económicas da familia- sen ter finalizados os estudos básicos e/ou carecer de cualificación para o emprego.

Cómpre, neste sentido, traballar a implicación das familias nos procesos educativos dos seus fillos e fillas, promover o acceso aos recursos educativos desde a primeira infancia, e aplicar

medidas compensatorias, como a de reforzo escolar, que dean como resultado unha mellora educativa.

Trátase de desenvolver intervencións dirixidas á mellora do éxito educativo da poboación escolar xitana que, por unha banda, ofrezan unha compensación educativa aos/ ás menores e, por outra banda, ofrezan elevar o nivel de expectativas educativas das familias e do profesorado respecto do alumnado xitano.

Pero ademais, existe a necesidade de levar a cabo unha estratexia de combinación de recursos para a profesionalización das persoas xitanas dirixida, por unha parte, ao alumnado xitano maior de 16 anos con atraso escolar -e en risco de abandono- e, pola outra, ás persoas adultas que xa abandonaron os estudos. No primeiro grupo tratarase de promover o acceso a recursos de formación regrada alternativos ao deseño curricular básico, como os Programas de Cualificación Profesional Inicial<sup>31</sup>. Para o outro grupo, fomentaranse medidas de segunda oportunidade, promotoras do acceso á cualificación para o emprego, a través, por exemplo, do apoio para a superación do exame de competencias clave de niveis 2 e 3.

### Obxectivos específicos e medidas

#### A. Incrementar a escolarización da poboación xitana nas primeiras etapas educativas

- Sensibilizar sobre a importancia da Educación infantil
- Apoiar o acceso á rede de recursos públicos de Educación infantil dos nenos e nenas de 0 a 3 anos de familias en situación de exclusión social
- Crear espazos de reforzo formativo no ámbito non regrada para a infancia

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<p>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li><li>• CGSIB/AGSS</li></ul> <p>ConSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li></ul> <p>Corporacións locais</p> <p>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</p>
---------------------------	--

#### B. Promover a permanencia nos estudos do alumnado xitano

- Desenvolver medidas de apoio para o alumnado e as súas familias, a través do Programa PROA e doutros complementarios no marco dos Contratos-Programa, e

---

<sup>31</sup> A nova denominación deste recurso educativo será a de Formación Profesional Básica

facilitar a transición de educación primaria á educación secundaria e no cambio de centro

- Procurar información sobre servizos e recursos que facilten unha diminución significativa do absentismo, como comedores, actividades extraescolares, etc.
- Crear espazos de compensación socioeducativa extraescolar e actividades en medio abierto

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Política social</i>
	• Dirección Xeral de Inclusión Social
	• CGSIB/AGSS
	<i>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</i>
	• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
	<i>Corporacións locais</i>
	Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais

#### C. Reducir a fenda no atraso escolar das persoas xitanas, especialmente na educación secundaria obligatoria

- Desenvolvemento de programas de reforzo educativo en proxectos de diversificación curricular e alumnado con necesidades de apoio para mellorar os resultados académicos
- Traballar co alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria e abordar as súas necesidades e os seus intereses profesionais de xeito que posibilite o axuste dos contidos formativos da Formación Profesional Básica
- Mellorar o volume da oferta e accesibilidade á Formación Profesional Básica, en colaboración coas corporacións locais e ONGs

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Política Social</i>
	• Dirección Xeral de Inclusión Social
	<i>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</i>
	• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
	<i>Corporacións locais</i>
	<i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i>

#### D. Aumentar o nivel educativo e promover a formación permanente da poboación xitana adulta

- Aumentar o número de persoas mozas e adultas que reinician os estudos -de calquera nivel educativo- que non remataron, asegurando, a través da oferta de Educación, a adquisición de competencias que lles facilten a incorporación no mercado de traballo

- Promover a formación ao longo da vida, con medidas de seguimento e apoio a través de itinerarios personalizados de inserción sociolaboral que garantan a coordinación con dispositivos doutros sistemas
- Reducir a taxa de analfabetismo na poboación xitana, a través dunha oferta de cursos de alfabetización de persoas adultas con metodoloxías flexibles, con apoios que favorezan a súa participación e permanencia na actividade formativa
- Diminuir a fenda dixital da poboación xitana, fomentando a súa participación en actividades de alfabetización dixital e formación nas TICs
- Promocionar o acceso do alumnado xitano aos niveis educativos medio e superior, especialmente das mulleres

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Presidencia da Xunta de Galicia</i> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA</li> </ul> <i>Consellería de Política Social</i> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <i>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</i> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul> <i>Corporacións locais</i> <i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i>
---------------------------	--

#### E. Mellorar os aspectos do entorno familiar que inciden nas desigualdades educativas

- Fomentar accións dirixidas a favorecer a participación das familias xitanas na escola e a implicación activa destas nos procesos educativos dos seus menores
- Sensibilizar aos pais e nais da importancia da educación, aumentando as súas expectativas académicas e educativas como vía para mellorar as oportunidades vitais dos seus fillos e fillas, a través do traballo conxunto entre o alumnado, o equipo docente, a familia e os/as educadores/as dos servizos sociais

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Política Social</i> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <i>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</i> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</li> </ul> <i>Corporacións locais</i> <i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos Sociais</i>
---------------------------	---

#### F. Promover a diversidade e a convivencia intercultural no ámbito educativo

- Formar ao profesorado, de xeito especial o dos centros de Educación Secundaria Obrigatoria, en atención á diversidade e mellora da convivencia

- Desenvolver actividades de información sobre a historia e cultura xitana nos centros educativos
- Sensibilizar ao alumnado e familias, nomeadamente de Educación Secundaria Obrigatoria, en cuestións relacionadas co acoso escolar e discriminación por calquera razón
- Promover o intercambio de información e boas prácticas de atención á diversidade e educación intercultural en todos os centros educativos, impulsando o dito intercambio efectivo, en particular, nos centros onde exista un porcentual significativo de alumnado xitano
- Desenvolver accións positivas nos centros que reciben alumnado con diversidade, para promover a captación de novo alumnado

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</i> • <i>Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</i>
---------------------------	--

## G. Incrementar o coñecemento sobre os procesos educativos da poboación xitana de Galicia

- Realizar un estudio sobre a situación, dinámicas e procesos que interveñen na situación da poboación xitana respecto da Educación
- Incorporar, de forma explícita, as persoas de etnia xitana de orixe portugués e romanés no diagnóstico da situación educativa das comunidades xitanas en Galicia

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Política Social</i> • <i>Dirección Xeral de Inclusión Social</i>
	<i>Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</i>
	• <i>Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa</i>
	<i>Corporacións locais</i>

### 4.2. VIVENDA

#### Obxectivos estratéxicos de referencia

- ✓ Apoiar o desenvolvemento dos **dereitos fundamentais** das persoas xitanas e equiparar o seu estándar de **acceso aos servizos, bens e recursos dos diferentes sistemas** (educativo, sanitario, de emprego, vivenda e servizos sociais) co da poboación total, fomentando o seu coñecemento e o seu uso axeitado
- ✓ Mellorar as **condicións e a calidade de vida** das persoas xitanas a través de medidas específicas e compensatorias dirixidas á **normalización** naqueles ámbitos que rexistran maiores desvantaxes e desigualdades respecto da poboación total

- Mellorar as condicións e calidade residenciais da poboación xitana, a través de medidas de erradicación do chabolismo e infravivenda
- ✓ Promover a igualdade e desenvolvemento da **muller xitana**, mediante accións positivas que compensen a desigualdade real de oportunidades
- ✓ Aumentar o coñecemento e **actualizar a información dispoñible** sobre a situación da poboación xitana en Galicia, permitindo, así, mellorar as ferramentas de diagnose e a calidade do deseño de políticas e medidas dirixidas á intervención con este colectivo

## Cuestións diagnósticas

O marco de acceso á vivenda por parte da comunidade xitana modificouse profundamente no tempo que media entre 2007 e 2013, a causa dos enormes cambios producidos no mercado da vivenda e o solo, así como nos desenvolvidos no ámbito lexislativo.

O mercado de vivenda -e, de forma consecuente, o mercado do solo- sufriu un colapso, debido á estreita relación entre a crise financeira e o mercado da vivenda. Esta situación afecta ao conxunto da poboación, pero especialmente ás persoas e familias en situación de precariedade ou de exclusión residencial. Entendemos por precariedade non só as formas de precariedade social, desde logo a forma máis estendida de precariedade residencial, senón tamén o réxime de cesión en precario e os de uso precario sen unha cesión expresa. Entendemos por exclusión residencial a situación das persoas sen fogar ou aquelas que utilizan como fogar un habitáculo que se usa como vivenda pero que carece das condicións legais, construtivas e de habitabilidade como para que chegue a ser unha vivenda. Entre estas destacan polo seu número e polo continuado da situación, as persoas xitanas.

Desde o punto de vista dos cambios lexislativos foi suprimida a Lei de Erradicación do Chabolismo, quedando sen efecto o decreto e as ordes que a desenvolvían. O actual marco necesita dotarse de medidas específicas que fagan fronte á exclusión residencial en xeral e, en particular, á situación da poboación xitana.

De feito, en relación coa problemática máis grave, a do chabolismo, os datos do reconto de 2007 puxeron de manifesto que existían aínda 39 asentamentos, seis menos que no reconto do ano 2000. E que vivían neles 3.381 persoas, 498 persoas máis que as estimadas sete anos antes. Como a poboación xitana estimada tamén é superior, resultaba unha porcentaxe próxima ao 33% de familias xitanas residentes en chabolas ou infravivendas. As grandes operacións de erradicación do chabolismo realizadas a partir dese momento eliminaron os asentamentos de Penamoa na Coruña e de Maceda, reducíndose aproximadamente en cincocentas persoas e cinco puntos porcentuais a dimensión do problema. Pero Galicia segue

encabezando a taxa de chabolismo da poboación xitana española, estando arredor de 18 puntos porcentuais por riba da taxa de chabolismo da poboación xitana española. Daquela, a erradicación do chabolismo debe seguir sendo a primeira prioridade nas políticas de vivenda en relación coa poboación xitana. E, ao obxectivo da súa total erradicación, hai que sobrepoñerlle un obxectivo intermedio que é a converxencia coas taxas de chabolismo da poboación española.

Ao mesmo tempo, a forte diferenciación social do colectivo dificulta o acceso deste á vivenda do mercado libre. Por esta razón cómpre manter programas de intervención dos poderes públicos que permitan darré un cumprimento ao mandato constitucional que insta a promover as condicións que fagan posible a igualdade de todos os ciudadáns e ciudadás.

### **Aspectos clave da intervención**

Aínda que en Galicia nas últimas décadas se produciu un gran avance na erradicación do chabolismo, esta segue a ser o obxectivo principal neste ámbito, pois o diferencial coas persoas xitanas en España segue sendo moi grande<sup>32</sup>. O paso intermedio deste proceso de erradicación require aproximar a situación da comunidade xitana de Galicia á do resto de España.

A erradicación da infravivenda tamén forma parte deste obxectivo, por canto supón un grave atranco para que o proceso de integración social se poida desenvolver con normalidade, e condiciona unha integración axeitada nos restantes ámbitos (educativo, emprego, participación social, entre outros).

Xunto á realización de actuacións sobre os poboados chabolistas existentes, para a erradicación do chabolismo tamén é preciso evitar a reprodución deste.

Para que a devandita erradicación sexa posible, paralelamente hai que facilitar o acceso a novas vivendas. Por esta razón, sen esquecer as medidas de acceso á vivenda en propiedade, apoiaranse os mecanismos para que a poboación xitana poida acceder á vivenda en alugueiro. Deste xeito, traballarse tendo en conta a situación do mercado de alugueiro, o cal na actualidade é máis activo pero menos accesible debido á esixencia de maiores garantías (avais, fianzas, etc.) por parte de quen arrenda; e promovendo fórmulas de intermediación para evitar a discriminación no acceso ás vivendas.

---

<sup>32</sup> En Galicia un 25% das persoas xitanas residen en chabola ou infravivenda. En España, esta porcentaxe é do 3,4%. [Mapa Estudo de Vivenda e Poboación xitana](#) Fundación Secretariado Gitano, 2007

Complementariamente, desenvolveranse medidas de educación familiar e convivencia veciñal, co fin de promover o bo uso da vivenda; e impulsarase a mediación para previr e/ou solucionar posibles situacións de conflito. A posta en práctica destas medidas resulta fundamental, tendo en conta que as maiores taxas de rexeitamento da poboación xitana se producen en contextos de vivenda segregada.

### **Obxectivos específicos e medidas**

#### **A. Erradicar o chabolismo e as infravivendas**

- Erradicar as infravivendas e mellorar as condicións e calidade residenciais da poboación xitana, para que dispoña dun aloxamento digno
- Procurar aloxamento de carácter estable, en vivenda normalizada, preferentemente dispersa, evitando a concentración e facilitando na medida do posible o apoio mutuo do grupo familiar
- Desenvolver actuacións específicas para acometer a erradicación dos poboados chabolistas más conflitivos e de maior dimensión cun enfoque integral, que inclúa accións de atención social, saúde, educación, emprego...
- Apoiar ás persoas e familias incorporadas aos procesos de realoxamento, a través de itinerarios residenciais que integren obxectivos de integración sociolaboral

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<p><i>Consellería de Política Social</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p><i>Consellería de Infraestruturas e Vivenda</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Instituto Galego de Vivenda e Solo</li> </ul> <p><i>Corporacións locais</i></p> <p><i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i></p>
---------------------------	---

#### **B. Incrementar os mecanismos de acceso da poboación xitana á vivenda normalizada, tanto da incluída no marco da vivenda pública e das políticas de accesibilidade social como a do mercado privado, prioritariamente a través do alugueiro**

- Desenvolver accións positivas de acceso á vivenda normalizada en favor das familias xitanas, a través de campañas de información, formación e intermediación en colaboración coas corporacións locais e as ONGs
- Intermediación e traballo con familias xitanas que foron obxecto con anterioridade de adxudicación dunha vivenda pública en réxime de compra venda ou aluguer e que teñen problemas de integración e convivencia para evitar a perda da vivenda por parte destas

- Desenvolver medidas de financiamento parcial do prezo da renda a familias con baixos recursos, entre as que se atopan as familias xitanas que se atopan en situación de ampareamento
- Atender as necesidades de emancipación das mulleres vítimas de violencia de xénero

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Política Social</i>
	• Dirección Xeral de Inclusión Social
	• CGSIB/AGSS
	<i>Consellería de Infraestruturas e Vivenda</i>
• Instituto Galego de Vivenda e Solo	
<i>Corporacións locais</i>	
<i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i>	

#### C. Apoiar os procesos de transición residencial e a permanencia e a convivencia das persoas e familias xitanas que residen en vivenda normalizada

- Preparar o acceso á vivenda normalizada, a través de accións socioeducativas e de formación para coidado da vivenda, e promover o mantemento e a convivencia das persoas e familias que xa accederon a ela
- Establecer proxectos de inserción que contemplen o acceso e mantemento da vivenda en aluguer, acompañados de medidas de educación familiar, convivencia veciñal e participación social

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Política Social</i>
	• Dirección Xeral de Inclusión Social
	• CGSIB/AGSS
	<i>Corporacións locais</i>
<i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i>	

#### D. Incrementar o coñecemento sobre a situación da poboación xitana en Galicia

- Actualización do mapa de vivenda da poboación xitana en Galicia e do informe sobre chabolismo e infravivenda, considerando as novas situacións (especialmente a afluencia de persoas xitanas de orixe romanés)

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Política Social</i>
	• Dirección Xeral de Inclusión Social

#### 4.3. SAÚDE

##### Obxectivos estratéxicos de referencia

- ✓ Apoiar o desenvolvemento dos **dereitos fundamentais** das persoas xitanas e equiparar o seu estándar de **acceso aos servizos, bens e recursos dos diferentes sistemas** (educativo, sanitario, de emprego, vivenda e servizos sociais) co da poboación total, fomentando o seu coñecemento e uso axeitado
- ✓ Mellorar as **condicións e a calidade de vida** das persoas xitanas a través de medidas específicas e compensatorias dirixidas á **normalización** naqueles ámbitos que rexistran maiores desvantaxes e desigualdades respecto da poboación total
  - Promover a saúde dunha forma integral para mellorar as condicións das persoas xitanas e reducir as súas desigualdades neste eido respecto da poboación total
- ✓ Promover a igualdade e desenvolvemento da **muller xitana**, mediante accións positivas que compensen a desigualdade real de oportunidades
- ✓ Aumentar o coñecemento e **actualizar a información dispoñible** sobre a situación da poboación xitana en Galicia, permitindo, así, mellorar as ferramentas de diagnose e a calidade do deseño de políticas e medidas dirixidas á intervención con este colectivo

##### Cuestións diagnósticas

As condicións de saúde da comunidade xitana en Galicia e a súa esperanza de vida son inferiores ás do conxunto da poboación. Sen embargo, resulta difícil definir dunha forma operativa a desigualdade existente. O estudo realizado a nivel nacional seguindo a Enquisa Nacional de Saúde, insiste máis na percepción da saúde que no estudo de datos de carácter obxectivo como a esperanza de vida ou os factores epidemiolóxicos específicos que afectan á poboación xitana. Existen datos sobre accidentes sufridos e, dada a súa relevancia para o mantemento e a calidade de vida, deben considerarse como unha referencia importante. A poboación xitana declara sufrir un maior número de accidentes e con maiores complicacións que o resto da poboación, o que fai relevante esa diferenza que, sen dúbida, debe ser compensada desde o punto de vista da prevención.

Pero descoñécense outros aspectos nos que a prevención debe considerarse como fundamental. O máis importante pode ser o aspecto das afeccións cardiovasculares, acaso unha das causas más frecuentes de morte temperá entre a poboación xitana. Estas afeccións están relacionadas con hábitos de vida, especialmente co sedentarismo, con hábitos de alimentación e con consumos, tanto de tabaco e alcohol como doutras substancias tóxicas. Sen embargo, carécese dunha cuantificación sobre a incidencia destes factores de risco na poboación xitana e dunha cuantificación do seu impacto.

En relación co consumo de tóxicos, o imaxinario social sobre a prevención fai referencia aos consumos que eran habituais hai máis dunha década, pero que van ficando progresivamente obsoletos. En cambio, non hai estudos sobre a poboación xitana e novas formas de consumo; e mesmo con novas formas de adición, non necesariamente vinculadas co consumo de substancias tóxicas.

### **Aspectos clave da intervención**

As medidas previstas neste ámbito están dirixidas a acadar o acceso normalizado de toda a poboación xitana aos recursos sanitarios e promoven a realización dun uso axeitado e responsable destes. Neste sentido, tense observado determinadas áreas de mellora, como no que respecta á sobreutilización das urxencias sanitarias, ou determinados conflitos no eido hospitalario derivados polas pautas de conduta que nalgúns casos manteñen as persoas relacionadas con aquela que está ingresada.

Os factores culturais que inciden sobre a concepción da saúde, do duelo entre a poboación xitana determinan en parte comportamentos ás veces diferenciados da poboación maioritaria. A función mediadora é esencial para conseguir respectar, de maneira equilibrada, o desenvolvemento de patróns culturais da comunidade xitana cos protocolos e intervencións que procuran a eficacia hospitalaria.

A esperanza de vida das persoas xitanas estímase que se sitúa entre 10 e 20 anos por debaixo daquela establecida para a poboación total. A cuestión da saúde preventiva segue a adoitar un papel importante na intervención coa poboación xitana. Aos efectos, fomentaranse pautas de vida saudable, especialmente nas mulleres e infancia, e medidas de prevención de accidentes. A estas sumaranse aquellas dirixidas a evitar novas adicións e a abordar a dependencia de sustancias tóxicas, traballando especialmente na poboación xitana adolescente e coas súas familias.

Ademais é clave, para acadar un maior axuste entre as medidas e a realidade de intervención, aumentar o coñecemento sobre hábitos e factores que inciden sobre o estado da saúde da poboación xitana, como os de carácter epidemiolóxico.

### **Obxectivos específicos e medidas**

#### **A. Mellorar o acceso normalizado e o uso axeitado aos servizos sanitarios**

- Mellorar as medidas para o acceso aos sistemas de saúde por parte das persoas xitanas inmigrantes, tanto nacionais como de outros países da Unión Europea

- Desenvolver itinerarios de inserción social que traballen os atrancos no acceso aos servizos de saúde, tales como a aprendizaxe da lingua e introdución á sociedade de acollida cando proceda
- Establecer mecanismos de coordinación entre os servizos específicos e os servizos de saúde para o seguimento de casos individuais e para a cooperación en accións comunitarias
- Formar en atención á diversidade e interculturalidade, con especial referencia á poboación xitana ao persoal dos servizos sanitarios, co fin de facilitar a comunicación cos pacientes e as súas familias nun contexto de diferenza cultural na comprensión dos procesos asociados á saúde, e impulsar a formación de mediadores sanitarios cualificados de etnia xitana
- Adecuar o uso dos recursos sanitarios que realiza a poboación xitana, en especial dos servizos hospitalarios e de urxencias, a través de medidas de información sobre o uso responsable, mediación e acompañamento no acceso
- Realizar un planeamento para a atención xeriátrica concertada entre as familias e os recursos públicos existentes, buscando a complementariedade dos recursos familiares e comunitarios

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<p><i>Consellería de Política Social</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p><i>Consellería de Sanidade</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Saúde Pública</li> <li>• Servizo Galego de Saúde- FEGAS</li> </ul> <p><i>Corporacións locais</i></p>
---------------------------	---

## B. Promover a saúde e prácticas sanitarias preventivas na poboación xitana, en especial das mulleres e da infancia

- Aumentar o coñecemento sobre a saúde da comunidade xitana en Galicia e identificar áreas nas que hai unha maior presenza para intensificar programas de información e/o intervención
- Coñecer os factores epidemiológicos con maior incidencia na poboación xitana para actuar de forma preventiva
- Realizar o estudo requerido para establecer un valor do indicador de esperanza de vida da poboación xitana en Galicia desagregado por sexo
- Desenvolver accións formativas e/ou informativas de educación afectivo sexual á mocidade e de promoción integral da saúde reprodutiva nas mulleres xitanas, desde o respecto a súa vivencia cultural da saúde e da sexualidade

- Avanzar na equidade nas cuestións de saúde infantil, promovendo revisións médicas periódicas, coidados pediátricos infantís, programas de vacinación, atención bucodental e a práctica dunha parentalidade positiva
- Aumentar a formación para prevención de accidentes e primeiros auxilios en casos de accidente
- Desenvolver accións promotoras da saúde centradas nas persoas e familias con necesidades especiais que residen en chabolas ou infravivenda

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<p><i>Consellería de Política Social</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p><i>Consellería de Sanidade</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Saúde Pública</li> <li>• SERGAS</li> </ul> <p><i>Corporacións locais</i></p> <p><i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i></p>
---------------------------	--

### C. Promover estilos de vida saudables e atender ás patoloxías derivadas do consumo e abuso de sustancias

- Apoiar o coidado da saúde ao longo de todo o ciclo de vida, con especial atención ás persoas adultas maiores
- Establecer medidas eficaces da educación para a saúde para a prevención das enfermedades
- Promover un maior coñecemento sobre os hábitos nutricionais e a importancia do exercicio físico, con especial atención ás mulleres, e incluíndo a promoción dun uso saudable do tempo de lecer
- Traballar a resistencia da adolescencia e mocidade ás presións de grupo en materia de consumos prexudiciais para a saúde, aumentando o coñecemento dos perigos das sustancias tóxicas e con especial atención aos novos consumos
- Prestar servizos de orientación e información a familiares de persoas con trastornos aditivos

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<p><i>Consellería de Política Social</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p><i>Consellería de Sanidade</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Saúde Pública</li> <li>• SERGAS</li> </ul> <p><i>Corporacións locais</i></p> <p><i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i></p>
---------------------------	--

#### 4.4. EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA

##### Obxectivos estratéxicos de referencia

- ✓ Apoiar o desenvolvemento dos **dereitos fundamentais** das persoas xitanas e equiparar o seu estándar de **acceso aos servizos, bens e recursos dos diferentes sistemas** (educativo, sanitario, de emprego, vivenda e servizos sociais) co da poboación total, fomentando o seu coñecemento e o seu uso axeitado
- ✓ Mellorar as **condicións e a calidade de vida** das persoas xitanas a través de medidas específicas e compensatorias dirixidas á **normalización** naqueles ámbitos que rexistran maiores desvantaxes e desigualdades respecto da poboación total
  - Traballar sobre os atrancos que limitan a participación no emprego e mellorar as condicións laborais mediante a profesionalización e mellora da formación para o emprego
- ✓ Promover a igualdade e desenvolvemento da **muller xitana**, mediante accións positivas que compensen a desigualdade real de oportunidades
- ✓ Aumentar o coñecemento e **actualizar a información dispoñible** sobre a situación da poboación xitana en Galicia, permitindo, así, mellorar as ferramentas de diagnose e a calidade do deseño de políticas e medidas dirixidas á intervención con este colectivo

##### Cuestións diagnósticas

O ámbito do emprego foi o que experimentou un maior deterioro para o conxunto da poboación durante o período 2007-2013, principalmente a causa do desenvolvemento da crise. Tamén a situación da poboación xitana sufriu un retroceso neste sentido, que a nivel nacional está cuantificado nun incremento do desemprego e nunha importante diminución das taxas de ocupación por conta allea. Concretamente, o desemprego incrementouse un 22,6%, a salarización diminuíu máis do 10% e a taxa de traballadores autónomos incrementouse en 11 puntos porcentuais. Dado que a salarización da poboación xitana española estaba arredor do 50%, case 30 puntos por debaixo da media nacional, a fenda na estrutura de ocupación incrementouse considerablemente co conxunto da poboación española.

Así como no 2007 a poboación xitana en Galicia en situación de desemprego non pasaba do 10%, cos datos procedentes da intervención no emprego dispoñibles a día de hoxe pódese aventurar un forte crecemento do volume de poboación xitana nesta situación. Ademais, no que respecta a outros cambios producidos na estrutura ocupacional da poboación xitana nestes últimos anos, cabe predicir un importante avance das situacións da economía informal

e da ocupación en actividades económicas de carácter familiar, así como un retroceso importante na inserción no mercado de traballo por conta allea.

No último estudo realizado -con anterioridade á crise-, os datos de ocupación da poboación xitana de Galicia presentan trazos similares aos da poboación xitana española, aínda que son máis diverxentes respecto da media da poboación xeral. En 2007 o 44,9% dedicábase a colaborar na actividade familiar, o 26,9% eran autónomos/as, e só un 19% traballaban por conta allea. Naquel momento observábase unha diferenza de case un 30% na taxa de salarización entre a poboación xitana de Galicia e a do conxunto da poboación xitana española. Esta diferenza era compensada sobre todo coas axudas ou colaboracións na actividade económica familiar, que neste contexto, revelan a existencia do subemprego: “*Unha parte importante dos traballos habitualmente desenvolvidos por parte da comunidade xitana aínda se desenvolven fóra do modelo da relación salarial estándar imperante aínda no mercado e caracterízanse, en moitas ocasións, por constituir actividades tradicionais, de subocupación ou subemprego, que na meirande parte dos casos non posibilitan nin a cobertura de expectativas nin a de necesidades*”<sup>33</sup>.

Tendo en conta o anterior, para a normalización da situación laboral da poboación xitana de Galicia sería oportuno -igual que no caso das situacións de educación e de vivenda- establecer un primeiro marco de converxencia cos estándares de vida da poboación xitana española, para logo tratar de avanzar de cara á plena normalización no emprego.

Esta formulación precisa de tres elementos fundamentais: frear o avance do desemprego e o deterioro da calidade no emprego da poboación xitana; reforzar os procesos de formación e de cualificación da poboación xitana, especialmente das persoas desempregadas; e dotar de maiores niveis de competitividade e de normalización ocupacional ás actividades económicas desenvolvidas pola poboación xitana, especialmente ás realizadas no ámbito familiar. Ademais é necesario loitar contra a discriminación que afecta a máis da metade da poboación xitana que procura un emprego. Resulta especialmente relevante o esforzo por abordar as problemáticas específicas dos “mercadillos” e da recollida e tratamento de residuos.

### Aspectos clave da intervención

Como se desprende do anterior, a Estratexia deberá traballar a igualdade no emprego da poboación xitana en Galicia respecto de dous obxectivos de equiparación: cos valores

---

<sup>33</sup> *“Diagnóstico social de la comunidad gitana en España. Un análisis contrastado de la Encuesta del CIS a hogares de población gitana 2007”*. Informes, estudios e investigaciones 2011. Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

rexistrados para o total da poboación galega, e respecto daqueles para o total da poboación xitana en España, que constituiría un obxectivo intermedio.

A integración social sen a inclusión laboral resulta difícil de alcanzar, ao constituír a vía ordinaria para o desenvolvemento dun proxecto de vida autónomo e atender ás necesidades persoais e familiares básicas.

Por este motivo, promoverase unha mellora da cualificación profesional das persoas xitanas cun dobre obxectivo: o de garantir a viabilidade do traballo por conta propia que están a desenvolver; e de aumentar as súas posibilidades de inserción no mercado laboral por conta allea.

Para escapar do desemprego, a precariedade e a dependencia das axudas sociais, as persoas xitanas (igual que o resto da poboación) deben contar coa debida cualificación. O que significa estar en condicións de acreditar a experiencia profesional e as competencias clave, pois a súa ausencia conduce a unha situación de exclusión. Sen ditas competencias non se pode acceder á formación.

Todo isto leva a necesidade de preparar ás persoas xitanas que non remataron os estudos primarios para a superación das probas das competencias clave, incluíndo este obxectivo nos itinerarios de inclusión. Para que a formación dea os resultados esperados, as competencias a realizar, ademais, deben estar relacionadas coa experiencia laboral de quen acceden a estas e cos viveiros e oportunidades de emprego da contorna. O desenvolvemento de medidas como as de orientar a formación cara á adquisición das competencias clave e aos certificados de profesionalidade desde o nivel 1, mellorarán a empregabilidade das persoas xitanas dun xeito efectivo. Estes procesos de capacitación e formación, en especial, deben destinarse ás persoas novas, por ser o grupo que experimenta as taxas máis altas de desemprego.

Xunto co traballo por conta allea, é preciso apoiar o traballo por conta propia, tendo en consideración a forte cultura emprendedora da poboación xitana. Nesta liña convén impulsar a profesionalización de determinadas actividades -tales como a venda ambulante e a recollida de residuos sólidos- e aumentar a súa viabilidade de negocio, así como a súa normalización e dignificación nos casos de economía somerxida.

### **Obxectivos específicos e medidas**

#### **A. Aumentar a empregabilidade das persoas xitanas a través dunha estratexia de cualificación que combine recursos para a formación e a certificación de competencias persoais e laborais**

- Desenvolver itinerarios con obxectivos de inserción laboral que comprendan desde accións formativas adaptadas para a adquisición de habilidades sociais e de

carácter prelaboral, ata módulos de acompañamento e tutorización no acceso ao mercado de traballo por conta allea e propia

- Preparar ás persoas xitanas que non remataron os estudos primarios para a superación das probas das competencias clave, para que poidan acceder á formación en igualdade de condicións cos que posúen ditos estudos
- Realizar unha oferta de actividades formativo-laborais relacionada coas actividades económicas que desenvolve a poboación xitana, e adaptada ás súas características socioculturais. A oferta incluirá accións vinculadas á mellora da empregabilidade, como a obtención do permiso de conducir
- Promover a información sobre medidas dirixidas á obtención de títulos e de certificados de profesionalidade que acrediten oficialmente as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou por vías non formais de formación
- Apoiar medidas de acceso das persoas xitanas ao emprego protexido, especialmente das mulleres

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<p><i>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p><i>ConSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li> </ul> <p><i>Corporacións locais</i></p> <p><i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i></p>
---------------------------	---

## B. Mellorar o acceso da poboación xitana ao mercado de traballo e as súas condicións laborais

- Reforzar os procesos de inserción laboral con accións de intermediación que detecten oportunidades laborais e formativas no contorno laboral para a poboación xitana e acompañamento á persoa na busca de emprego
- Fomentar accións formativas dirixidas á creación de emprego autónomo e asesoramento para o cumprimento dos requisitos legais e/ou fiscais, con especial atención á venda ambulante e recollida de residuos sólidos
- Promover accións formativas para a reconversión da actividade laboral, atendendo ás novas proxeccións do mercado, nas actividades de medio aberto onde a poboación xitana ten experiencia
- Fomentar a aprendizaxe permanente e o desenvolvemento de capacidades e a acreditación de competencias que faciliten a promoción profesional en empregos por conta allea

- Impulsar medidas de conciliación da vida familiar e laboral acordes co principio de igualdade de xénero

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<p><i>Consellería de Política Social</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p><i>Consellería de Economía, Emprego e Industria</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li> </ul> <p><i>Corporacións locais</i></p> <p><i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i></p>
---------------------------	---

### C. Mellorar as condicións de traballo da poboación xitana ocupada

- Promover accións dirixidas a reducir o número de persoas e familias que viven en economía somerxida e incrementar o número de persoas de alta na Seguridade Social, especialmente as que realizan actividades relacionadas co chatarreo e a venda ambulante
- Fomentar a calidade no emprego das mulleres xitanas
- Reducir o número de persoas que traballan axudando na actividade económica familiar e o seu peso sobre o total da comunidade xitana en Galicia
- Impulsar medidas que faciliten a profesionalización e mantemento das actividades de autoemprego da poboación xitana, para aumentar a viabilidade da súa actividade económica

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<p><i>Consellería de Política Social</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p><i>Consellería de Economía, Emprego e Industria</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li> </ul> <p><i>Corporacións locais</i></p> <p><i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i></p>
---------------------------	---

### D. Promover a igualdade de oportunidades e a loita contra a discriminación no ámbito laboral

- Realizar accións para a visibilización de experiencias de emprego da muller xitana
- Desenvolver accións de sensibilización e mediación co empresariado

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<p><i>Consellería de Política Social</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul> <p><i>Consellería de Economía, Emprego e Industria</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li> </ul> <p><i>Corporacións locais</i></p> <p><i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i></p>
---------------------------	---

## E. Incrementar o coñecemento sobre a situación laboral da comunidade xitana en Galicia

- Realizar unha análise prospectiva para desenvolver unha intermediación eficaz a curto, medio e longo prazo coas persoas xitanas que buscan emprego
- Actualizar a información dispoñible sobre o emprego na poboación xitana de Galicia
- Introducir aspectos sobre a situación ocupacional das persoas xitanas procedentes doutros países da Unión Europea (Portugal, Romanía, etc.)

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Política Social</i> <ul style="list-style-type: none"><li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li></ul> <i>Consellería de Economía, Emprego e Industria</i> <ul style="list-style-type: none"><li>• Secretaría Xeral de Emprego</li><li>• Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</li></ul>
---------------------------	--

### 4.5. SERVIZOS SOCIAIS

#### Obxectivos estratéxicos de referencia

- ✓ Ofertar un **marco integrado** orientado ao desenvolvemento de intervencións co mesmo enfoque e promover, dentro deste, a **coordinación e traballo en rede** entre os distintos niveis da Administración Pública e as entidades que representan ou orientan a súa actividade á poboación xitana, nomeadamente as de iniciativa social
- ✓ **Equiparar o estándar de acceso** por parte da poboación xitana aos servizos, bens e recursos dos diferentes sistemas (educativo, sanitario, de emprego, vivenda e servizos sociais) co da poboación total, fomentando o seu coñecemento e uso axeitado
- ✓ Promover a igualdade e desenvolvemento da **muller xitana**, mediante accións positivas que compensen a desigualdade real de oportunidades
- ✓ Aumentar o coñecemento e **actualizar a información dispoñible** sobre a situación da poboación xitana en Galicia, permitindo, así, mellorar as ferramentas de diagnose e a calidade do deseño de políticas e medidas dirixidas á intervención con este colectivo

#### Cuestións diagnósticas

As premisas que serviron como punto de partida para trazar as prioridades sobre Servizos sociais no anterior Plan Integral do Pobo Xitano seguen estando vixentes a día hoxe,

considerando que a información de carácter diagnóstico más recente sobre a comunidade xitana en Galicia data do ano 2007. As ditas premisas son:

- As situacions de pobreza e de exclusión social que sofre a comunidade xitana continúan a ser más agudas que as do conxunto de persoas consideradas como pobres. Padecen unha maior acumulación de problemas sociais. A discriminación é un factor que agudiza eses problemas, o que o converte nun importante mecanismo de reforzo da exclusión social.
- A Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) e os restantes mecanismos de protección social e de inclusión social aos que foi accedendo a comunidade xitana fóreronse convertendo en elementos de vinculación non só cos servizos sociais, senón tamén na porta de entrada ao exercicio da cidadanía. Sen embargo, os elementos de dependencia e de cronificación que leva emparellada esta vinculación supoñen unha pexa importante no propio exercicio da cidadanía que cómpre superar.
- Para iso, é necesario acompañar as prestacións económicas con proxectos de inserción sociolaboral que permitan rachar co círculo da pobreza, a exclusión e a discriminación.

Ademais hai que reflexionar sobre a constante excepcionalidade no tratamento das cuestiós que afectan ás familias xitanas por parte dos servizos de menores. Dita situación debe ser afondada desde o punto de vista do diagnóstico, e abordada desde a óptica da mediación intercultural e da normalización.

Por último, hai que destacar que a poboación xitana de orixe romanés está afectada, en xeral, por maiores aspectos de privación e de discriminación que a de orixe nacional ou portugués. A evolución da poboación romanesa converteuna xa na terceira nacionalidade estranxeira en Galicia, polo que a magnitud do reto que supón para os servizos sociais esta nova afluencia de poboación xitana merece un maior coñecemento para dispoñer de elementos que permitan un tratamento más axeitado das súas problemáticas.

### Aspectos clave da intervención

Hai 25 anos a vinculación das persoas xitanas cos servizos sociais non existía ou era moi débil. Na actualidade a situación é ben diferente, pois saben e teñen experimentado como os servizos sociais son a porta de entrada ao sistema de protección, o cal é un gran paso. A vinculación da percepción da RISGA ao cumprimento de determinados compromisos, como a escolarización dos/as menores, axudou a alcanzar unha maior normalización en determinados ámbitos, quedando sen embargo un longo camiño por recorrer.

Neste ámbito, en primeiro lugar, é preciso prestar unha atención específica ás persoas menores desvinculada da percepción de RISGA, e condicionada tanto ao coidado deses/as menores como á realización de accións formativas e laborais. Así mesmo, cando hai un/unha menor en situación de desamparo e -como sucede con calquera persoa menor xitana ou non xitana- asígnase á familia extensa, hai que garantir que, polo seu interese, non acabe convivindo con aqueles dos que se lles separou con carácter excepcional (casos de falta de alimentos, maltrato...). Outra cuestión a abordar é a problemática derivada do uso compartido de vivendas por parte de varias unidades familiares dentro dunha familia extensa. E impulsar programas de mediación cultural e de carácter intercultural na intervención social coa comunidade xitana, evitando as intervencións segregadoras.

En segundo lugar, dende o sistema de servizos sociais é preciso mellorar a coordinación entre os distintos departamentos que traballan coa poboación xitana, co fin de facilitar e promover a súa integración en todos os ámbitos. Contando, ademais, coa colaboración do terceiro sector na posta en práctica de accións de acollida, orientación e acompañamiento de carácter complementario que reforcen os seus procesos de integración.

A través destes obxectivos búscase evitar a reproducción xeracional de pobreza, desenvolvendo programas de apoio, os cales demostraron ser más eficaces que os de simple carácter prestacional pola pasividade que levan aparellada.

## Obxectivos específicos e medidas

### A. Promover a normalización das condicións de vida das persoas xitanas

- Reforzar as metodoloxías de intervención coa poboación xitana con escasos recursos, vinculando dun xeito eficaz as axudas de necesidade social con itinerarios que integren accións con obxectivos de inserción social e laboral
- Fomentar medidas que favorezan a integración socioeducativa e a mellora da calidade de vida dos/as menores de familias en situación de precariedade, co fin de reducir a pobreza infantil
- Evitar a reproducción xeracional da pobreza, apoiando o desenvolvemento de metodoloxías de intervención integral a nivel individual e familiar, así como accións con enfoque comunitario dirixidas a atender, previr a marxinación e promover a inclusión social da poboación xitana
- Potenciar a igualdade de oportunidades e o empoderamento das mulleres xitanas en todos os programas con carácter transversal
-

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Política Social</i>
	• <i>Dirección Xeral de Inclusión Social</i>
	• <i>CGSIB/AGSS</i>

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Corporacións locais</i>
	<i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i>

## B. Mellorar a coordinación entre os distintos axentes públicos e privados que traballan coa poboación xitana

- Establecer mecanismos de coordinación eficaces entre os servizos sociais e os servizos de emprego, educación, vivenda e saúde
- Garantir a actuación conxunta do Sistema público de Servizos Sociais e o Servizo Público de Emprego no traballo con obxectivos de inserción laboral da poboación xitana que percibe a RISGA
- Crear unha rede de coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados que traballan con menores xitanos/as, favorecendo a atención do menor no seu medio familiar e social e dando prioridade á acción preventiva
- Establecer un procedemento de identificación de boas prácticas en materia de intervención coa comunidade xitana e promover a súa difusión

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Política Social</i>
	• <i>Dirección Xeral de Inclusión Social</i>
	• <i>CGSIB/AGSS</i>

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Consellería de Economía, Emprego e Industria</i>
	• <i>Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral</i>

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Corporacións locais</i>
	<i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i>

## C. Apoiar o labor do terceiro sector no desenvolvemento de actuacións dirixidas á inclusión social das persoas xitanas

- Promover o traballo coordinado e conxunto entre o sistema público de servizos sociais e as entidades de iniciativa social no desenvolvemento de accións de acollida, orientación, acompañamento e acceso das persoas xitanas aos distintos servizos
- Apoiar ao Terceiro sector na promoción da integración social e laboral da comunidade xitana, tanto en iniciativas específicas como naquelas abertas a toda a poboación, que desenvolven programas nos que participan persoas xitanas
- Fomentar a realización de accións de mediación intercultural en ámbitos clave de desenvolvemento da poboación xitana, así como a capacitación de persoas xitanas nestas accións, en colaboración coas entidades de iniciativa social especializadas

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<p><i>ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Inclusión Social</li> <li>• CGSIB/AGSS</li> </ul>
	<p><i>Corporacións locais</i></p> <p><i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i></p>

#### 4.6. PARTICIPACIÓN E IMAXE SOCIAIS

##### Obxectivos estratéxicos de referencia

- ✓ Apoiar o desenvolvemento dos **dereitos fundamentais** das persoas xitanas e equiparar o seu estándar de **acceso aos servizos, bens e recursos dos diferentes sistemas** (educativo, sanitario, de emprego, vivenda e servizos sociais) co da poboación total, fomentando o seu coñecemento e uso axeitado
- ✓ Promover a igualdade e desenvolvemento da **muller xitana**, mediante accións positivas que compensen a desigualdade real de oportunidades
- ✓ Aumentar o coñecemento e **actualizar a información dispoñible** sobre a situación da poboación xitana en Galicia, permitindo, así, mellorar as ferramentas de diagnose e a calidade do deseño de políticas e medidas dirixidas á intervención con este colectivo
- ✓ Garantir a efectiva **igualdade de oportunidades** para o pleno exercicio da súa cidadanía e participación social

##### Cuestións diagnósticas

Aínda que non se dispón de información exhaustiva sobre a dinámica cultural e sobre a participación social da comunidade xitana, algúns datos apuntan a certos cambios importantes que merecen atención.

O evanxelismo continúa sendo o principal fenómeno vertebrador da cultura xitana en Galicia, como elemento de identidade e de socialización, máis alá da súa dimensión específicamente relixiosa. O seu principal valor está na capacidade de crear cohesión social. O seu principal problema radica na existencia dunha segregación entre os cultos evanxélicos xitanos e os restantes cultos evanxélicos de Galicia, o que reforza a segregación social noutros ámbitos.

Esa segregación tamén está presente nas asociacións de carácter xeral, nas que persiste unha “escasa presenza da poboación xitana nas organizacións e ámbitos de participación ordinarios,

*é dicir, en espazos asociativos comúns coa sociedade maioritaria, como as ANPA, os sindicatos e partidos, e o movemento veciñal”<sup>34</sup>.*

En contraste co período anterior, o asociacionismo xitano non parece estar nun momento expansivo. A maioría das asociacións existentes continúan tendo un marcado carácter local e cun escaso compoñente intercultural. Por unha banda, algunas realidades asociativas de máis ampla cobertura territorial foron perdendo forza. Nalgúns casos, existe un desaxuste entre a actividade desenvolvida polo movemento asociativo e a información que figura nos rexistros administrativos, como o Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Certo que tamén na sociedade civil apareceron nos últimos anos múltiples fenómenos de liderado informal, algúns dos cales derivaron en procesos de participación en entidades asociativas constituídas formalmente e outros se diluíron. É de esperar que as formas de participación emergentes na comunidade xitana deriven en procesos de formalización que permitan constatar avances na articulación da participación social da comunidade xitana.

### **Aspectos clave da intervención**

A participación das persoas e dos grupos nos distintos ámbitos na sociedade -dende o social e cultural, ao político- é un indicador de gran relevancia para coñecer o seu nivel de integración. A maior participación, maior integración e viceversa. Tamén facilita pistas sobre a discriminación, directa ou indirecta, que poden sufrir.

Como se sinalou no apartado anterior, as organizacións da sociedade civil nas que as persoas xitanas teñen unha más alta participación son as relixiosas e as asociacións xitanas. Pola contra, a súa participación en asociacións culturais e deportivas, asociacións dveciñas, sindicatos, partidos políticos e ONGs de carácter xeral, abertas a toda a poboación, está moi por debaixo da porcentaxe de participación da poboación xeral.

A escasa participación da comunidade xitana na sociedade, ademais de reflectir unha situación de exclusión social, supón unha perda ou empobrecemento da sociedade galega, por canto se ve privada das súas achegas. Para corrixir ambas eivas, a Xunta de Galicia promoverá e apoiará a participación das persoas xitanas en todos os ámbitos da sociedade, centrando a súa intervención en cinco aspectos.

En primeiro lugar, facilitando que calquera grupo ou asociación xitana establecido na comunidade autónoma poida expresar a súa opinión, punto de vista, recomendación, proposta

---

<sup>34</sup> Xunta de Galicia (2008) *Documento do II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013*. Anexo III: Plan integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano en Galicia. Páxina 18

ou demanda sobre calquera asunto que lle afecte. Só contando coa participación de todos, sen excluír a ningúen, poderase acertar para atopar a solución que resulte máis axeitada en cada caso.

En segundo lugar, apoando as asociacións xitanas que promovan a cultura, o deporte, o lecer, o aumento da calidade de vida, a integración sociolaboral e a participación da comunidade xitana na sociedade galega; pois dita participación só será efectiva, e duradeira, na medida que sexa protagonizada polas propias persoas xitanas.

Ao mesmo tempo, impulsarase a plena participación da poboación xitana, e de xeito especial de mulleres e xente nova, na vida comunitaria das localidades en que residen e na sociedade en xeral, a través de asociacións de carácter intercultural.

No que atinxer á imaxe social da comunidade xitana, proxectaránse experiencias positivas de inserción laboral, normalidade educativa, convivencia veciñal, entre outras, co fin de que sexan visibilizadas polo resto da poboación e sirvan de referentes proactivos para as persoas xitanas.

Para a consecución da igualdade de trato, impulsarase un sistema de atención ás vítimas que utilice a mediación e, no suposto de que esta non sexa suficiente para a solución do conflito, o caso derivarase ao ámbito xudicial a través do *Consejo para la Promoción de la Igualdad de Trato y No discriminación de personas por Origen Racial o Étnico*.

## Obxectivos específicos e medidas

### A. Promover a participación cultural e apoiar fórmulas de acceso á participación das persoas xitanas na vida comunitaria das localidades en que residen e na sociedade en xeral

- Procurar a participación das persoas xitanas en asociacións que promovan en toda a súa actividade o enfoque intercultural, tales como entidades de carácter social, veciñal, ANPAS, etc.
- Apoiar o desenvolvemento de actividades dirixidas a aumentar o coñecemento da cultura xitana, na súa riqueza e pluralidade
- Promover a participación da poboación xitana máis nova en asociacións culturais, deportivas e de lecer, así como naquellos que desenvolvan accións de voluntariado e solidariedade comunitaria
- Fortalecer o asociacionismo das mulleres xitanas e apoiar a creación de espazos, físicos ou virtuais, de socialización dirixidos a aumentar o seu empoderamento

- Implicar ás asociacións formadas por persoas xitanas e aquelas nas que participan no deseño e desenvolvemento de políticas nas que a poboación xitana é destinataria, ben de xeito transversal ou específico

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Presidencia da Xunta de Galicia</i>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Secretaría Xeral para o Deporte</i></li> </ul>
	<i>Consellería de Política Social</i>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Dirección Xeral de Inclusión Social</i></li> <li>• <i>Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado</i></li> <li>• <i>CGSIB/AGSS</i></li> </ul>
	<i>Corporacións locais</i>
	<i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i>

## B. Fomentar a igualdade de trato e a imaxe social positiva da poboación xitana

- Difundir datos e experiencias de carácter social, económico ou educativo que fortalezan a imaxe positiva da comunidade xitana
- Promover un sistema de atención e apoio ás vítimas de discriminación que inclúa a mediación ou a derivación ao *Consejo de No Discriminación por Origen Racial o Étnico*, en colaboracion coas ONGs
- Impulsar accións de sensibilización que fagan visibles os cambios positivos na integración social das persoas xitana e os seus impactos positivos na cohesión social
- Identificar as prácticas discriminatorias existentes na sociedade galega para poder erradicá-las, incluíndo a discriminación no ámbito da vivenda e a discriminación da poboación xitana procedente do estranxeiro
- Recoñecer no calendario institucional da comunidade autónoma o día 8 de abril
- Promocionar unha imaxe positiva e non discriminatoria da comunidade xitana nos medios de comunicación

<b>AXENTES IMPLICADOS</b>	<i>Presidencia da Xunta de Galicia</i>
	<i>Consellería de Política Social</i>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Dirección Xeral de Inclusión Social</i></li> <li>• <i>CGSIB/AGSS</i></li> </ul>
	<i>Corporacións locais</i>
	<i>Entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais</i>

## 5. ASPECTOS TRANSVERSAIS

---

No deseño, estrutura e obxectivos da Estratexia de inclusión social da poboación xitana en Galicia 2014-2020 están presentes, configurando e orientando os distintos aspectos desta, os seguintes elementos transversais:

### Pobreza infantil

A persistencia dunha crise económica que xa dura máis dun lustro está a agravar as circunstancias persoais e familiares de quen se atopa nunha situación de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión social. As súas consecuencias, especialmente as producidas no mercado laboral, levaron á precariedade económica e puxeron en risco de exclusión social a numerosas persoas e familias que nunca antes precisaran de axuda de carácter social. Ademais, dificultaron e/ou están a dificultar os avances nos procesos de inclusión social de persoas vulnerables, e existe o risco de cronificación destas situacóns na poboación más afectada.

As taxas de pobreza afectan en maior medida aos fogares nos que viven menores, e de xeito especial aqueles nos que residen familias monoparentais<sup>35</sup> e familias numerosas<sup>36</sup>. O maior risco de pobreza afecta, por idades, en maior medida ás persoas menores de 24 anos<sup>37</sup>.

A poboación infantil xitana vese afectada en maior medida que a non xitana, dado o alto índice de vulnerabilidade desta minoría étnica, na que dous terzos atópase en situación de pobreza ou exclusión social. Segundo refire a Fundación Secretariado Gitano, “os menores están sufrindo este escenario de pobreza de forma moi significativa: deficiente alimentación, vestido e calzado inadecuado para a súa vida diaria, problemas de hixiene, absentismo e abandono escolar, etc.;algúns casos se están dando situacóns de mendicidade”<sup>38</sup>.

Para abordar esta situación, a Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia comprende intervencións con enfoque multidimensional dirixidas directa ou indirectamente á poboación infantil, pero orientadas en todo caso a acadar a mellora da súa calidade de vida. Así, inclúense prioridades nos ámbitos educativo -para a permanencia na

---

<sup>35</sup> O 47% destas familias con nenos/as a cargo atópase nunha situación de risco de pobreza. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias, 2012. [www.ige.eu](http://www.ige.eu)

<sup>36</sup> O 25% dos fogares compostos por dúas persoas adultas e douas ou máis nenos/as a cargo atópase en situación de risco de pobreza. Enquisa de Condicóns de Vida das Familias, 2012. [www.ige.eu](http://www.ige.eu)

<sup>37</sup> A taxa de risco de pobreza da poboación de 0 a 15 anos é dun 22% e para a poboación de 16 a 24 anos aumenta a un 23%

<sup>38</sup> FSG (2013) *Informe sobre el impacto de la crisis en la comunidad gitana*. Fundación Secretariado Gitano. Madrid, 2013.

escola e o éxito académico-, sanitario -para prevención e coidado da saúde-, vivenda e participación social, entre outros.

Investir na infancia, actuando sobre o conxunto de factores que causan a pobreza infantil, é a forma de romper o círculo de desvantaxes que ocasiona, e evitar a transmisión interxeracional da pobreza.

### **Enfoque da Inclusión Social Activa**

Nos seus obxectivos e prioridades, a Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia -ao igual que o fai a estratexia onde se enmarca- incorpora os tres elementos que configuran a Inclusión Social Activa: un nivel de ingresos mínimos vinculados á activación, acceso a un mercado laboral inclusivo e acceso a uns servizos sociais, educativos, sanitarios e da vivenda que sexan de calidade.

A Inclusión Social Activa, por outra banda, está presente na configuración dos recursos de apoio -tanto de carácter monetario, como de carácter técnico- do Sistema público de Servizos Sociais, nomeadamente os de inclusión social, comprendidos na Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia.

Mantendo este enfoque, incorpora obxectivos e medidas que atenden necesidades específicas da poboación xitana, que compensan as desigualdades que presenta e se orientan á súa normalización respecto da poboación total no acceso ao emprego e os servizos dos catro ámbitos referidos.

Ademais, para aumentar a calidade e o impacto das intervencións, é preciso contar cunha información suficiente, incluso exhaustiva, que sirva de diagnóstico sobre a que fundamentar o deseño e desenvolvemento das medidas que se promovan. Esta cuestión está presente transversalmente en todas as áreas con obxectivos formulados.

A Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia integra, tamén, en aras a mellorar o acceso e calidade do servizo, a necesidade de promover a coordinación de todos os axentes, públicos e privados, que ofrecen recursos e servizos dirixidos, de forma xeral ou específica, á comunidade xitana dende diferentes ópticas. Neste sentido, a experiencia do I e II Plan Galego de Inclusión Social e dos seus programas específicos, desenvolveu e consolidou fórmulas de colaboración en rede, pero aínda quedan áreas de mellora na coordinación interdepartamental. En tempos de escaseza de recursos como os actuais, evitar duplicidades e aproveitar as sinerxías dos diferentes axentes, é aínda máis necesario se cabe.

## **Perspectiva de xénero**

Se ben o documento estratéxico integra prioridades que buscan o desenvolvemento da comunidade xitana, dentro desta incide especialmente no desenvolvemento da muller xitana. As mulleres xitanas soportan unha maior discriminación e necesidades específicas que foron tidas en conta na formulación de medidas da estratexia.

A estratexia inclúe o empoderamento da muller xitana como un dos obxectivos transversais. Así, no ámbito educativo e formativo-laboral apoianse accións para a permanencia na escola co obxectivo de aumentar o nivel educativo; e no ámbito da vivenda atenderanse as necesidades de emancipación da muller xitana. Así mesmo, contémplase o desenvolvemento de accións específicas de promoción da saúde da muller xitana; e, en relación co emprego, accións de loita contra a discriminación no ámbito laboral e mellorar a calidade do seu emprego. No que respecta á participación social, a estratexia prevé o seu empoderamento a través do apoio do seu asociacionismo.

## **Elementos innovadores**

O *Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano de Galicia 2007-2013* estableceu de xeito moi acertado prioridades estratéxicas e obxectivos a longo prazo. Se ben o contexto socioeconómico ten variado nos anos de vixencia deste Plan, existen desigualdades na situación da poboación xitana que aínda persisten e sobre as que a intervención segue sendo necesaria. Neste sentido, a Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2014-2020 mantén a innovación que xa presentaba o Plan do anterior marco programático.

Os elementos innovadores que se introducen neste período de planificación veñen da man de novas fórmulas de combinación de recursos, como as dirixidas á mellora da cualificación profesional e ao aumento dos niveis educativos da poboación xitana; a adaptación de recursos para compensar desigualdades, especialmente as de tipo sanitario, e o establecemento de criterios prioritarios en recursos de carácter xeral, como os de vivenda.

## **6. METODOLOXÍA**

---

Acabar o obxectivo xeral da Estratexia require da mobilización, o traballo conxunto e a cooperación entre as diferentes administracións e as entidades de iniciativa social que están a desenvolver actuacións a favor da integración social e laboral da comunidade xitana, tratando de optimizar os recursos.

A dita cooperación levarase a cabo en dous planos diferentes. Por unha banda, traballaranse os obxectivos da Estratexia no **plano interdepartamental**, coas consellerías da Xunta de Galicia que realizan actuacións que de xeito directo ou indirecto inciden na inclusión social da poboación xitana. Pola outra, desenvolveranse actuacións, programas e servizos de carácter específico, que constitúen dispositivos propios da Estratexia, promovidos pola consellería con competencias en materia de inclusión social.

Coa finalidade de operativizar as prioridades establecidas na Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, no primeiro plano realizaranse reunións bilaterais e multilaterais entre a consellería con competencias en materia de inclusión social e os outros departamentos administrativos da Xunta de Galicia, especialmente con aqueles que teñan atribuídas as competencias en materia de educación, sanidade e vivenda. Estas reunións desenvolveranse con tres finalidades: analizar os aspectos relacionados coa coordinación da multiplicidade de recursos que dispoñen estes departamentos na clave do obxectivo xeral da Estratexia; posibilitar espazos para intercambiar información e experiencia relacionada co obxecto da intervención; e realizar tarefas de seguimento e avaliación continua da Estratexia. As reunións terán un carácter periódico. Principalmente realizaranse ao inicio do desenvolvemento da Estratexia, e con carácter intermedio co obxecto de corrixir os desaxustes que se produzan e adaptar os mecanismos de coordinación ás necesidades cambiantes de cada momento.

No segundo plano, relativo aos **dispositivos propios da Estratexia**, o departamento administrativo da Xunta de Galicia con competencias en inclusión social, apoiará o traballo das corporacións locais e das entidades de iniciativa social.

De acordo ao anterior, fomentarase, a través de convocatorias públicas de axuda financeira, o desenvolvemento de programas promovidos polas **corporacións locais** que faciliten a integración das persoas xitanas nos considerados ámbitos clave: Educación, Saúde, Vivenda e Emprego, ademais de accións para promover a súa inserción social, a súa participación na sociedade e a igualdade de trato. O contido e finalidade das intervencións obxecto das axudas estarán en consonancia coas medidas previstas no apartado quinto do documento da Estratexia. Esta vía de desenvolvemento da Estratexia contará cun financiamento conxunto da Xunta Galicia e a Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo. Poderá, ademais, contar co apoio financeiro do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad<sup>39</sup>.

De igual xeito, a fórmula de apoio ás **entidades de iniciativa social** será tamén a través de convocatorias públicas de axuda, nas que se subvencionarán accións e programas para a inserción social das persoas xitanas e accións que, dirixidas de xeito xeral a persoas en

---

<sup>39</sup> No marco do Plan de Desenvolvemento Xitano

situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social, participen persoas desta minoría étnica, todas elas na clave das prioridades e obxectivos definidos nesta Estratexia. De forma complementaria, e sempre co mesmo obxectivo, a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades de iniciativa social especializadas.

Ao igual que a Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, os seus dispositivos específicos, como estes orientados ás entidades de iniciativa social, enmarcaranse no Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.

En ambos planos estableceranse reunións de traballo no inicio e períodos intermedios da Estratexia coa corporacións locais, as asociacións e as entidades de iniciativa social que estean a traballar coa comunidade xitana, co fin de realizar un axeitado rexistro e seguimento dos datos das diferentes actuacións e programas e axustar os mecanismos de coordinación.

## 7. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

---

O seguimento do desenvolvemento da Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2014-2020 realizarase a través dun Comité de seguimento que se reunirá con carácter anual durante o seu período de vixencia.

O Comité de seguimento da Estratexia estará formado por persoal técnico da Dirección Xeral de Inclusión Social, persoal dos concellos participantes no seu desenvolvemento e as entidades de iniciativa social que desenvolván programas específicos dirixidos á poboación xitana no ano de referencia.

As reunións do Comité de seguimento terán unha dobre finalidade: por unha banda, daranse a coñecer os datos agregados de realización de actividade no marco da Estratexia durante o exercicio anterior; e, pola outra, crearase un espazo de intercambio de experiencias e información cualitativa que permita formular, no seu caso, novos axustes nas medidas previstas no documento inicial considerados necesarios para acadar os obxectivos marcados.

O persoal técnico da consellería con competencias en materia de inclusión social elaborará unha primeira parte do informe de seguimento que enviará, tanto aos organismos e entidades representadas no Comité de seguimento, como ás restantes consellerías implicadas no desenvolvemento da Estratexia. A primeira parte do documento incluirá información sobre as principais accións desenvolvidas e sobre os valores dos indicadores de realización e resultado formulados sobre as medidas comprendidas no seu deseño.

Os indicadores de realización e resultado que se medirán con carácter anual son os seguintes:

### Educación

1	Número de nenos/as xitanos matriculados/as en Educación Infantil (menos de 6 anos)
2	Número de nenos/as xitanos matriculados/as en educación primaria (entre 6 e 12 anos)
3	Número de nenos/as xitanos matriculados/as en educación secundaria (entre 12 e 16 anos)
4	Número de menores participantes xitanos/as en accións para o éxito escolar
5	Número de participantes xitanos/as en actividades formativas relacionadas coas TICs
6	Número de programas para a atención á diversidade levados a cabo nos centros educativos de Galicia

### Vivenda

7	Número de persoas que participan en itinerarios de inserción sociolaboral que inclúen actuacións relacionadas co acceso á vivenda
8	Número de persoas que participan en itinerarios de inserción sociolaboral que inclúen actuacións relacionadas co mantemento á vivenda

### Saúde

9	Número de persoas xitanas en itinerarios con accións sociosanitarias
10	Número de persoas xitanas que residen en infravivenda participantes en itinerarios con accións sociosanitarias
11	Número de participantes xitanos/as en actividades formativas/ informativas relacionadas coa saúde levadas a cabo, desagregados por sexo
12	Número de accións de atención á diversidade dirixidas a profesionais sanitarios desenvolvidas
13	Número de accións informativas/ formativas para prevención de accidentes e primeiros auxilios

### Emprego

14	Persoas xitanas en itinerarios de inserción laboral
15	Persoas xitanas en itinerarios de autoemprego
16	Persoas xitanas participantes en accións de preparación de exames de competencias clave
17	Persoas xitanas en itinerarios que inclúen a tramitación de certificados de profesionalidade

### Servizos Sociais

18	Número de entidades de iniciativa social que desenvolveron programas de inclusión social dirixidos, principalmente, á poboación xitana
19	Número de concellos que desenvolveron programas de intervención coa poboación xitana
20	Número de persoas menores de 18 anos <sup>40</sup> en itinerarios con obxectivos de formación e educación
21	Número de persoas xitanas en itinerarios de inserción sociolaboral

<sup>40</sup> Ou idade máxima permitida para cursar os programas de Formación Profesional Básica

Para a obtención da información requerida para dispoñer dos valores destes indicadores, a Dirección Xeral de Inclusión Social contará co apoio doutros centros directivos da Xunta de Galicia, así como das corporacións locais e as entidades de iniciativa social implicadas no desenvolvemento da Estratexia.

Como resultado da reunión do Comité de Seguimiento da Estratexia Sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, o documento final de informe de seguimiento incluirá un apartado de conclusións que comprenderá, de ser o caso, novas suxestións e os axustes precisos.

Ademais do seguimento anual, a Dirección Xeral de Inclusión Social realizará un informe final tras o desenvolvemento da Estratexia. Este informe incluirá a avaliación do impacto, para a que se prevé a utilización dos seguintes indicadores:

### Educación

1	Número de persoas xitanas con Estudos Primarios finalizados desagregado por sexo
2	Número de persoas xitanas menores de 18 anos que abandona os estudos sen completar a Escolarización secundaria básica
3	Número de persoas xitanas con Estudos Secundarios finalizados desagregado por sexo
4	Número de persoas xitanas con estudos superiores (universitarios, ciclos formativos de grao superior)
5	% de poboación analfabeta xitana desagregado por sexo
6	Número de persoas xitanas menores de 16 anos que abandona de xeito prematuro a etapa de escolarización obrigatoria
7	Existencia de estudo/s sobre a situación da poboación xitana no ámbito educativo

### Vivenda

8	Número de familias que acceden a vivenda normalizada tras participar en programas de realoxo e vivenda transitoria
9	Existencia dun mapa de vivendas de poboación xitana en Galicia con datos posteriores a 2007
10	Existencia de informe sobre chabolismo e infravivenda con datos posteriores a 2007

### Saúde

11	Estudos sobre a situación sanitaria da poboación xitana en Galicia levados a cabo
----	---

### Emprego

12	Porcentaxe de poboación xitana dedicada a axuda na actividade económica familiar
13	Persoas xitanas en itinerarios que obteñen un contrato laboral, melloran a súa cualificación mediante o acceso a formación, ou superan as probas das competencias clave
14	Existencia de estudos sobre o emprego na poboación xitana de Galicia
15	Taxa de emprego da poboación xitana
16	Taxa de proporción da poboación xitana ocupada en actividades por conta alrea
17	Proporción de profesionais e traballadores autónomos xitanos que cotizan á Seguridade Social
18	Proporción de poboación xitana que adica a súa colaboración na economía familiar

## Servizos Sociais

- |    |   |
|----|---|
| 19 | Taxa de pobreza infantil da poboación xitana                                      |
| 20 | Número de persoas mozas emancipadas que non solicitan axudas de necesidade social |

## Participación e imaxe sociais

- |    |   |
|----|---|
| 21 | Número de asociacións xitanas (ou pro-xitanas) que participan en accións formativas sobre xestión de entidades non-lucrativas |
| 22 | Número de entidades xitanas (ou pro-xitanas) que desenvolven estratexias de transparencia na rendición de contas              |
| 23 | Número de entidades xitanas (ou pro-xitanas) que renovan os seus órganos de goberno   |
| 24 | Número de persoas xitanas que participan en entidades de carácter social, vecinal ou en ANPAS                                 |
| 25 | Número de mulleres e persoas xoves xitanas que participan en formación para o liderado social                                 |

A relación de indicadores de impacto está suxeita a modificacións, en función das posibilidades dos diferentes rexistros, estudos ou recontos para obter a información e da Dirección Xeral de Inclusión Social para dispoñer dela. De todos xeitos, en moitos casos os indicadores de impacto terán como valores iniciais dos valores de impacto os do Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano en Galicia 2007-2013.

## 8. BIBLIOGRAFÍA

(1) [COM (2010) 133 final] Comunicación da Comisión ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións sobre a *Integración social e económica das persoas xitanas en Europa*

(2) [COM (2011) 173 final] Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións *Un marco europeo de estratexias nacionais de inclusión dos xitanos ata 2020*

(3) [COM (2012) 226 final] Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións *As estratexias nacionais de integración dos xitanos: un primeiro paso para a aplicación do marco da UE*

(4) Comunicación (2013) 454 final, sobre os *Progresos na aplicación das estratexias nacionais para a inclusión dos xitanos*

(5) [COM (2013) 460 final] Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións *Proposta de Recomendación do Consello relativa á adopción de medidas eficaces de integración dos xitanos dos Estados membros*

(6) Consello Europeo de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumo (EPSSCO)

(7) *Diagnóstico social de la comunidad gitana en España. Un análisis contrastado de la Encuesta del CIS a hogares de población gitana 2007*. Informes, estudos e investigaciones 2011. Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad

(8) Enquisa de Condicóns de Vida das Familias, 2012

(9) Estratexia integral contra o racismo, a discriminación racial, a xenofobia e outras formas conexas de intolerancia en España (2011)

- (10) *Estratexia nacional para a inclusión da poboación xitana en España (2012-2020)*. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad
- (11) *Informe de situación, 2007. O chabolismo en Galicia*. Xunta de Galicia. Santiago, 2008
- (12) *Informe sobre el impacto de la crisis en la comunidad gitana*. Fundación Secretariado Gitano. Madrid, 2013
- (13) *Informe sobre la situación social y tendencias de cambio en la población gitana. Una primera aproximación*. Laparra, M. (coord.) (2007). Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Madrid, 2011
- (14) *Mapa sobre vivienda y comunidad gitana en España 2006-07*. D'ALEPH/Fundación Secretariado Gitano (2008). Fundación Secretariado Gitano. Madrid, 2008
- (15) *Plan Integral para a convivencia e o desenvolvemento social do pobo xitano de Galicia 2007-2013*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2008
- (16) Plataforma Europea para a inclusión das persoas xitanas
- (17) Programa Nacional de Reformas de España 2013. Ministerio de Economía y Competitividad
- (18) Proxecto de ditame COR Estratexias para a integración dos xitanos [ECOS-V-048, 104º Pleno de 2013]
- (19) Recomendación 7 CSR 7.1.1
- (20) Red Europea para la Inclusión Social de la Población Gitana en el Marco de los Fondos Estructurales (EUroma)

*Enlaces web:*

<http://eur-lex.europa.eu/> EUR-Lex (1-5)

<http://www.hablamosdeeuropa.es/> (6)

<http://www.mssi.gob.es/> Ministerio de Sanidad, Servizos Sociales e Igualdad (7, 9, 10, 13, 14)

[www.ige.eu](http://www.ige.eu) Instituto Galego de Estatística (8)

<http://www.gitanos.org/> Fundación Secretariado Gitano (11, 12, 16)

<http://politicasocial.xunta.gal/web/portal/> (15)

<http://www.mineco.gob.es/> Ministerio de Economía y Competitividad (17,19)

<http://cor.europa.eu/> Comité de las Regiones (18)

<http://www.euromanet.eu/> EUroma (20)

## 11.2. INDICADORES MACRO DA ESTRATEXIA DE INCLUSIÓN SOCIAL DE GALICIA 2014-2020

### RELACIONADOS COA GARANTÍA DE INGRESOS

#### AROPE. Taxa de risco de pobreza ou exclusión social

Porcentaxe

	2008	2009	2010	2011	2012
<b>Galicia</b>				22	23,6
<b>España</b>	24,5	26,7	27,7	28,2	27,3
<b>Unión Europea 28</b>		23,7	24,3	24,8	24,5

#### AROPE. Taxa de risco de pobreza

Porcentaxe

	2008	2009	2010	2011	2012
<b>Galicia</b>	13,9	14,3	14,3	15,7	16,4
<b>España</b>	20,1	21,4	22,2	22,2	20,4
<b>Unión Europea 28</b>	16,4	16,4	16,9	16,9	17,1

#### AROPE. Taxa de risco de pobreza ou exclusión social por sexo e idade

Porcentaxe

	Home	Muller	Total
<b>Menos de 16 anos</b>	27,31	27,39	27,35
<b>De 16 a 24 anos</b>	31,29	32,11	31,69
<b>De 25 a 49 anos</b>	23,85	24,44	24,14
<b>De 50 a 64 anos</b>	26,01	27,22	26,63
<b>De 65 ou más anos</b>	13,73	15,92	15
<b>Total</b>	23,39	23,76	23,58

#### AROPE. Taxa de pobreza e exclusión social por tamaño de municipio

	2011	2012
<b>Menos de 10.000 habitantes</b>	23,74	24,49
<b>Entre 10.000 e 20.000 habitantes</b>	22,85	28,9
<b>Entre 20.000 e 50.000 habitantes</b>	23,9	23,07
<b>Máis de 50.000 habitantes</b>	19,38	20,39
<b>Total</b>	22,05	23,58

#### AROPE. Taxa de pobreza ou exclusión social por nacionalidade

	2011	2012
<b>Española</b>	21,13	22,53
<b>Estranxeira</b>	51,53	60,05
<b>Total</b>	22,05	23,58

#### AROPE. Taxa de risco de pobreza ou exclusión social por áreas

Porcentaxe

	2011	2012
<b>Galicia</b>	22,05	23,58
<b>15 A Coruña</b>	21,49	21,49
151 A Coruña suroriental	23,18	21,33
152 Ferrol-Eume-Ortegal	23,9	19,77
153 Área da Costa da Morte	28,3	28,27
154 A Barbanza-Noia	19,34	28,53
155 Área da Coruña	21,38	19,14
156 Área de Santiago	14,74	19,91
<b>27 Lugo</b>	18,12	20,41
271 Lugo sur	19,79	32,49
272 Lugo oriental	16,15	16,53
273 Lugo central	15,8	18,52
274 A Mariña	23,65	18,57
<b>32 Ourense</b>	21,11	24,55
321 O Carballiño-O Ribeiro	26,83	29,88
322 Ourense central	18,12	25,44
323 Ourense sur	24,45	24,59
324 Área de Ourense	18,31	22,52
<b>36 Pontevedra</b>	24,43	26,86
361 Pontevedra nororiental	13,47	20,53
362 Pontevedra sur	39,6	33,12
363 Caldas-O Salnés	29,29	30,33
364 O Morrazo	23,04	30,08
365 Área de Pontevedra	21,85	25,11
366 Área de Vigo	21,69	24,97

#### AROPE. Taxa de risco de pobreza ou exclusión social por tipoloxía do fogar

Porcentaxe

	2011	2012
<b>Unipersonal</b>	29,09	28,83
<b>Sen núcleo</b>	28,84	28,63
<b>Parella con fillos</b>	20,88	22,31
<b>Parella sen fillos</b>	17,73	16,6
<b>Monoparental</b>	35,97	40,46
<b>Un núcleo e outros</b>	17,71	22,91
<b>Varios núcleos</b>	19,83	23,04
<b>Total</b>	22,05	23,58

### AROPE. Taxa de risco de pobreza ou exclusión social segundo o fogar teña ou non nenos/as a cargo

Porcentaxe

	2011	2012
<b>Fogares con nenos/as a cargo</b>	23,15	26,31
<b>Unha persoa adulta con nenos/as a cargo</b>	48,31	56,32
<b>Dúas persoas adultas con nenos/as a cargo</b>	21,97	25,17
<b>Dúas persoas adultas con un neno/a a cargo</b>	17,32	21,27
<b>Dúas persoas adultas con dous ou máis nenos/as a cargo</b>	26,11	28,6
<b>Tres ou máis persoas adultas con nenos/as a cargo</b>	21,55	24,01
<b>Fogares sen nenos/as a cargo</b>	21,1	21,12
<b>Unha persoa adulta sen nenos a cargo</b>	29,09	28,83
<b>Dúas persoas adultas sen nenos/as a cargo</b>	20,87	20,4
<b>Tres ou máis persoas adultas sen nenos/as a cargo</b>	18,19	19,05
<b>Total</b>	22,05	23,58

### Limiares de pobreza relativa

Porcentaxe

	2008	2009	2010	2011	2012
<b>Fogar composto por unha persoa</b>	609,48	605,02	603,02	597,2	588,89
<b>Fogar composto por dúas persoas adultas</b>	914,22	907,53	904,53	895,8	883,34
<b>Fogar composto por dúas persoas adultas e dúas menores</b>	1.266,53	1.279,91	1.270,34	1.254,12	1.236,67

### Taxas de risco de pobreza relativa e pobreza severa

Porcentaxe

	2008	2009	2010	2011	2012
<b>Taxa de risco de pobreza relativa</b>	13,88	14,32	14,28	14,73	16,45
<b>Taxa de risco de pobreza severa</b>	3,64	3,72	4,26	4,60	6,02

### Fogares con carencia material

Número

	2011	2012
<b>Galicia</b>	504.984	516.812
<b>A Coruña</b>	214.520	226.957
<b>Lugo</b>	53.069	45.463
<b>Ourense</b>	52.030	49.691
<b>Pontevedra</b>	185.364	194.701

### Fogares con carencia material severa

Número

	2011	2012
<b>Galicia</b>	182.544	185.085
<b>A Coruña</b>	93.665	78.017
<b>Lugo</b>	17.754	19.102
<b>Ourense</b>	15.703	20.497
<b>Pontevedra</b>	55.422	67.469

### Distribución da Renda S80/S20

	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	4,02	4,13	4,16	4,21	4,47
A Coruña	4,02	4,14	4,22	4,22	4,53
Lugo	4,17	4,11	3,91	3,93	4,27
Ourense	4,18	4,34	3,98	3,93	4,39
Pontevedra	3,79	4,03	4,16	4,35	4,39

### Fenda de pobreza

	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	19,51	19,27	22,4	22,13	24,74
A Coruña	17,96	20,3	18,88	21,86	25,61
Lugo	16,68	22,87	22,87	17,76	27,83
Ourense	23,43	21,54	22,61	23,16	23,74
Pontevedra	19,51	17,36	22,64	22,59	23,8

### Taxa de risco de pobreza infantil (menos de 16 anos)

	2008	2009	2010	2011	2012
Home	15,6	19,4	18,6	21,2	22,0
Muller	14,8	17,7	18,8	20,4	22,4
Total	15,2	18,6	18,7	20,8	22,2

## RELACIONADOS CO ACCESO AO MERCADO DE TRABALLO

### Pessoas de 0 a 59 anos que viven en fogares con baixa intensidade de traballo (menor do 20%)

Porcentaxe

	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	6,99	8,41	9,65	10,85	13,80
A Coruña	6,94	7,59	8,84	9,72	12,17
Lugo	6,11	6,69	7,62	7,55	14,95
Ourense	10,09	12,66	9,96	12,21	15,03
Pontevedra	6,40	9,47	11,14	12,79	14,95

### Nenos/as (0-17 anos) que viven en fogares sen persoas ocupadas

Porcentaxe

	2009	2010	2011	2012	2013
Nenos/as (0-17 anos)	7,5	8,2	9,6	12,2	10,8

### Pessoas adultas (18-59 anos) que viven en fogares sen persoas ocupadas

Porcentaxe

	2009	2010	2011	2012	2013
Home	9,0	11,1	11,7	14,2	15,5
Muller	9,4	11,0	11,7	13,1	13,8
Total	9,2	11,1	11,7	13,7	14,7

### Cohesión rexional

Porcentaxe

	2009	2010	2011	2012	2013
Home	2,1	3,6	4,3	3,5	3,7
Muller	3,7	6,7	7,1	7,0	5,5
Total	2,6	5,0	5,6	5,0	4,2

### Taxa de ocupación

Porcentaxe

	Homes			Mulleres			Total		
	2011	2012	2013	2011	2012	2013	2011	2012	2013
De 16 a 19 anos	10,5	6,9	4,1	6,2	4,9	2,1	8,4	5,9	3,2
De 20 a 24 anos	37,7	31,9	27,7	32,1	30,2	27,0	35,0	31,1	27,4
De 25 a 29 anos	64,4	60,3	59,4	62,9	63,1	58,9	63,7	61,7	59,2
De 30 a 34 anos	75,0	71,8	70,8	67,8	66,2	65,8	71,4	69,0	68,3
De 35 a 39 anos	80,6	77,0	75,0	68,8	67,6	68,1	74,8	72,3	71,5
De 40 a 44 anos	80,7	77,1	76,6	66,0	66,4	66,2	73,3	71,7	71,4
De 45 a 49 anos	78,6	74,7	73,6	65,5	65,2	63,5	73,3	71,7	71,4
De 50 a 54 anos	76,6	70,0	67,3	61,4	58,7	58,4	71,9	69,9	68,5
De 55 a 59 anos	65,2	65,7	59,8	46,3	48,3	46,9	68,8	64,2	62,8
De 60 a 64 anos	37,1	38,0	38,1	34,1	32,2	30,2	55,5	56,8	53,1
Máis de 65 anos	2,1	2,3	2,3	1,5	1,6	1,3	35,5	35,0	34,0
Total	51,4	48,8	47,1	40,2	39,5	38,3	45,6	43,9	42,5

### Taxa de paro

Porcentaxe

	Homes			Mulleres			Total		
	2011	2012	2013	2011	2012	2013	2011	2012	2013
De 16 a 19 anos	46,8	52,8	61,3	50,9	60,3	72,7	48,3	56,1	66,0
De 20 a 24 anos	36,4	44,6	49,7	34,1	42,7	46,6	35,4	43,7	48,3
De 25 a 29 anos	25,4	31,7	32,0	25,8	26,9	29,5	25,6	29,3	30,8
De 30 a 34 anos	19,3	23,2	23,7	21,6	24,9	24,5	20,4	24,0	24,1
De 35 a 39 anos	14,3	17,8	19,9	17,6	19,6	20,7	15,8	18,6	20,3
De 40 a 44 anos	13,6	16,9	17,1	16,1	17,4	20,0	14,8	17,1	18,5
De 45 a 49 anos	11,9	16,2	17,2	15,5	16,0	18,4	13,6	16,1	17,8
De 50 a 54 anos	11,2	18,3	20,4	11,5	14,2	17,0	11,3	16,4	18,8
De 55 a 59 anos	10,6	13,6	17,4	13,8	13,7	15,1	12,0	13,6	16,4
De 60 a 64 anos	11,4	14,1	16,6	7,7	11,5	13,1	9,6	12,9	15,0
Máis de 65 anos	1,5	2,6	1,5	2,0	4,1	1,1	1,7	3,4	1,3
Total	16,6	20,9	22,2	18,3	20,4	21,9	17,4	20,7	22,1

#### Taxa de desemprego de longa duración

Porcentaxe

	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Home</b>	2,5	5,2	6,6	9,3	11,6
<b>Muller</b>	4,1	5,9	7,6	9,2	10,6
<b>Total</b>	3,3	5,5	7,1	9,2	11,1

#### Taxa de desemprego de moi longa duración

Porcentaxe

	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Home</b>	0,9	1,9	2,6	4,5	6,6
<b>Muller</b>	2,1	2,6	3,9	5,0	6,0
<b>Total</b>	1,4	2,2	3,2	4,7	6,3

### RELACIONADOS CON OUTROS ÁMBITOS CLAVE NA INCLUSIÓN SOCIAL

#### Taxa de abandono educativo temperán

Porcentaxe

	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Home</b>	31,9	27,6	25,3	26,8	24,9
<b>Muller</b>	19,5	17,7	15,3	18,5	15,1
<b>Total</b>	25,8	22,8	20,4	22,7	20,2

#### Pessoas con baixos niveis educativos

Porcentaxe

	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Homes</b>	53,2	52,5	50,4	50,4	50,9
<b>Mulleres</b>	51,4	50,0	47,9	46,8	46,6
<b>Total</b>	52,3	51,2	49,2	48,6	48,7

#### Esperanza de vida ao nacer

Porcentaxe

	2008	2009	2010	2011	2012
<b>Homes</b>	78,0	78,3	78,8	79,0	79,1
<b>Mulleres</b>	85,1	85,1	85,6	85,8	85,6
<b>Total</b>	81,6	81,7	82,2	82,4	82,4

#### Índice de envellecemento

Porcentaxe

	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Homes</b>	110,8	112,9	115,3	117,3	119,2
<b>Mulleres</b>	165,3	167,5	170,2	172,9	174,8
<b>Total</b>	137,3	139,4	141,9	144,2	146,1

### Índice de sobreenvellecemento

Porcentaxe

	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Homes</b>	10,4	10,7	11,0	11,4	11,8
<b>Mulleres</b>	16,7	17,2	17,5	17,9	18,3
<b>Total</b>	14,1	14,5	14,8	15,2	15,6

### Índice de sobre dependencia global

Porcentaxe

	2009	2010	2011	2012	2013
<b>Homes</b>	45,2	46,0	47,1	48,1	49,0
<b>Mulleres</b>	55,0	55,8	56,9	58,0	58,8
<b>Total</b>	50,1	50,9	52,0	53,1	53,9

### Estrutura de poboación e idade media

Porcentaxe. 2013

	Homes	Mulleres	Total
<b>Porcentaxe de poboación menor de 20 anos</b>	16,9	14,8	15,8
<b>Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos</b>	63,0	59,3	61,1
<b>Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos</b>	20,1	25,9	23,1
<b>Idade media (a 1 de xaneiro)</b>	44,0	47,2	45,6

### Saldo vexetativo

Número

	2013
<b>Saldo vexetativo</b>	-10.560

### Pessoas que utilizaron o ordenador e internet nos tres últimos meses

Incidencia. 2013

	Ordenador			Internet		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
<b>De 5 a 14 anos</b>	86,72	87,30	87,01	74,88	76,08	75,46
<b>De 15 a 24 anos</b>	96,20	97,03	96,60	97,00	98,33	97,65
<b>De 25 a 34 anos</b>	87,55	90,39	88,95	90,41	91,58	90,99
<b>De 35 a 44 anos</b>	80,27	83,68	81,97	83,46	84,26	83,86
<b>De 45 a 54 anos</b>	62,74	60,82	61,76	62,97	60,49	61,70
<b>De 55 a 64 anos</b>	41,43	35,08	38,15	40,55	33,91	37,12
<b>De 65 ou máis anos</b>	11,67	6,19	8,49	11,33	6,12	8,31
<b>Total</b>	61,48	55,88	58,57	61,35	55,15	58,13

### 11.3. CADRO FINANCEIRO

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 integra as liñas más relevantes de acción dos diferentes departamentos do Goberno da Xunta de Galicia, aquelas que operan dun xeito sectorial ou parcial os obxectivos de loita contra a inclusión social. Estas liñas teñen a súa propia dotación orzamentaria non consignada neste documento de planificación. O seguinte cadro financeiro reflicte unicamente as liñas específicas de inclusión social e aquellas especificamente destinadas a colectivos en risco ou situación de exclusión social, xestionadas todas elas pola Consellería de Política Social, de acordo ás competencias establecidas no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

LIÑA	IMPORTE en €
Renda de Inclusión Social de Galicia	330.300.000
Axudas de Inclusión Social	31.500.000
Dispositivos de inclusión social da Administración autonómica	17.300.000
Programas específicos de inclusión social realizados polas corporacións locais	15.550.000
Programas específicos de inclusión social realizados polas entidades de iniciativa social prestadoras de Servizos Sociais	18.450.000
Investimentos para a adecuación dos centros de inclusión social	7.500.000
Accións específicas de inclusión social con menores	15.100.000
Programas e actividades de servizos sociais comunitarios realizados polas entidades de iniciativa social	15.350.000
Programa de apoio ás persoas sen fogar	3.000.000
Accións de investigación, sensibilización e dinamización	1.750.000
Programa de fomento da contratación de persoas en risco de exclusión	66.800.000
<b>TOTAL</b>	<b>522.600.000</b>

## 12. BIBLIOGRAFÍA

D'ALEPH; Fundación Secretariado Gitano. *Mapa sobre vivienda y comunidad gitana en España 2007.* Fundación Secretariado Gitano. Madrid, 2008

Comisión Europea. *Posición de los servicios de la Comisión sobre el desarrollo del Acuerdo de Asociación y de programas en España en el período 2014-2020* (Position paper)

Comunicación de la Comisión COM 2008/418 final - no publicada en el Diario Oficial. *Un compromiso renovado a favor de la Europa social: reforzar el método abierto de coordinación en el ámbito de protección social y la inclusión social*

Comunicación de la Comisión COM 2010/133 final sobre la *Integración social y económica de las personas gitanas en Europa*

Comunicación de la Comisión 2010/2020. *Europa 2020. Una estrategia para un crecimiento inteligente, sustentable e inclusivo*

Comunicación de la Comisión 2010/758 final. *Plataforma de lucha contra la pobreza y la exclusión social: un marco europeo para la cohesión social y territorial*

Comunicación de la Comisión COM 2011/173 final *Un marco europeo de estrategias nacionales de inclusión de los gitanos hasta 2020*

Comunicación da Comisión COM 2012/226 final *Las estrategias nacionales de integración de los gitanos: un primer paso para la aplicación del marco de la UE*

Comunicación de la Comisión COM 2013/83 final *Hacia una inversión social para el crecimiento y la cohesión, incluida la ejecución del Fondo Social Europeo 2014-2020*

Comunicación de la Comisión COM 2013/454 final *Progresos en la aplicación de las estrategias nacionales para la inclusión de los gitanos*

Consejo General del Poder Judicial. *Estadística sobre los efectos de la crisis en los órganos judiciales 2007-2014*

*Dictamen del Comité Económico y Social Europeo sobre la Comunicación de la Comisión COM 2013/83 final Hacia una inversión social para el crecimiento y la cohesión, incluida la ejecución del Fondo Social Europeo 2014-2020*

EAPN. *Dossier de pobreza de EAPN España. 2014*

Fundación Secretariado Gitano. *Informe sobre el impacto de la crisis en la comunidad gitana.* Madrid, 2013

Fundación Secretariado Gitano. *Mapa sobre Vivenda y Comunidad gitana, 2007. Conclusiones, recomendaciones y propuestas.* Números 47-48

Gobierno de España. *Programa de Estabilidad y Convergencia del Reino de España 2013-2016*

Gobierno de España. *Programa Nacional de Reformas de España (PNR) 2013*

- Instituto Galego de Estatística. *Enquisa de Poboación Activa*. 2014. En [www.ine.es](http://www.ine.es)
- Instituto Galego de Estatística. *Enquisa de Condicións de Vida das Familias*. 2012. En [www.ige.eu](http://www.ige.eu)
- Instituto Galego de Estatística. Indicadores de cohesión social. 2012. En [www.ige.eu](http://www.ige.eu)
- Instituto Nacional de Estadística. *Padrón municipal de habitantes*. 2013. En [www.ine.es](http://www.ine.es)
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia*
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia*
- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero*
- Ministerio de Fomento. *Plan Estatal de Fomento del Alquiler de Viviendas, la Rehabilitación Edificatoria y la Regeneración y Renovación Urbanas, 2013-2016* (Plan de Vivienda)
- Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. *Acuerdo de asociación de España 2014-2020 con la Unión Europea*
- Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad. *Diagnóstico social de la comunidad gitana en España. Un análisis contrastado de la Encuesta del CIS a hogares de población gitana 2007*. Informes, estudios e investigaciones 2011
- Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. *Estrategia Nacional para la inclusión social de la población gitana (2012-2020)*. 2ª ed. Madrid: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. Centro de Publicaciones, 2014
- Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. *Plan de Acción de la Estrategia Española sobre Discapacidad para el período 2013-2020*
- Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. *Plan Nacional de Acción para a Inclusión Social 2013-2016*
- Ministerio de Trabajo e Inmigración. *Estrategia integral contra el racismo, la discriminación racial, la xenofobia y otras formas conexas de intolerancia en España*. Madrid: Subdirección General de Información Administrativa y Publicaciones, 2011
- Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Laparra, M. (coord.) (2007). *Informe sobre la situación social y tendencias de cambio en la población gitana. Una primera aproximación*. Madrid, 2011
- Plataforma Europea para a Integración da poboación xitana. *Dez principios básicos comúns para a inclusión da poboación xitana*
- Proyecto de dictamen COR ECOS-V-048, 104º Pleno de 2013, *Estrategias para la integración de los gitanos*
- Recomendación de la Comisión 2008/867/CE sobre la *inclusión activa de las personas excluidas del mercado laboral*

Recomendación de la Comisión 2013/112/UE *Invertir en la infancia: romper el ciclo de las desventajas*

Recomendación del Consejo COM 2013/359 final relativa al Programa Nacional de Reformas de 2013 de España y por la que se emite un dictamen del Consejo sobre el Programa de Estabilidad de España para 2012-2016

Recomendación del Consejo COM 2013/460 final relativa a la adopción de medidas eficaces de integración de los gitanos en los Estados miembros

Reglamento (UE) nº 1303/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo por el que se establecen disposiciones comunes relativas al FEDER, al FSE, al Fondo de Cohesión, al Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural y al Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca, y por el que se establecen disposiciones generales relativas al FEDER, al FSE, al Fondo de Cohesión y al Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca, y se deroga el Reglamento (CE) nº 1083/2006 del Consejo

Xunta de Galicia. Axenda Dixital de Galicia horizonte 2020

Xunta de Galicia. *Censo de persoas con discapacidade de Galicia*

Xunta de Galicia. *Diagnóstico de situación socioeconómica e territorial de Galicia. 2013*

Xunta de Galicia. *Estratexia de apoio para as familias numerosas de Galicia 2013-2016 horizonte 2020*

Xunta de Galicia. *Informe de situación, 2007. O chabolismo en Galicia.* Santiago de Compostela, 2008

Xunta de Galicia. *Plan de Dinamización Demográfica de Galicia. 2013*

Xunta de Galicia. *Plan de trastornos aditivos de Galicia 2011-2016*

Xunta de Galicia. *Plan especial para a convivencia e a integración do pobo xitano en Galicia 2007-2013.*

Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral do Benestar. Santiago de Compostela, 2009

Xunta de Galicia. *II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013.* Xunta de Galicia. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Secretaría Xeral do Benestar. Santiago de Compostela, 2009

Xunta de Galicia. *III Plan Galego de acción voluntaria 2011-2014*

Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Igualdade). *VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015*

Xunta de Galicia. *Programa de Realoxo de Afectados por Execucións Hipotecarias*

Xunta de Galicia. *Programa Operativo do Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020*

Xunta de Galicia. *Proxecto DART- INTERREG IVC* ([www.dart-project.eu](http://www.dart-project.eu))

Xunta de Galicia. *Proxecto Symbios* ([www.proyectosymbios.eu](http://www.proyectosymbios.eu))





UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
*"O FSE inviste no teu futuro"*



XUNTA  
DE GALICIA